Especialidade:

Promoción turística local e información ao visitante

2014 – febreiro 2015

Autores:
Especialidade Promoción turística local e información ao visitante Obradoiro de emprego Ecotur Santiago
agosto 2014 – febreiro 2015

Mestre:
Liduvina Campoamor Sánchez

Estudantes/traballadoras:
Laura Castro Romero
Mª Carmen Couselo Fernandez
Mª Pilar Estévez Rodriguez
Paula Froján Sande
Beatriz Insua Gómez
Lupe Muñiz Chao
Elvira Turnes Rios

Fotografía:
Estudantes de segundo curso da especialidade de fotografía da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo

Impresión:
Gráficas Garabal

Deseño e maquetación:
Alberto G. Reino

Agradecementos pola súa colaboración técnica:
Consultora Claudia del Pino Martinez
AAVV Tee Travel
Turismo de Santiago
Oficina do Peregrino
Oficina Información Turística Xunta de Galicia en Santiago de Compostela
CETUR
Museo do Pobo Galego
Museo das Peregrinacións / Consorcio de Santiago

Agradecementos pola súa contribución ao coñecemento da parroquia:
Veciños e veciñas da parroquia de Villestro que desinteresadamente colaboraron co obradoiro de emprego Ecotur Santiago
Párroco Igrexa Santa Maria de Villestro
Asociación de veciños A Unión da parroquia de Villestro
Sociedad deportiva Villestro SDC Villestro
Asociación cultural "Colectivo A Rula"
CEIP de Roxos, Villestro
Club ciclismo "Os Andadios" de Villestro
Club ciclismo Utreia
Hotel-Restaurante O Asador de Roxos
Café-Bar Os Arcos
Restaurante As Mimosas
Hotel-Restaurante O Desvío
Mesón Parrillada Alto do Vento
Centro sociocultural Villestro

Especialidade:

Promoción turística local e información ao visitante

agosto 2014 – febreiro 2015

Introdución 7

Análise territorial da parroquia Santa María de Villestro 11
Indicadores xeográficos: climáticos, paisaxísticos e ambientais. 13
- Situación e contextualización territorial do territorio obxecto de estudo 13

Aspectos socioeconómicos 22
- Estrutura e evolución demográfica da poboación de Santa María Villestro 22
- Mercado de traballo 24
- Infraestruturas básicas 26
- Rede de abastecemento de auga 28
- Rede de saneamento 28
- Rede de distribución de gas 30
- Rede de comunicación 30
- Rede eléctrica. 30

Equipamentos. 31
- Recollida de residuos sólidos urbanos 31
- Instalacións deportivas. 31
- Centros educativos 32
- Centros educativos 32
- Hospitais 33
- Polígonos industriais 35

Análise dos recursos turísticos da parroquia de Santa María de Villestro 37
Clasificación, cuantificación e distribución dos recursos turísticos. 39
- Recursos culturais 40
- Recursos naturais 51

Avaliación, xerarquización e posta en valor dos recursos. 53
- Recursos culturais 53
- Recursos naturais 56

Conclusións. Xerarquización e propostas para a posta en valor. 57
- Camiño de Fisterra-Muxía 57
- Petróglifos 58
- Recursos do medio físico. 58

Análise da situación actual do turismo na parroquia Santa María de Villestro **59**
Resultados das entrevistas aos actores dinámicos do territorio. 61
▪ Valoración sobre recursos e produtos turísticos 62
Análise da demanda turística. 65
▪ A demanda real do destino Galicia como rexión (anos 2011 – 2013). 65
▪ Demanda do Camiño de Santiago en Galicia 66
▪ A demanda de Santiago de Compostela
como destino cultural e de peregrinación (2013 – 2014) 67
▪ Perfil da demanda turística potencial da Parroquia Santa María de Villestro. 69
▪ Deseño do produto: Ruta cultural ecoturística "O noso Camiño". 69
Análise da infraestrutura turística. 73
▪ Oferta turística complementaria 73
▪ Metodoloxía para o análise da oferta básica e complementaria 73

O diagnóstico e o deseño das estratexias e accións turísticas
para a parroquia de Santa María de Villestro **79**
Análise DAFO do sistema turístico na parroquia de Santa María de Villestro. 81
Deseño das estratexias e propostas na creación de produtos. 85
▪ Obxectivos xerais 85
▪ As estratexias 85
▪ Posta en valor dos recursos 86
▪ Formación e fomento da cultura emprendedora 86
▪ Infraestrutura turística 86
▪ Accesibilidade e infraestruturas 87
▪ Promoción e comunicación 87
▪ Estratexias por produtos 88
▪ Produtos prioritarios 88
▪ Produtos secundarios 93

Conclusións **95**

Anexos **99**
Anexo 1. 101
Anexo 2. 103
Anexo 3. 105
Anexo 4. 109

Bibliografía **113**

Introdución

Este proxecto de dinamización turística da parroquia de Santa María de Villestro foi realizado no período agosto 2014 - febreiro 2015 pola especialidade de promoción turística local e información ao visitante do Obradoiro de Emprego Ecotur Santiago, cofinanciado pola Concellaría de Economía, a área de emprego do Concello de Santiago de Compostela, a Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo.

Con este traballo preténdese proporcionar un modelo didáctico para a aplicación práctica das competencias e dos coñecementos teóricos que se adquiren no certificado de profesionalidade nivel III.

Intentouse que as alumnas fosen capaces de aplicar:

- O coñecemento adquirido no manexo das bases teóricas e metodolóxicas para a catalogación, avaliación e xerarquización dos potenciais recursos turísticos do territorio.
- As técnicas de diagnóstico e as propostas de estratexias para o desenvolvemento turístico do espazo obxecto de estudo.
- As ferramentas da mercadotecnia mix para o deseño do portafolios de produtos proposto.

Xustificación do proxecto de dinamización turística na parroquia Santa María de Villestro

Dinamizar turisticamente un espazo é unha actividade complexa. Cando o desenvolvemento turístico se realiza de forma desordenada córrese o risco de hipotecar o futuro desta actividade, porque as prácticas non sostibles contribúen a destruír os verdadeiros atractivos ca industria vende (cultura, patrimonio local e ámbito natural).

"A experiencia mostra que sen reflexión e previsión de futuro, o crecemento espontáneo leva á aparición de actividades desvinculadas do medio, á súa localización desordenada, a un comportamento insolidario e insostible que a longo prazo provoca desequilibrios territoriais, ocupación e usos desordenados do solo, degradación ambiental e destrución dos recursos que sustentan en moitos casos esa actividade" (Calvo, J.L e outros, 2003).

De feito, a falta de planificación provocou que se malograsen moitos destinos, xa sexa en termos de fracaso económico ou de incidencia social, cultural e ambiental negativa.

Se ben é certo que as parroquias rurais de Santiago de Compostela e a súa bisbarra posúen importantes recursos naturais, históricos patrimoniais, etnográficos etc., que poden atraer fluxos de visitantes dende a propia área de Santiago, tanto de poboación local como dos seus visitantes, é necesario que exista un fío condutor que leve todas esas potencialidades a bo porto. É dicir, o desenvolvemento do turismo na área rural de Santiago non debe responder á espontaneidade do mercado, a iniciativas e estratexias dispersas, illadas e descoordinadas

que non sexan capaces de crear as sinerxías necesarias para que o turismo repercuta de xeito efectivo no desenvolvemento social e económico da poboación e do territorio rural. Cómpre reestruturar o modelo turístico para que o ámbito rural poida participar e aproveitarse do indiscutible posicionamento que ten a cidade de Santiago de Compostela como meta das peregrinacións.

A parroquia como marco para a dinamización turística

"A actividade turística é moito máis que atraer visitantes. Require profesionalidade, dinamismo, innovación e unha base social e territorial moi sólida" (Santos Solla, X.M. 2009). A parroquia representa a unidade territorial máis próxima ás comunidades locais. Que se organicen, que se conciencien e que se empoderen do seu patrimonio de forma activa é imprescindible para que poidan ser capaces de participar en todos os retos que se xeran nos procesos de cambio que provoca a dinamización turística. O uso turístico das masas forestais, dos camiños tradicionais, do patrimonio natural e arqueolóxico, non é posible sen a complicidade e o beneplácito dos seus habitantes. Por iso é moi necesario crear vínculos de participación efectivos entre a parroquia e os órganos de xestión turísticos para que se poidan pór en valor os recursos e xerar produtos turísticos capaces de cumprir as esixencias dun turismo responsable e sostible. Proxectos deste tipo axudan significativamente ás comunidades locais a apreciar e potenciar o seu patrimonio en clave turística e achegan a folla de ruta para que o desenvolvemento turístico presente e futuro sexa realmente sostible, respectuoso co medio, culturalmente enriquecedor e economicamente viable.

Obxectivos do proxecto

O obxectivo xeral deste proxecto é favorecer o reequilibrio territorial turístico de toda a área de Santiago, facilitando a súa integración no destino a través da creación de produtos turísticos de marcado carácter experiencial, ecoturístico e singular que complementen, diversifiquen e fortalezan a oferta global de Compostela, posicionándoa como destino integral sostible na súa múltiple dimensión.

A organización do traballo estableceu os ***obxectivos específicos*** que a seguir se relacionan:

- Análise dos recursos do territorio (inventario, categorización e xerarquización).
- Nivel de calidade das infraestruturas, dos servizos turísticos e da calidade ambiental (coñecer o papel das administracións públicas).
- Análise e diagnóstico da demanda turística.
- Análise da infraestrutura turística.
- Propostas de desenvolvemento turístico a través da definición dos produtos turísticos segundo o grao de priorización.
- Propostas de estratexias e accións xerais e estratexias por produtos turísticos.

Metodoloxía e técnicas utilizadas

Unha vez definidos os obxectivos xerais e específicos, distinguíronse catro fases:

1. ***Diagnóstico territorial***: análise do medio físico, poboación, sectores produtivos e infraestruturas.
2. ***Inventariado e avaliación*** dos principais recursos turísticos
3. ***Diagnóstico da situación actual do turismo***, sistematizando a devandita información a través dun proceso de participación cos principais axentes socioeconómicos.
4. ***Diagnóstico do sistema turístico*** a través dunha análise DAFO. Selección e formalización de estratexias e actuacións prioritarias.

Para cada unha das fases aplicamos metodoloxías diferentes en función do tipo de información que fomos precisando:

Fase 1: O diagnóstico territorial realizouse apoiándonos no propio Plan xeral de ordenación muncipal (PXOM) de Santiago de Compostela e nos estudos sobre Santiago e a súa bisbarra. A base estatística foi actualizada cos últimos datos publicados polo IGE e polo INE.

Fase 2: Nesta fase levouse a cabo por un lado a cuantificación e distribución dos recursos e por outro a súa avaliación e xerarquización, que permitiu a súa catalogación en recursos básicos e complementarios segundo o grao de funcionalidade ou utilidade. A sistematización da información baseouse en completar unha "ficha de recursos turísticos", na que se introduciron todos os recursos naturais, histórico-patrimoniais, arqueolóxicos etnográficos etc., susceptibles de convertérense en recursos turísticos da parroquia, a súa descrición e catalogación, así como unha valoración de cada un en canto ao estado de conservación, titularidade e posibilidade de explotación turística tendo en conta os produtos turísticos que cómpre potenciar no territorio.

Fase 3: Nesta fase, a metodoloxía empregada foi a aplicación de entrevistas aos actores sociais e económicos implicados no turismo. Esta metodoloxía da planificación participativa privilexia a análise cualitativa e aborda a identificación e a captación da información necesaria desde un enfoque estratéxico, xa que buscabamos diagnosticar a situación actual do turismo no territorio e consensuar as estratexias e accións propostas coa sociedade local, quen, por unha parte, podía achegar unha información cualitativa de primeira orde e, por outra parte, conceder maiores garantías na aplicación posterior da proposta. Os diversos cuestionarios tipo que se deseñaron e aplicaron foron:

- Entrevistas en profundidade aos representantes das principais asociacións da parroquia (veciñal, deportiva, cultural, clero).
- Enquisa de percepción e valoración do turismo á poboación local (só deseño).
- Enquisa de demanda (test de produto).
- Enquisa de percepción da oferta (aloxamento e restauración).

Fase 4: Para deseñar as estratexias e accións propostas centrámonos en sistematizar a información e as opinións recollidas e así analizar todos os problemas considerados importantes e as accións propostas para a súa resolución.

Ao longo do traballo realizouse unha análise de contidos das fontes secundarias para a elaboración de todo o proxecto. Estas fontes podemos clasificalas dentro de diferentes grupos, ben sexa polo seu contido ou polo seu formato.

1. ***Fontes estatísticas***: Analizáronse datos relativos ao turismo fornecidos por organismos estatísticos oficiais como son o IGE (Instituto Galego de Estatística), o INE (Instituto Nacional de Estatística) e do IET (Instituto de Estudos Turísticos) onde contan con estatísticas propias do tema turístico.
2. ***Fontes documentais***: Fontes bibliográficas tales como libros, artigos en revistas especializadas, artigos en Internet etc.
3. ***Lexislación / documentación oficial***: normativa sobre turismo da Comunidade Autónoma e do Estado Español. Analizáronse todos aqueles documentos que fan referencia a calquera tema tratado no proxecto aínda que sexa de forma transversal, sobre todo no ámbito galego.
4. ***Páxinas web:*** Utilizáronse numerosas páxinas web, en xeral de organismos públicos.
5. ***Base cartográfica:*** Deseño SIG-PAC a partir de datos proporcionados polo estudo.
6. ***Ferramentas informáticas:*** Para a análise estatística das enquisas utilizamos follas de cálculo de Excel que nos permitiron procesar dispoñer de forma gráfica con relativa facilidade os resultados das enquisas aplicadas.

Capítulo 1

Análise territorial da parroquia Santa María de Villestro

Indicadores xeográficos: climáticos, paisaxísticos e ambientais.

Situación e contextualización territorial do territorio obxecto de estudo

A comarca de Compostela, situada na provincia da Coruña, é unha área funcional e singular, dentro da cal se atopa a **parroquia de Villestro** obxecto deste estudo, representativa das terras baixas orientais de Galicia. Atópase na conca media dos ríos Ulla e Tambre, a medio camiño entre as terras altas ou penechairas occidentais do interior de Galicia e as zonas litorais da boca da ría.

Figura 1: Poboación, superficie e densidade da comarca de Santiago

Concellos	Poboación	Superficie km²	Densidade hab/km²
Ames	29.975	80,00	375
Boqueixón	4.342	73,20	59
Brión	7.519	74,90	100
Santiago de compostela	**95.800**	**220,60**	434
Teo	18.254	79,30	230
Vedra	5.073	52,80	96
Val do dubra	4.120	108,70	38
Totais	165.083	689,50	239

Fonte: creación propia segundo datos do IGE.

Fonte: creación propia segundo datos do IGE.

O concello de Santiago de Compostela, dentro da comarca de Santiago, sitúase na transición das Rías Baixas ao Golfo Ártabro, limita ao norte cos termos municipais de Val do Dubra, Trazo e Oroso; ao leste cos do Pino e Boqueixón; ao sur cos de Vedra e Teo; e ao oeste co de Ames. Conta cunha superficie de 223 km² na que se asenta unha poboación de 95.800 habitantes –IGE 2014– cunha densidade de 435,45 habitantes/km², practicamente o dobre que o resto da comarca, distribuída entre as súas vinte e oito parroquias.

Mapa do Concello de Santiago de Compostela e os seus límites

Figura 2
Densidade poboacional das parroquias do Concello de Santiago de Compostela

Parroquias ano 2013	Poboación Total	Sup. km²	Pob. hab/km²
Santiago de Compostela	95800	220,39	434,68
Aríns (San Martiño)	1374	11,69	117,54
Bando (Santa Eulalia)	968	8,19	118,19
A Barciela (Santo André)	324	5,55	58,38
Busto (San Pedro)	228	6,55	34,81
O Carballal (San Xulián)	195	7,38	26,42
O Castiñeiriño (Nosa Señora de Fátima)	533	1,71	311,70
Cesar (Santa María)	147	6,71	21,91
Conxo (Santa María)	506	5,08	99,61
O Eixo (San Cristovo)	1014	3,63	279,34
A Enfesta (San Cristovo)	725	14,6	49,66
Fecha (San Xoán)	293	15,35	19,09
Santa Cristina de Fecha (Santa Cristina)	161	9,87	16,31
Figueiras (Santa María)	986	9,87	99,90
Grixoa (Santa María)	254	6,97	36,44
Laraño (San Martiño)	1180	3,87	304,91
Marantes (San Vicente)	399	6,49	61,48
Marrozos (Santa María)	1082	9,91	109,18
Nemenzo (Santa Cristina)	209	8,31	25,15
Sabugueira (San Paio)	997	8,85	112,66
Vidán (Divino Salvador)	34	1,22	27,87
San Caetano (Santiago)	940	12,83	73,27
San Paio (Santiago)	304	1,73	175,72
San Lázaro (Santiago)	202	5,14	39,30
Vista Alegre (San Xoán)	197	5,69	34,62
A Peregrina (Santa María)	549	8,85	62,03
Verdía (Santa Mariña)	307	5,9	52,03
Villestro (Santa María)	**1961**	**12,43**	**157,76**

Fonte: Elaboración propia segundo datos do IGE 2014.

Das 28 parroquias que ten o termo municipal de Santiago de Compostela, 8 están dentro do núcleo urbano de Santiago e 20 sitúanse en territorio rural.

Figura 3.1 Parroquias urbanas e rurais do Concello Santiago de Compostela

Tipo	Parroquia
Urbanas	Castiñeiriño
	Conxo
	San Caetano
	San Paio
	San Lázaro
	Santiago
	Vista Alegre
	Vidán
Rurais	A Barciela
	A Enfesta
	A Peregrina
	Aríns
	Bando
	Busto
	Cesar
	Figueiras
	Grixoa
	Laraño
	Marantes
	Marrozos
	Nemenzo
	O Carballal
	O Eixo
	Sabugueira
	San Xoan de Fecha
	Santa Cristina de Fecha
	Verdía
	Villestro

Fonte: Plan de Emerxencia Municipal de Santiago de Compostela 2014.

A parroquia de Santa María de Villestro sitúase no extremo occidental no termo municipal, na fronteira co concello de Ames, e limita a leste coas parroquias de Figueiras e Laraño. Ten unha densidade poboacional de 157,7 habitantes/km2 sendo unhas das parroquias rurais con maior densidade do concello.

Condicións e clasificación climática.

O clima non é un recurso turístico en si mesmo, pero si un factor localizador que pode mostrarse favorable a tal ou cal tipo de turismo, en tal ou cal momento do ano, nunhas condicións tecnolóxicas, económicas e culturais determinadas. É por iso que resulta oportuno non obviar as características do clima do espazo obxecto de planificación turística para, entre outras cousas, poder determinar cun máximo de precisión que tipo de produtos turísticos son os máis idóneos e que tipo de segmentos de mercado pode satisfacer, co fin de extraer o mellor proveito das súas vantaxes e minimizar os seus eventuais inconvenientes. Por outra parte, tanto o turista como o excursionista, para decidir a actividade turística que vaia realizar, adoita informarse sobre as condicións climáticas e meteorolóxicas que vai encontrar no destino turístico elixido.

Figura 3.2 Localización da estación meteorolóxica

Nome	Coord. xeográficas		Altitude	Nº de anos	
	Latitude	Lonxitude	(m)	T	P
Santiago de Compostela	42º 53' 17"	8º 24' 38"	370	9	5

Fonte: Elaboración propia a partir do INE

Na táboa que se mostra, especifícanse as coordenadas xeográficas (a latitude, con respecto ao norte, e a lonxitude, con respecto ao meridiano de Greenwich), a altitude, o número de anos observados e o tipo de estación correspondente á Lavacolla.

Para o establecemento dos datos climáticos deste territorio, recorreuse aos datos publicados como valores climáticos normais pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) para a zona Santiago de Compostela no período: 1981-2010 -Altitude (m): 370 Latitude: 42° 53' 17 '' N - Lonxitude: 8° 24' 38" O. Ademais tivéronse en conta os datos fornecidos polas estacións da rede de Meteogalicia de San Lázaro e Costas (Rois).

O clima da zona de Santiago de Compostela, e máis especificamente da parroquia de Villestro, queda definido polas estatísticas a longo prazo de distintos factores tales como temperatura, precipitacións, humidade, evapotranspiración potencial e balance hídrico.

A influencia mariña afecta a Santa María de Villestro xunto co val da Amaía, onde se reduce o número medio de días de choiva e se suavizan as temperaturas en relación ao resto da comarca compostelá. Por este motivo pode coñecerse a existencia dun microclima nesta pequena comarca natural.

A temperatura media anual de (Villestro) é de (12,50) °C, sendo (0,47) °C máis baixa que a temperatura media anual de España, que é 12,97 °C.

Nos meses máis cálidos a temperatura media é de 24,40 °C e nos meses máis fríos a temperatura media é de 3,70 °C.

Solos e hidrografía.

A comarca de Santiago de Compostela conta cunha ampla rede fluvial de máis de 230 km de ríos, con moitas ribeiras de gran valor natural como as dos ríos Tambre ou Sionlla, un valor xa recoñecido coa súa inclusión na Rede Natura, conxunto de espazos naturais de interese europeo. Pódese definir como a comarca dos ríos e os vales, debido á abundancia de cursos fluviais: o Ulla, o seu afluente o Sar e o río Tambre. Ríos de caudal xeneroso favorecidos polas abundantes precipitacións que caen nesta terra durante o outono e o inverno e que permiten o desenvolvemento dunha vexetación frondosa e sempre verde que caracteriza a paisaxe da comarca.

A cidade de Santiago está situada entre os ríos Sar e Sarela, e o termo municipal, con máis de 220 km cadrados de superficie, tamén se sitúa entre dúas grandes concas fluviais: a do Tambre, polo norte, e a do Ulla, río ao que alimentan as augas do Sar e do Santa Lucía, entre outros. A estes ríos hai que sumarlles outros moitos, tributarios dunha ou doutra conca, ríos ás veces pouco coñecidos para quen non vive nas súas proximidades, como por exemplo o río Gatofero, na parroquia da Grixoa, ***o río de Roxos que no límite con Ames desemboca no Sar***, ou o río do Porto que ao seu paso por San Lázaro verte as súas augas tamén no Sar etc.

Na parroquia de Villestro, na zona occidental do Concello de Santiago de Compostela, encóntrase o val de Roxos. Val alongado e estreito que se caracteriza por unha chaira na zona da veiga bastante ampla que é onde se concentran a maior parte das entidades de poboación. A súa altura máxima encóntrase no alto da Uceira de 352 metros.

Pódese dividir o val en diferentes zonas con distintos usos. Así, nos cumios o uso é principalmente forestal mentres que nas veigas que rodean ao val é basicamente agrario. No treito inferior encóntranse as terras de labor da concentración parceira e as zonas urbanas que se foron desenvolvendo ao lado da estrada de Santiago a Noia (CC-543).

Os ríos son arterias de vida e fontes de recursos, teñen función social, ambiental, cultural, turística, e económica.

Situación ambiental
Superficie sometida a protección medioambiental

Espazos naturais

A comarca de Compostela conta con dous espazos naturais posuidores dalgunha figura de protección ambiental: o sistema fluvial Ulla-Deza e o río Tambre.

O primeiro caso é un espazo incluído na Rede Natura 2000 como lugar de importancia comunitaria (LIC) e como zona de especial protección de valores naturais. Pertence á rexión bioclimática atlántica e caracterízase polos seus cursos fluviais con importantes poboacións piscícolas, entre os que destacan o salmón atlántico e a lamprea.

O segundo caso é o espazo do río Tambre, fonte de Santiago de Compostela, incluído tamén da Rede Natura 2000 desde 2001, que aparece catalogado como lugar de importancia comunitaria (LIC) e como zona de especial protección dos valores naturais da rexión biocli-

mática atlántica. O Tambre é un dos ríos máis caudalosos de Galicia e que conta cunha das maiores concas hidrográficas. As súas augas permiten abastecer a sede de habitantes e peregrinos da cidade de Santiago de Compostela.

Declarado como ZEC (zona de especial conservación), ao longo do seu curso sucédense formacións vexetais de grande interese como as carballeiras (bosques de carballo), os bosques de ribeira cos seus ameneiros e freixos característicos. Outras árbores que poderemos encontrar son loureiros, albedros, salgueiros e abeleiras. O río Tambre conta cunha gran riqueza faunística, onde a troita é a gran raíña, dotando estas augas dunha gran tradición pesqueira. Por outro lado, o ambiente húmido de ribeira propicia a presenza de anfibios como a ra patilonga ou a píntega mentres que seguindo o fluxo do río ata a súa desembocadura na ría de Muros–Noia, observamos un amplo abano de aves como gabiáns nos bosques, garzas e parrulos na desembocadura e multitude de paxariños nos bosques de ribeira. O gato bravo e o lobo destacan por parte dos mamíferos que conforman este ecosistema.

Calidade ambiental

Análise paisaxística. Delimitación das concas e áreas de interese paisaxístico

Segundo a auditoría ambiental da Axenda 21. Concello de Santiago de Compostela, 2001.

Desde o punto de vista paisaxístico é posible distinguir no termo municipal unha serie de unidades cun certo grao de homoxeneidade interna. Estas foron definidas na auditoría ambiental, realizada no marco da Axenda 21 local desenvolvida polo Concello, e establecidas atendendo a diversos factores ambientais e socioeconómicos (xeomorfoloxía e relevo; exposición, concas e microconcas visuais; cuberta vexetal e usos do solo; presenza de infraestruturas, etc).

Zona de especial protección dos valores naturais do río Tambre: cursos fluviais pertencentes á rexión bioclimática atlántica que inclúen diversos hábitats de interese comunitario.

Os ecosistemas fluviais composteláns presentan diferentes especies de flora e fauna raras ou ameazadas e as súas características físicas e biolóxicas son soporte de diversos hábitats naturais e especies cuxa conservación ten interese na comunidade. Estes acollen numerosas especies endémicas do noroeste, tanto de flora como de fauna, singularmente invertebrados, anfibios e réptiles. Identificación dos ríos e zonas húmidas que presentan valores ambientais non incluídos nos espazos naturais e no IHG: as concas do Tambre, o río Sar, as brañas do Sar, o **río Roxos.**

Entre as unidades paisaxísticas definidas atopamos o **val de Roxos**

Unidade paisaxística: Val de Roxos

Calidade da paisaxe: Media alta

Fraxilidade visual: Moi alta

Medidas de prevención e integración ambiental e paisaxística

Preservación integral do ***río de Roxos*** co establecemento do seu corredor ambiental. Protección da paisaxe do asentamento tradicional de ***Quintáns e do contorno do Camiño de Santiago***

a Fisterra no val do río de Roxos. A implantación deberá resolver a integración cos tecidos preexistentes, impedindo a formación de pantallas de edificación nas súas proximidades para preservar a súa conformación paisaxística. O contorno do Camiño de Santiago, na súa marxe dereita, ficará libre de edificacións que imposibiliten a contemplación do val.

Montes.

Os montes de Santiago teñen uns destacados valores non soamente pola súa condición de activos ambientais, contribución á conservación dos recursos naturais e da calidade ambiental, senón tamén derivados da súa elevada aptitude forestal e relevancia paisaxística. Os seus grandes valores patrimoniais convértenos nun recurso turístico de primeira orde no que a configuración e a calidade paisaxística do bosque está intimamente asociada. Os solos presentan unha elevada aptitude produtiva para diferentes usos forestais.

Presentan condicións óptimas a moi boas para piñeiros e eucaliptos, e elevada aptitude, nos solos profundos e de maior fertilidade, para castiñeiros e outras frondosas con maiores requirimentos edáficos. Os sistemas de montes do termo municipal foron incluídos no Catálogo de elementos naturais do Plan xeral vixente, xunto coas masas forestais de caducifolias máis significativas. Entre os que presentan notables valores ambientais e paisaxísticos ***recóllese Fraís na parroquia de Santa María de Villestro.***

As accións ou intervencións que poden orixinar afeccións aos seus valores ambientais e paisaxísticos relaciónanse a seguir:

- Alteración por execución de obras ou infraestruturas forestais.
- Eliminación masiva da cuberta vexetal (cortas a feito).
- Acendemento de lume e queimas.
- Modificación dos usos do solo.
- Alteracións da drenaxe e do sistema hídrico.
- Emisión de contaminantes, vertido de residuos e produción de ruídos.
- Suburbanización. Edificación espontánea e urbanización desordenada do territorio.
- Acampadas.
- Instalación de carteis de propaganda.

Son tamén salientables as paisaxes do sector meridional, os afluentes do río Sar, **Roxos** e Sarela, pola súa calidade e por presentar, nos seus vales, a fraxilidade visual máis elevada.

A sostibilidade do modelo de ordenación

Na adhesión municipal á Carta das cidades e vilas europeas cara á sostibilidade (Carta de Aalborg), o Concello de Santiago de Compostela estableceu entre as súas prioridades medioambientais proceder ao saneamento integral do municipio, e en particular do río Sar, recuperando os ríos para a cidade e os cidadáns; desenvolver un sistema de tratamento dos residuos ecocompatible; deseñar e executar actuacións en zonas verdes e espazos de interese natural, poñéndoos en valor como recurso turístico; e implantar políticas de aforro enerxético promovendo o uso de transportes públicos.

A Carta de Aalborg sinala que *a sostibilidade ambiental significa preservar o capital natural*.

Da diagnose da auditoría ambiental municipal xurdiron unha serie de propostas para o PAA -Plan de acción ambiental. Entre as de maior relevancia na ordenación do territorio están aquelas que dan continuidade aos procesos e regulacións xa encetados e desenvolvidos polo planeamento vixente orientados nesta liña. Entre as propostas póñense de relevo:

- Accións sobre os espazos naturais e as paisaxes de interese natural referentes á creación de figuras lexislativas de protección co obxectivo de preservalos e conservalos, así como á recuperación das marxes e ribeiras das bacías fluviais (preservación dos bosques de ribeira, creación de corredores verdes, parques fluviais etc.) principalmente sobre os ***ríos Sar***, Sarela...
- Protección e recuperación dos núcleos e do patrimonio rural, con especial mención aos camiños de Santiag***o. O val de Roxos atópase no camiño A Fisterra***
- Accións sobre o ciclo da auga, referidas ao abastecemento e saneamento integral a todo o municipio, ampliación da ***EDAR da Silvouta*** (na parroquia de Santa María de Villestro) e renovación dos colectores do Sar.

A limitada capacidade da EDAR da Silvouta obrígaa a verter directamente ao río, sen tratamento, a terceira parte das augas residuais que recibe, producindo a degradación do río Sar, como reflicten as análises químicas e biolóxicas das súas augas, pasada a depuradora. O insuficiente sistema de depuración, non adaptado ás últimas esixencias de calidade ambiental das augas emanadas das directivas europeas e das directrices expresadas polos organismos autonómicos segue a ser, polo tanto, unha das grandes carencias de Compostela. É necesario, xa que logo, abordar coa máxima urxencia as propostas elaboradas pola empresa concesionaria do servizo recollidas no Avance do PXOM.

Revisión do Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela. Sostibilidade, impacto territorial e paisaxístico.

Aspectos socioeconómicos

Estrutura e evolución demográfica da poboación de Santa María Villestro.

A comarca de Compostela pola súa capitalidade, centricidade e a súa boa comunicación permite que Santiago de Compostela sexa un dos espazos máis dinámicos e con maior crecemento demográfico e económico de Galicia.

Dende a última década ata a actualidade foron os concellos máis próximos a Santiago, sobre todo Ames e Teo, os que absorberon os novos efectivos demográficos chegados á comarca a raíz deste forte desenvolvemento terciario.

Unha comarca urbana con tendencia á metropolización, favorecida pola expansión dos concellos veciños e caracterizada polo seu dinamismo socioeconómico. A distribución dos principais asentamentos da comarca reitera a súa clara dicotomía entre os espazos urbanos e periurbanos/rururbanos e o rural. Os espazos rururbanos prolónganse a partir das principais estradas de acceso, sobre todo polo sur da comarca, como reflicte a parroquia de Santa María de Villestro dentro do Concello, no que se rexistra un proceso de periurbanización (rurubanización, suburbanización) medrando en número de habitantes, conservando unha pirámide de poboación relativamente "rexuvenecida".

Sobre este territorio natural prodúcese ao longo deste século un proceso de urbanización coa cidade de Santiago de Compostela como centro focalizador que, favorecido pola estrutura radial do viario, con centro na cidade, foi englobando en fases sucesivas determinadas áreas de contorno. A expansión da capital pode chegar a modificar vinculacións territoriais preexistentes e a estrutura da rede urbana.

Santa María de Villestro, aínda que representa só o 2,04% da poboación do concello de Santiago de Compostela é a parroquia rural deste concello con maior número de habitantes. En 2014, segundo os últimos datos publicados do INE conta con 1.961 habitantes, dos cales o 48% son homes (873) e o 52% son mulleres (1.018).

Figura 4 Poboación das parroquias de Santiago de Compostela. Ano 2014

Unidade Poboacional	Ano 2014		
	Poboación	Homes	Mulleres
010000 Arins (San Martiño)	1374	704	670
020000 Bando (Santa Eulalia)	968	440	528
030000 Barciela (A) (Santo Andre)	324	161	163
040000 Busto (San Pedro)	228	111	117
050000 Carballal (O) (San Xulian)	195	107	88
060000 Castiñeiriño (O) (Nosa Señora de Fatima)	533	247	286
070000 Cesar (Santa Maria)	147	66	81
080000 Conxo (Santa Maria)	506	250	256
090000 Eixo (O) (San Cristovo)	1014	500	514
100000 Enfesta (A) (San Cristovo)	725	338	387
110000 Fecha (San Xoan)	293	140	153
120000 Fecha (Santa Cristina)	161	65	96
130000 Figueiras (Santa Maria)	986	495	491
140000 Grixoa (Santa Maria)	254	125	129
150000 Laraño (San Martiño)	1180	560	620
160000 Marantes (San Vicente)	399	200	199
170000 Marrozos (Santa Maria)	1082	511	571
180000 Nemenzo (Santa Cristina)	209	107	102
190000 Sabugueira (San Paio)	997	472	525
200000 Santiago (Divino Salvador de Vidan)	34	13	21
210000 Santiago (San Caetano)	940	454	486
220000 Santiago (San Fructuoso de Fora)	304	139	165
230000 Santiago (San Lazaro)	202	103	99
250000 Santiago (San Xoan de Fora)	197	93	104
260000 Santiago (Santa Maria da Peregrina)	549	286	263
280000 Verdia (Santa Mariña)	307	145	162
290000 Villestro (Santa Maria)	1961	943	1018

Fonte Elaboración propia a partir dos datos do INE 2014

A evolución demográfica de Villestro na comarca de Santiago

Efectivamente nas últimas décadas a parroquia de Villestro tivo un comportamento dinámico a nivel demográfico. Gañou 539 activos poboacionais, pasando a ter 1.422 habitantes no ano 2000 a 1.961 habitantes no ano 2014. Un segmento significativo da masa demográfica aínda que traballa na cidade non reside nela, prefire vivir nos lugares onde poden acceder

unha vivenda tipo chalet, unifamiliar ou urbanizacións situadas nas parroquias limítrofes tales como Villestro. Fronte a estes, está a poboación autóctona destas parroquias, que en moitas ocasións nunca saíron da contorna. Claramente diferenciado nos datos, enmarcamos a Roxos, cun total de 493 habitantes, na migración da zona urbana ao rural, seguido de Piñeiro e Silvouta, núcleos con infraestruturas próximas con rápida e eficaz conexión a cidade.

Figura 5 Evolución demográfica da parroquia de Villestro (2000 – 2014)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE 2014

Mercado de traballo

En liñas xerais, a economía e o emprego no concello de Santiago baséanse fundamentalmente na elevada importancia do sector terciario público, concentrado en tres grandes áreas: universidade, a sanidade e administración autonómica. O eixe do sector terciario privado adquire tamén elevado peso na economía local, baseado fundamentalmente na actividade comercial e turística, nos servizos profesionais a empresas e a particulares, servizos financeiros, de lecer e divertimento, culturais.

Vemos na gráfica que na área periurbana danse diferentes situacións segundo o sector ao que nos refiramos. Vemos que un pequeno 3% se dedica ao sector primario (actividades

relacionadas ca explotación dos recursos da terra), un 25% ocupa o sector secundario (actividades de construción e industria) e un 72% a o sector terciario ou de servizos

Observamos así, como a estrutura socioprofesional da comarca está claramente polarizada cara ao sector servizos, que ocupa practicamente as tres cuartas partes da poboación, seguido da industria e a construción e, finalmente, a agricultura.

O agro compostelán tivo sempre unha notable importancia e orientouse, na súa maior parte, a abastecer as necesidades urbanas nunha dedicación a tempo parcial. No referente o val de Roxos, parroquia de Santa María de Villestro, esta dedicación a tempo parcial foi diminuíndo significativamente, do mesmo xeito o abandono das explotacións gandeiras polo desprazamento da man de obra aos sector terciario, e por converterse nun espazo rururbano.

Figura 6: Ocupados por sectores na parroquia de Villestro



Fonte: Elaboración propia a partir IGE 2001

Taxa de actividade:

Villestro: homes: 63.8%. mulleres 41.3%. Total actividade: 51.9%.

Porcentaxe do número total de activos (poboación de 16 ou máis anos) sobre a poboación total. Na parroquia de Villestro, no ano 2001, a taxa de actividade era dun 52%. Os homes absorbían o 63,8% da poboación activa fronte a un 41,3 % da poboación feminina activa. Con respecto ao resto das parroquias non se atopan diferenzas considerables nestas porcentaxes.

Infraestruturas básicas.

Vías de comunicación.

Estradas:

No cadro seguinte recóllense as vías de comunicación principais que pasan ou enlazan ca parroquia de Villestro.

Figura 7: Principais vías de comunicación

Denominacion	Caracteristicas
AC-543	Santiago-Noia
AC-453	Vilastrexe-Auga Pesada
CP-7802	Roxos-Cortegada

Fonte: Plan Emerxencias Santiago

Ferrocarril:

Santiago de Compostela, presenta tres eixes de penetración ferroviaria Vigo, A Coruña e Ourense e Estes tres eixes conflúen nunha única estación, localizada no extremo Sur do Ensanche entre a rúa do Hórreo e a rúa de Vedra. Os novos trazados previstos e parcialmente rematados para a infraestrutura de alta velocidade non alteran de xeito significativo a implantación topográfica do vello ferrocarril, preservando a integración urbana da Estación actual na posición central da cidade, que adaptará as súas funcións para asumir lo papel de Nova Estación do T.A.V.

Á estación de Santiago é posible chegar desde varios puntos de España ou desde as cidades galegas de Vigo, A Coruña e Ourense a través das grandes liñas ou as rexionais de RENFE.

No ano 2010, o número de pasaxeiros que empregaron a estación de ferrocarril da cidade foi de 1.771.974, deles 130.778 viaxaron fora da comunidade en tanto que o resto fixérono con orixe ou destino na mesma.

Saen tes trens diarios con destino Madrid, un cara a Hendaya, vinte e un destino A Coruña (dous deles AVANT), dezasete con destino Vigo e once con destino Ourense (cinco AVANT), tamén é posible chegar a Portugal a través de Vigo.

Infraestruturas de comunicación

Aeroporto de Lavacolla:

O aeroporto de Santiago está situado a uns dez quilómetros ao nordeste da cidade, nos termos municipais de Santiago de Compostela, O Pino e Boqueixón, provincia da Coruña.

No ano 2011 inaugurouse a nova terminal aérea do Aeroporto de Santiago, que comprende un edificio terminal con capacidade para máis de catro millóns de pasaxeiros, un edificio de aparcadoiro con capacidade para uns 3.700 vehículos, as glorietas e viarias de acceso á nova área terminal e a urbanización asociada a todas esas actuacións. No ano 2011, o aeroporto rexistrou un total de 2.464.431 pasaxeiros, 22.317 movementos de aeronaves e case 1.790 toneladas de mercadorías.

Figura 8: Movementos de mercadorías, aeronaves e pasaxe

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
Mercadorias en Kgr.	5.318.564	4.879.093	3.799.458	2.588.422	2.753.629	2.424.014	1.988.641	1.964.349	1.787.504
Aeronaves	15.532	19.168	23.102	22.622	22.093	21.932	20.166	24.247	22.317
Pasaxes	1.349.705	1.543.199	1.798.941	1.956.341	2.007.394	1.875.984	1.944.068	2.172.869	2.464.431

Fonte: Plan Emerxencias Santiago

Estación de autobuses:

Operan catorce compañías que manteñen 77 liñas. A maioría das liñas son de curto percorrido ou operan dentro da comunidade galega conectando a cidade de Santiago coa súa área de influencia próxima e coas cidades e vilas máis importantes de Galicia. Ás liñas intercomunitarias conectan a cidade con diversos destinos fóra de Galicia e tamén hai varias liñas con destinos internacionais.

77 Liñas de autobuses:

- 5 liñas internacionais
- 9 liñas intercomunitarias (Asturias, Algeciras (por Sevilla-Cáceres), Madrid, Bilbao, Portugalete (por Burgos), La Bañeza, Irún, Barcelona, Salamanca)
- 52 liñas que percorren Galicia
- 11 liñas de curto percorrido

Dársena de Xoán XXIII:

Transporte urbano:

O transporte urbano por autobús realízase o través de 51 autobuses e 21 liñas que conectan as diversas áreas da cidade, nas que se distribúen 694 paradas. En 2011 foron 7.461.697 os usuarios que empregaron o transporte público na cidade de Santiago de Compostela.

O servizo de taxis consta de cinco paradas cun total de 125 vehículos, dous deles adaptados para o seu uso por persoas coa mobilidade reducida.

Rede de abastecemento de auga.

A infraestrutura de distribución auga está formada por puntos de captación, depuración, conducións, depósitos e rede de distribución, principal e secundaria.

No caso de Santiago a captación e depuración realízase na Estación do Tambre, situada na marxe esquerda do río Tambre. A devandita estación ten unha capacidade de elevación de 900 litros/segundo e desde alí bombéase a auga, unha vez tratada, aos depósitos de almacenamento seguintes:

- Depósito dos Vilares, situado en cota 351,50 e con capacidade para 27.000 m3. Desde aquí fornécese a rede principal de 450 mm de diámetro e a rede secundaria.
- Depósito do Polígono, situado en cota 410 e con capacidade para 10.000 m3.Desde aquí fornécese a:
    - Polígono industrial do Tambre en rede de 500 mm.
    - Depósito dos Salgueiriños en cota 353 de 10.000 m3 .
    - Rede principal de 350 mm.de diámetro e rede secundaria.
- Na actualidade atópase en fase de execución un novo depósito, na mesma parcela que o anterior e á mesma cota, cunha capacidade de almacenamento de 10.000 m3.
- Existe outro achegue procedente dun mesmo eixo, formado polas arquetas Reunión (cota 345) e Pedroso (cota 335), que alimenta o depósito da Almáciga (cota 314 e 15.000 m3 de capacidade). Desde este depósito distribúese á rede principal, a través de dúas arterias de 450 mm, unha de 350 mm, e unha de 275 mm.
- Desde a rede que abastece o depósito da Almáciga derívase á estación de bombeo de San Lázaro que, con capacidade de elevación de 20 l/s, bombea ao depósito do Monte do Gozo (cota 377 m e 600 m3 de capacidade). De alí, fornécese auga á rede. A rede de auga de Santiago ten unha lonxitude superior a 420 km.

Rede de saneamento.

A infraestrutura de saneamento de Santiago está constituída por redes de sumidoiros, conectados, xunto coa rede de Milladoiro, á depuradora de Silvouta. O colector unitario reúne as augas residuais domésticas, industriais, e pluviais, e condúceas ata a depuradora, onde son tratadas e devoltas ao río Sar.

Na depuradora de Silvouta existen dúas liñas:

- Liña que forma a auga residual que chega polo colector
- Liña de lodo que se forma co extraído da anterior liña

A liña de auga residual consta de:

Obra de chegada.- É un pozo onde se recibe a auga que vai polo colector. Aquí sácanse sólidos como paus, botes..., coa culler bivalva. Está provisto dun aliviadoiro de seguridade que desvía o excedente de auga residual.

Parafuso de Arquímedes.- Para elevar a auga, de forma tal que se poida mover por gravidade polo resto da planta, dado que o colector chega a un nivel máis baixo.

Debaste e pretratamento.- Consta de reixa de grosos (extrae os sólidos con tamaño maior de 50 mm.), de tamiz de finos e desareador-desengraxador que reduce no proceso os sólidos, finos, aceites e graxas respectivamente.

Medición de caudal.- Unha vez extraídos todos os materiais que non están mesturados coa auga, mídese o caudal considerado de entrada á planta de tratamento.

Decantador primario.- Funciona por gravidade de tal modo que, todo o que pese máis que a auga se deposita no fondo, saíndo pola parte superior a auga para continuar co proceso.

Cuba de aireación.- O proceso de depuración que segue a auga decantada corresponde a un sistema convencional de lodos activos. Consiste na eliminación da materia orgánica disolta na auga residual mediante a acción de microorganismos (bacterias presentes na cuba) que a transforman en materia celular. Para que as ditas bacterias poidan realizar a función necesitan osíxeno, que se achega mediante turbinas.

Decantador secundario.- O efluente da cuba de aireación pasa ao decantador secundario onde se separa a auga clarificada dos lodos activos por un proceso de sedimentación similar ao da decantación primaria (a auga reborda por un canal perimetral, e os lodos quedan retidos no fondo do decantador). A auga clarificada, ao contrario que a da decantación primaria, está libre de materia orgánica en disolución, e é a auga tratada que se devolve ao medio natural, neste caso ao río Sar.

O que, por gravidade, se xunta no fondo dos dous decantadores vai á liña de lodo que consta de:

Espesador.- Para o lodo dos decantadores primarios.

Flotador.- Para o lodo dos decantadores secundarios.

Acondicionamento.- Os lodos procedentes do espesador e do flotador mestúranse formando o lodo mixto, ao que se engaden reactivos (cloruro férrico e cal) para conseguir a coagulación co cloruro férrico e o acondicionamento químico co cal.

Filtro prensa.- Oprímese a mestura de lodo cos reactivos entre unhas placas para sacarlle a máxima cantidade de auga posible. Ao resultado chámaselle torta e o seu destino pode ser:

- Aproveitamento agrícola, como abono
- Vertedoiro como lixo ou para rexeneración.

Rede de distribución de gas

A rede de gas do municipio de Santiago está composta por unha acometida xeral. A partir desta acometida existe unha serie de conducións que constitúen a rede de distribución que dá servizo á cidade.

As distintas conducións admiten rangos de presión diferentes en función do seu diámetro e do caudal de gas, as conducións principais que totalizan 18.411 m. están dimensionadas para 16 bares de presión, hai 7.357 m. de conducións a 10 bares, 114.300 m. a 4 bares e 46.557 m. a 150 milibares.

Rede de comunicación

Distinguimos tres redes diferentes de comunicación telefónica no concello de Santiago de Compostela, a rede fixa de telefonía a rede móbil e a rede de fibra óptica. Na actualidade as tres redes empréganse para o transporte de voz e datos, sendo estes os que están a notar un maior incremento, ocupando cada vez máis espazo e canles.

A máis importante rede de telefonía fixa no concello está integrada por unha rede capilar de liña telefónica que abrangue a maior superficie do termo municipal e 16 nós ou centrais de enlace das que tres pódense considerar principais.

As principais estruturas de telefonía móbil no concello son as torres de comunicación das que unha empresa xestiona unhas 19 e outra xestiona 56.

A rede principal de fibra óptica no concello de Santiago de Compostela está xestionada por unha empresa e está integrada por unha rede capilar que conecta a maior parte da cidade e os principais núcleos de poboación do concello completada por uns 18 nós de enlace e 2 centros de transformación.

É de destacar que esta empresa dispón de unidades móbiles que substitúen os nós de enlace en caso de continxencia.

Rede eléctrica

A rede principal de distribución eléctrica no concello está integrada polas liñas de alta e as liñas de media tensión representadas no plano 1.8 do anexo II, ademais hai 3 centros de transformación principais situados no lugar do Porto de Conxo, en Formarís e en San Caetano.

A alimentación das subestacións eléctricas da cidade de Santiago prodúcese a través de tres circuítos:

- A liña de alta tensión central eléctrica do Tambre-Santiago conforma no contorno da cidade un anel de alta tensión 66 KV que alimenta as subestacións de San Caetano e do Porto de Conxo (Santiago II).
- Liña de alta tensión Mesón do Vento-Santiago; constitúe a alimentación polo norte da cidade. Esta liña de alta tensión de 66 KV vai a alimentar a nova subestación de Formarís.

- Liña de alta tensión Porto de Mouros-Santiago; liña de 66 KV que constitúe a alimentación polo leste da cidade.

As liñas de media conectan con mais de 1.000 centros de transformación secundarios dos que se reparte o fluído eléctrico aos consumidores finais.

Equipamentos.

Recollida de residuos sólidos urbanos

En cumprimento do sinalado pola Lei 10/1998 de Residuos e a Lei 10/1997 de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, o Municipio de Santiago incorporouse ao proceso de implantación de recollida selectiva, como corresponde aos municipios de máis de 5.000 habitantes.

O Concello de Santiago dispón de cobertura para a recollida selectiva de residuos urbanos, a través do sistema de separación en orixe e áreas de achega. A partir dos colectores de recollida de residuos, disponse dunha flota de camións recolectores-compactadores. A recollida é diaria. A recollida de residuos, por concesión municipal realízase por URBASER.

A xestión dos residuos sólidos urbanos realízase a través de SOGAMA na súa planta de transferencia de residuos, emprazada en Formarís, A Sionlla.

O municipio tamén conta con un servizo de recollida de residuos voluminosos que se efectúa en cada domicilio, previo aviso telefónico dos cidadáns. A infraestrutura local en materia de residuos sólidos urbanos complétase con dous Puntos Limpos xestionados pola empresa Urbaser que se sitúan no Polígono del Tambre, Vía Edinson nº 46 e no lugar de Piñor no antigo vertedoiro.

Instalacións deportivas

Este tipo de recintos teñen especial interese na planificación das emerxencias:

- Constitúen un lugar de aglomeración de persoas que o converte en foco vulnerable a determinados riscos.
- Son lugares que permiten o aloxamento extraordinario da poboación, cando, por unha catástrofe ou emerxencia, é preciso contar con recintos nos que albergar un elevado número de persoas.
- Pódense empregar como punto de reunión de medios.
- Algúns deles pódense empregar como lugares de almacenamento.
- En determinadas circunstancias serven para o aterraxe de helicópteros.

Pavillóns polideportivos:

Denominacion: **Juniors**

Propiedade: privada

Direccion: Rúa da Silvouta s/n (Roxos

Campos de fútbol:
Denominacion: **Villestro**
Propiedade: Concello
Direccion: Rúa da Barrosa s/n (Roxos)

Outras instalacións: Atletismo, ximnasio...
Denominacion: **Awasan**
Propiedade: privado
Direccion: Lugar da Silvouta · Roxos

Centros educativos

Centros de educación infantil e primaria:
Denominacion: **CEIP Roxos Villestro**
Direccion: Rúa da Barrosa nº 74, Villestro

Colexios privados:
Denominacion: **C. Junior's**
Direccion: Rúa da Silvouta nº 89, Roxos .

Ensinanzas de música:
Denominacion: **ESMU Real S.E. Amigos del País**
Direccion: Rúa da Silvouta s/n, Roxos

Denominacion: **Villestro**
Direccion: Lugar de Quintáns

Centros sanitarios

A infraestrutura sanitaria do municipio de Santiago consta dos centros que se describen a seguir, e que están clasificados segundo a titularidade pública ou privada e o tipo de asistencia que dispensan.

Hospitais.

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago:

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dispón de diversas unidades de atención especializada que prestan servizos xerais a un área de cerca de 420.000 habitantes e dispón dunhas 1.573 camas.

A dotación de hospitais públicos da área sanitaria de Santiago de Compostela comprende os 4 centros hospitalarios do Complexo, así como a Fundación Pública Hospital da Barbanza, de carácter comarcal que ten asignados ao redor de 64.000 habitantes.

O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela actúa de unidade de referencia da Fundación Pública Hospital da Barbanza para a atención especializada de certas patoloxías, así como as especialidades de alerxia, neuroloxía, oncoloxía médica, oncoloxía radioterapia, reumatoloxía e UCI. Para as especialidades de cirurxía plástica, oncoloxía radioterapia e neurociruxía, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela é referencia da zona centro da Comunidade Autónoma.

Teléfono: 981950000
Dirección: Travesía da Choupana, s/n
Número de camas: 764

Hospital Médico Cirúrxico de Conxo.

Teléfono: 981 956 140
Dirección: Calle Ramón Baltar, s/n
Número de camas: 264

Hospital Psiquiátrico de Conxo:

O Hospital Psiquiátrico de Conxo está construído sobre a antiga Igrexa de Santa María de Conxo.

Teléfono: 981 951 900
Dirección: Paseo Martín Herrera, 2
Número de camas: 390

Hospital Gil Casares:

Teléfono: 981 956 000
Dirección: Travesía da Choupana, s/n
Número de camas: 99

Hospital Nosa Señora da Esperanza

Teléfono: 981 552 200
Fax: 981 585 248
Dirección: As Burgas, 2
Número de camas: 50

Nº de camas unidade de críticos: 5
Prazas hospital de dia: 5

Hospital A Rosaleda:

Teléfono: 981 551 200
Fax: 981 573 525
Dirección: Santiago Leon de Caracas, 1
Número de camas: 89
Nº de camas unidade de críticos: 7

Centros de Saúde; Atención primaria.

Denominacion: **Ambulatorio Concepcion Arenal**
Teléfono: 981 551 200
Dirección: Santiago León de Caracas, 12
Servicios: Medicina Xeral, pediatría, enfermería obstétrico xinecolóxica, farmacia,.traballo Social.
Emerxencias: Punto de Atención continuado (PAC)

Denominacion: **Centro Saude Conxo**
Teléfono: 981 951 500
Dirección: Rua Ramón Baltars/n
Servicios: Medicina Xeral, pediatría, enfermería obstétrico xinecolóxica, farmacia, traballo social
Emerxencias: Punto de Atención continuado (PAC)

Denominacion: **Centro Saude Fontiñas**
Teléfono: 981 577 670
Dirección: Rua Londres-Polígono de Fontiñas 2-4
Servicios: Medicina xeral, pediatría, odontoloxía, enfermería obstétrico xinecolóxica, farmacia, fisioterapia, orientación familiar.
Emerxencias: Punto de Atención continuado (PAC)

Denominacion: **Centro Saude Vite**
Teléfono: 981 563 743
Dirección: Rua Pintor Carlos Maside, s/n
Servicios: Pediatría, enfermería obstétrico xinecolóxica , traballo social, teledermatatoloxia, teleoftalmoloxia.
Emerxencias: Punto de Atención continuado (PAC)

Polígonos industriais

Inaugurado no ano 1975, o polígono empresarial do Tambre é o referente da actividade industrial de Santiago. Actualmente ten ocupadas as súas 278 parcelas e abarca una superficie de 1.058.000 metros cadrados, alberga más de 400 empresas de actividade industrial e comercial relacionadas sobre todo cos sectores do automóbil, a construción, o transporte, a distribución, o metal e a madeira.

Na zona de Boisaca prolóngase o actual polígono do Tambre cunha oferta de 20 hectáreas de chan. A urbanización do Parque Empresarial de Boisaca por parte da SEPES, a Entidade Pública Empresarial de Solo, representa, na práctica, una ampliación do Polígono Industrial do Tambre cara ao sur. Este novo parque empresarial conta con 201.722 metros cadrados, que proporcionan á cidade cen novas parcelas con capacidade para 60 empresas.

No 2004 comezaron as obras do Parque Empresarial da Costa Vella. Xa están construídos e en funcionamento case 400.000 metros cadrados de solo industrial divididos en 131 parcelas. O proxecto de urbanización foi realizado pola empresa municipal de vivenda e solo (Emuvissa) e abarca unha zona parcelada de 264.853 metros cadrados, un espazo de zonas libres e verdes de 44.000 metros cadrados e un total de 61.000 metros cadrados de rede viaria.

O parque de A Costa Vella está enmarcado por la autovía de Lavacolla, a estrada de A Coruña, o recinto feiral de Amio e o Polígono do Tambre, garantindo unas óptimas comunicacións e un rápido acceso á autopista AP-9 e ao aeroporto.

Capítulo 2

Análise dos recursos turísticos da parroquia de Santa María de Villestro

Clasificación, cuantificación e distribución dos recursos turísticos.

Para detectar e valorar as posibilidades de desenvolvemento turístico deste territorio foi necesario identificar, coñecer e valorar os recursos turísticos que posúe.

Entendemos por recursos turísticos os atractivos con que conta un determinado destino, xa sexan de orde natural, histórico/monumental, cultural etc., que representan o elemento básico de atracción e motivación que orixina os desprazamentos do turista ata o destino.

Recursos turísticos básicos: os recursos que teñan capacidade por si mesmos de atraer visitantes e promover estadías.

Recursos turísticos complementarios: aqueles que sen ter renome propio están chamados, en función das tendencias da demanda, a ter unha importante influencia no futuro dos recursos básicos.

Neste capítulo trataranse os resultados finais do traballo de campo que nos permitiu cuantificar, avaliar e xerarquizar os recursos turísticos da parroquia de Santa María de Villestro, que foron clasificados da seguinte forma:

Recursos culturais.

1. Recursos arqueolóxicos.
2. Arquitectura relixiosa.
3. Arquitectura civil.
4. Camiño de Santiago a Fisterra.
5. Patrimonio etnográfico.
6. Patrimonio protoindustrial e industrial.
7. Personaxes ilustres.
8. Festas e romarías.

Recursos naturais.

1. Áreas recreativas
2. Patrimonio natural

■ Recursos culturais.

1. Recursos arqueolóxicos.

Megalitismo.

Mámoa do monte de Vilastrexe, GA15078012. Túmulo megalítico de 20 m de diámetro e 2 m de altura. Presenta un burato central de 5 m de diámetro por 0,5 m de profundidade froito do espolio. Alteracións da masa tumular debido a actividades agropecuarias e forestais.

Asentamentos da Idade do Bronce.

Asentamento ao aire libre A Silvouta, GA15078102. Xacemento duns 150 m definido a partir das obras do gasoduto Vilalba-Valga. Apareceron materiais en superficie, destacando os fragmentos de cerámica campaniforme e algunhas estruturas en gabias. O estado de conservación está afectado por actividades agropecuarias e forestais e pola infraestrutura do gasoduto. A vexetación da contorna é de monte alto de repoboación.

Petróglifos.

Petróglifo do monte de Vilastrexe, GA15078003. Sobre un soporte granítico de mediano tamaño integrado nunha zona de afloramentos, con pouco desenvolvemento en altura, sitúase un conxunto de catro cazoletas dispostas sen patrón aparente. O seu diámetro oscila entre os 5 e os 6 cm, cunha profundidade de 1 a 2 cm. Aparentemente sen destrucións nin alteracións.

Petróglifo da Barrosa (Roxos), GA15078006. Sobre un soporte granítico de pequeno tamaño, situado a ras de chan, sitúanse dúas cazoletas afastadas entre si uns 78 cm. O seu diámetro oscila entre os 6 e os 8 cm e a súa profundidade entre 1,5 e 3 cm. Dado o aspecto interno que presentan, sen pátina, non se pode acreditar que se trate de gravados prehistóricos. Afectado por actividades extractivas non industriais e por acondicionamentos da contorna.

Petróglifo do Rexío (A Portela), GA15078007. Os gravados atópanse sobre dous afloramentos contiguos. No situado máis ao sur hai unha combinación de dous círculos concéntricos e dous apéndices radiais con cazoleta central. Entre o primeiro e o segundo círculo hai cinco cazoletas. No estremo sur deste afloramento existe unha combinación circular cun só círculo incompleto e unha cazoleta central. Sobre o resto da superficie localízanse un mínimo de 29 cazoletas con diámetros de entre 3 e 6 cm e 2 cm de fondo. A combinación circular maior ten 36 por 40 cm aproximadamente. No afloramento situado ao norte hai unha combinación con dous círculos concéntricos e cazoleta central. Ao leste desta combinación atopamos catro cazoleta dispersas e ao sur unha illada. A combinación circular mide 27 cm de diámetro e as cazoletas teñen de media 4 cm de diámetro por 1 cm de fondo. Fragmentado por actividades extractivas tradicionais evidentes na súa área nordés.

Petróglifo de Trasigrexa, GA15078028. Sobre un afloramento granítico de gran tamaño e orientación oeste, cuxas dimensións oscilan entre 5 m (leste-oeste) e 6,70 m (norte-sur) sitúase un conxunto de gravados ocupando un amplo ámbito, entre 1,70 m (leste-oeste) e 3,30 m (norte-sur). Con sección transversal de sucos en "U" aberto, o conxunto articúlase coa conxunción dos seguintes elementos: un grupo conformado por oito motivos circulares concéntricos simples: o primeiro, anel concéntrico con cazoleta central; o segundo, con tres aneis e cazoleta central; o terceiro, con dous aneis e cazoleta central; o cuarto, anel concéntrico con cazoleta central; o quinto, anel con cazoleta central; o sexto, con tres aneis, cazoleta central e dous máis sobre os propios aneis; o sétimo, con dous aneis e cazoleta central; o oitavo, con tres aneis, cazoleta central e radio en dirección sur. Outro grupo composto por catro motivos de dúas cazoletas unidas por un trazo rectilíneo. Destrucións e alteracións relacionadas coas pintadas que aínda se aprecian e o corte do soporte na súa beira oeste por unha estrada.

Petróglifo de Prisanseira/do monte da Silvouta (Silvouta), GA15078091. Sobre un soporte granítico de considerable tamaño, cunhas dimensións de 15,50 m no sentido norte-sur, 8,20 m no sentido leste-oeste e 2,50 m de altura, sitúase un conxunto de 3 coviñas dispostas sen patrón aparente. O seu diámetro oscila entre os 7 e 10 cm e a súa profundidade entre 1 e 2 cm. O alto grao de afección do soporte como consecuencia da extracción de pedra tradicional impide o coñecemento do conxunto dos gravados en orixe. Destrucións e alteracións derivadas da extracción tradicional de pedra que afectan ao soporte na súa área norte.

Petróglifo de Monte Aberto/do monte da Silvouta (Roxos), GA15078092. Sobre un soporte granítico de pequeno tamaño e moi erosionado, situado a ras de chan, fracturado en tres, e cunhas dimensións de conxunto que oscilan entre 1,20 m (sudoeste-nordés) e 2,10 m (noroeste-sueste), sitúase unha combinación circular de 42 cm de diámetro. O motivo está conformado por tres aneis concéntricos con cazoleta central e dous radios en direccións norte-sur e oeste-leste. O seu diámetro oscila entre os 7 e 10 cm e a súa profundidade entre 1 e 2 cm. O alto grao de afección do soporte como consecuencia da extracción de pedra tradicional impide o coñecemento do conxunto dos gravados en orixe. Non se aprecian destrucións ou alteracións fóra das derivadas da erosión natural.

Conxunto de petróglifos sen catalogar. Ultimamente están saíndo á luz unha gran cantidade de novos petróglifos en torno a todo o val de Roxos, cunha especial concentración no lugar da Portela. O servizo de Patrimonio do Concello de Santiago de Compostela foi debidamente informado a través dun informe elaborado polo colectivo A Rula, no que se presentan ata 22 novas laxes que conforman a estación de petróglifos do Monte de San Miguel desta parroquia. A estes habería que sumar polo menos o petróglifo aparecido no recinto da escola unitaria de Feáns.

Castros.

Castro de Trasigrexa, GA15078039. Asentamento fortificado da Idade do Bronce formado por un único recinto de forma oval cunha pequena terraza no lado norte. O recinto defensivo limítase a simples terrapléns, excepto na zona leste, onde se ergue un muro de terra duns 6-7 m sobre o nivel da parte central do castro. O acceso atópase no lado noroeste, entre a terraza e o terraplén.

Afectado polas actividades tradicionais agropecuarias e forestais e de extracción de granito e recentemente polo trazado do gasoduto. A vexetación é de bosque de repoboación e monte baixo.

Castro do Monte do Peso (Roxos), GA15078REF10. Dado o estado de alteración da área non foron constatados elementos estruturais para catalogar como xacemento arqueolóxico a zona. Trátase dunha zona elevada, moi alterada polas edificacións actuais, e nas que parece que se atopou hai anos un conxunto cerámico integrado por un bo elenco de pezas de adscrición castrexa, aínda que o conxunto parece de difícil adscrición tipolóxica. O contorno está moi modificado debido a actividades agrícolas, redes de infraestruturas e núcleo de poboamento.

Restos ocupación romana.

Os restos de ocupación romana atopados con motivo do proxecto de urbanización do SUNP-25 de Roxos-Quintáns foron debidamente documentados pola empresa encargada da escavación de urxencia, para a continuación proseguir coas obras do proxecto residencial.

2. Arquitectura relixiosa.

Igrexas e capelas.

Conxunto parroquial. O conxunto parroquial de Santa María de Villestro sitúase nun enclave con vistas ao val de Roxos, composto pola propia igrexa, o adro da igrexa, a casa parroquial con parcela, o cemiterio, a fonte e o cruceiro. O acceso é bo. Pódese acceder pola estrada a través de dúas entradas. Está rodeado por unha carballeira e castiñeiros.

Igrexa de Santa María de Villestro. Este templo, comezado a finais do século XVIII, acabouse de construír durante o século XIX. É de estilo barroco clasicista e o seu autor foi Tomás do Río. De grandes dimensións, a súa planta é de cruz latina, os muros de cantería en granito e a cuberta de tella a dúas augas. A fachada monumental remata nunha torre campanario de orde xónica e cun reloxo no centro da fachada. A portada de medio punto dá acceso a un pórtico que precede ao interior do templo. A sancristía, de planta cuadrangular, está apegada ao lateral norte da cabeceira e cóbrese cunha bóveda de cruzaría de gran beleza. O interior, de grandes dimensións, é dunha única nave cuberta por unha bóveda de canón sostida por arcos faixóns sobre pilastras que marcan os tramos da nave. No interior, e seguindo as características clasicistas, podemos contemplar os

retablos laterais que están dedicados respectivamente á Virxe do Carme e a San Roque, e o retablo maior que está presidido pola Virxe María, flanqueada por San Xosé co Neno e San Xoán Bautista.

Capela do Carme. Don Manuel Quintela fundou a capela da Nosa Señora do Carme en Fraís, no lugar chamado do Conde. Esta capela de pequenas dimensións, está construída a base de pedras de cantería, con planta rectangular e decoración sinxela. Na actualidade é de propiedade privada e nela no se celebra ningún acto relixioso.

Sen dúbida, o máis destacable é que forma parte dun bonito conxunto enclavado no corazón da aldea de Fraís, formado por casas tradicionais, unha impresionante casona de orixe fidalga (na actualidade de propiedade privada) e un patio dende o que gozar das vistas ao val.

Unha informante cóntanos a seguinte lenda sobre a campá desta capela: "A capela de Fraís non ten campá, porque din que unha señora que morreu xa hai moitos anos encargada de gardar os santos, os vendeu. Un día que estaba sentada nun banco debaixo da campá, esta caeu sobre ela: por vender os santos, Deus castigouna"

Capela de San Miguel. Na aldea de Roxos atopamos a pequena capela de San Miguel. É unha capela que foi reconstruída en cemento perdendo así moito do seu valor artístico. Esta reconstrución foi consecuencia do traslado que a capela sufriu en 1961, por mor das obras de ampliación da estrada.

Cruceiros e cruces.

Cruceiro da igrexa de Villestro. Cruceiro no cemiterio parroquial de Villestro. Está incluído no conxunto parroquial de Villestro. Presenta cinco gradas (a ultima de maior tamaño) e un pedestal sobre o que se apoia o fuste. O capitel ten unha sinxela decoración, e sobre el apoiase unha tamén sinxela cruz sen motivos decorativos.

Cruceiro de Tras Igrexa. Situado na entrada ao conxunto parroquial con base troncopiramidal, o varal é cilíndrico e o capitel rectangular. A súa orientación e leste-oeste; no leste a imaxe da Virxe e no oeste a imaxe de Cristo crucificado. Ambas as imaxes simbolizan a vida e a morte.

Cruceiro de Roxos. Pertencente ao conxunto da capela de San Miguel é ao cruceiro coñecido como cruceiro de Roxos. Levántase sobre unha plataforma cadrada cunha base cúbica con arestas superiores moduladas, varal octogonal agás no comezo e no remate. O capitel adornado con motivos vexetais, volutas e caras de anxos nas catro caras. Na cruz, de sección circular e con cartela, vai un cristo crucificado e imaxes de Santiago matamouros e de Santa Teresa.

Cruceiro de Paraveche. Cruceiro sobre chanzo con inscrición na súa base pouco lexible, aínda que se pode detectar na cara leste parte dela: "CRUZEIRO 1790". Consta dun varal exento, cadrado e de bordes biselados en granito que remata en capitel cadrado de tipo toscano. O varal presenta moldura no seu terzo superior. Apoiada sobre capitel temos unha cruz exenta sen esculturas, cos brazos en rosetas en a modo de adorno.

Cruceiro de Maceiras. Situado en Feáns, enfronte da antiga escola unitaria, en pésimo estado. No transcurso deste traballo atopouse algunha peza *in situ*, debaixo da maleza. Outras pezas parece ser que están gardadas no local sociocultural.

Cruz da Pedra da Legua. Trátase dunha cruz sobre unha laxe con inscricións, no lugar coñecido como Pedra da Legua, próximo ao núcleo de Roxos. Tanto o fito material como a toponimia do lugar son de interese histórico. É unha sinxela cruz sobre un pequeno varal realizados nunha soa peza de granito. A cruz posúe remates florenzados e únese directamente ao varal octogonal que comeza e remata nunhas seccións cadradas. Non ten capitel nin pedestal e o varal encaixa directamente na propia laxe. Nas súas seccións cadradas figuran as seguintes inscricións, na inferior "ESTA CRUS LA PSO" e na superior baixo a cruz "ANO" e a data de 1760.

Pedra da Legua

A laxe sobre a que se asenta a cruz é alongada e sobresae un pouco sobre o terreo. Os gravados presentan un forte desgaste debido á erosión, aínda que se poden distinguir varias inscricións de diferente épocas históricas. Na zona central da laxe observamos a inscrición cos trazos de maior tamaño bastamente labrados. Á esquerda deste motivo atópase unha cruz patada con brazos iguais de tipo visigótico. É esta unha tipoloxía de cruz utilizada polos monarcas asturleoneses polo menos desde Afonso VII ata Afonso X. A toponimia parece indicar o lugar onde na Alta Idade Media se situou o marco que indicaba o límite xurisdicional do Xiro da Cidade (nun radio de 3 leguas a partir da catedral).

3. Arquitectura civil.

Pontes.

Ponte Brea. Sobre o rego de Roxos, na estrada Quintáns-Portela-Villestro (no Camiño de Santiago). Executada en pedra con tres ollos. O central de medio punto e os laterais alintelados. A súa construción pode datarse no século XV-XVI.

Un proxecto recente de reforma do camiño pretendía derribar esta ponte e refacela desde os seus alicerces con máis anchura pero os veciños movéronse na súa defensa e lograron preservar a ponte histórica, restaurando unicamente o pavimento.

Ponte Brea

Ponte de Roxos. Executada en pedra de cantería cun enorme arco de medio punto.

Construcións singulares e conxuntos de interese.

Casa en Carballal. Casa illada con escudo. Construída en pedra de granito de planta rectangular e teitume a dúas augas en tella do país. Destaca a ampla cheminea e a cantería das fiestras e porta, así como dos esquinais. Nas inmediacións existe un hórreo de considerables dimensións.

Casa en Roxos. Casa ao pé da estrada, de factura clasicista e construída en pedra ben labrada. Presenta amplos balaústres de pedra nos balcóns voados da fachada principal e toda a terraza. Ten molduras nas portas e fiestras, unha galería de madeira no lateral esquerdo da fachada e unha cornixa con acroterios.

Conxunto de Roxos. Conxunto de edificacións de planta baixa ao longo da estrada, en mal estado de conservación.

Conxunto de Fraís. Asentamento con boas e diferentes casas, disposto sobre aterrazamentos, desde o que se albisca o val do río Roxos. Destacan algúns dos hórreos. O PXOM destaca que se trata da "aldea de maior extensión que o resto da súa parroquia", o cal pode deberse á adición do antigo lugar chamado "Felle", documentado na Idade Moderna.

Conxunto da Portela. Conxunto de edificacións de interese e de distintas feituras: casa con muro de pedra, alpendre sobre columna de pedra e diversas casas singulares. Bo estado de conservación.

Conxunto na Silvouta. Conxunto de edificacións de labor de boa fábrica correspondente a mediados do s. XIX. Inclúese tamén unha finca con arboredo de interese.

Casa reitoral de Santa María de Villestro e antiga escola pública de Villestro. Conxunto de dúas edificacións construídas en pedra de granito de diversa consideración e teitume en tella cerámica do país (unha a dúas augas e outra a catro).

4. Camiño a Fisterra-Muxía.

Hoxe en día, esta ruta duns 90 km está asumida como unha extensión da peregrinación a Santiago, aceptada tanto polos habitantes da cidade de Santiago de Compostela como por milleiros de peregrinos que chegan a ela e despois prolongan o camiño tres ou catro días máis.

Efectivamente, case a metade dos peregrinos que chegan a Santiago continúan a viaxe a Fisterra, a Muxía ou a ambos os dous destinos. A relación entre estes diversos puntos da xeografía galega fundaméntase en diferentes lendas que parten da tradición da predicación do apóstolo Santiago no Noroeste peninsular enviado polo propio Xesús. En Muxía predicou o apóstolo en vida e na costa de Fisterra atopábase a cidade de *Dugium*, a onde se dirixiron os discípulos de Santiago para pedir un lugar de sepultura definitivo, segundo a lenda da *translatio* contida no *Códice Calixtino*.

Dise que a relación entre o culto apostólico en Santiago de Compostela e esta zona do *finis terrae* galaico tivo lugar ao pouco tempo do descubrimento da tumba e que, desde logo, quedou plenamente fixada a partir da redacción do *Códice Calixtino* no século XII. O seu Libro III dá a versión canónica da chegada do corpo do apóstolo a terras galaicas ao pouco de morrer, no mesmo século I d.C. Segundo o relato, unha Lupa malintencionada envía os discípulos de Santiago a falar co rei de *Dugium* acerca dun posible terreo para construír a súa tumba. A localización de *Dugium* en Fisterra non parece admitir moitas dúbidas: unhas indicacións xeográficas, certamente non moi precisas en calquera das variantes do relato, son identificables se as unimos á lenda que fala dunha cidade asolagada chamada *Dugium*, situada ao norte do cabo Fisterra. O certo é que son numerosos os textos literarios nos que se relata este camiño a Fisterra.

Polo que se refire a Muxía, esta localidade aparece na literatura de viaxes xacobea desde mediados do século XV. Sebastián Ilsung de Augsburgo menciona a localidade en 1446 e, neses mesmos

anos, unha obra anónima alemá debuxa a igrexa de Muxía e as rochas onde, segundo a lenda, o apóstolo Santiago descansaba cando se lle apareceu a Virxe María nunha barca de pedra guiada por anxos. Desde ela, a Virxe consólao indicándolle que regresase a Xerusalén e que o resultado da súa predicación habería de verse no futuro. Os lendarios restos desta barca de pedra atraen cada ano milleiros de persoas que acoden en romaría. Son as populares pedra de abalar, identificada como o bote, e pedra dos cadrís, que sería a vela da embarcación.

Por tanto, todo indica que no século XV ambos os dous santuarios costeiros xa adquiriran grande popularidade no ámbito da peregrinación xacobea, quedando incluso conectados nun mesmo itinerario. Nesta época dúas imaxes pasan a focalizar o culto nestes espazos, dúas imaxes de novo chegadas por mar: o Santísimo Cristo de Fisterra e unha pequena talla da Virxe da Barca, de estilo gótico.

Con respecto ao ***trazado do camiño da área que aquí nos ocupa***, debemos sinalar varios puntos:

- Alterna o camiño, no tramo que aquí nos ocupa, zonas de estrada asfaltada con outras de carreiros ou pistas sen asfaltar. Non atopamos á vista tramos que estivesen pavimentados en pedra.
- Dende a Praza do Obradoiro ata a parroquia de Villestro estanse a levar a cabo traballos de acondicionamento para a mellora do tramo.

5. Patrimonio etnográfico.

Fontes e lavadoiros. *Fonte de Nosa Señora*

Villestro é unha parroquia rica en mananciais que nacen nos seus montes e como mostra disto temos 12 fontes, con ou sen lavadoiro. Aínda que están en funcionamento, o seu aspecto dista bastante do orixinal, con moitos arranxos e renovacións en cemento e plástico, e nalgúns casos moi deslucidas polas novas estradas.

Fonte da Nosa Señora (fonte do Cura ou fonte Nova). Parte do conxunto da igrexa parroquial, no seu día se atopaba a uns 400 m, no camiño tradicional de subida a Paraveche. En granito, está formada por un depósito de auga pechado, cano de pedra, pía cadrada e todo un sistema de canalización da auga.

Fonte de Feáns, con lavadoiro. En granito. Condicións regulares polo desuso tras quedar baixo o nivel da estrada.

Fonte de Fraís 1, con lavadoiro recente. "Restaurada" con materiais modernos: cemento e plástico.

Fonte da Nosa Señora

Fonte de Fraís 2. A fonte está actualizada con pedra, cemento e azulexo. Captación da auga por unha sucesión de caídas desde o manancial.

Fonte de Quintáns e posible lavadoiro. Depósito cadrado con frontón triangular do que sae a auga. Posible estrutura de lavadoiro, pero practicamente absorbida pola estrada.

Fonte de Roxos. Estrutura en cemento rodeando un manancial, a nivel máis baixo que a estrada. As escaleiras de baixada parecen indicar a existencia dunha estrutura antiga.

Fonte de Tras Igrexa. Manancial canalizado que sae por un cano nun muro de granito. Acceso mediante dous tramos de escaleiras.

Fonte da Silvouta. A estrutura orixinal non é visible por mor dun recebado total.

Fonte de Vilastrexe. Frontón de pedra. Acceso pechado, cuberto de vexetación.

Fonte de Piñeiro con lavadoiro. Conxunto en granito, moi remodelado pero de aspecto enxebre. Cano de pedra con frontón triangular e pía de granito. Lavadoiro con forma ovalada, cun acceso empedrado e en forma de terrazas.

Muíños.

Os muíños son un elemento etnográfico de grande interese. En Villestro están localizados 10 muíños, o que indica un uso intenso do río Roxos. Moitos deles teñen un acceso complicado ou o seu estado de conservación e a maleza non permitiron acceder ao interior. Son, en xeral, de pequenas dimensións e en moitos casos consérvase a súa maquinaria (moas, rodicio,...), asentos e pedras de apoio para os sacos, así como infraestruturas asociadas como as canles que lles achegaban a auga ou pontellas de acceso.

Muíño da Portela. En granito con teitume a dúas augas en tella do país. Consérvase a canle de entrada e saída, o rodicio e o varal, un asento e a pedra de moer.

Muíño de Carballal. Planta cadrada, en granito e teitume a unha vertente. Conserva a canle e a presa de abastecemento. O acceso non permite comprobar a maquinaria.

Muíño de Carlexo. Rectangular, en granito, con cantería de boa calidade na entrada. Teitume a dúas augas con tella do país. Conserva a moa, parte da maquinaria, e a canle de abastecemento. Dúas inscricións: na entrada, "UNA DE dos oY NO", ao lado dereito da porta "ANO 1891" e quizais o propietario "MANUEL NIETO".

Muíño de Fraís. Planta cadrada, en granito, teitume a auga e media. Maquinaria case intacta, e conserva moas e moega. Pousadoiro no exterior. Inscrición no lintel: "UNA DE DOS O NO ENTRA AQUÍ O LABRA A DIOS – AÑO 1898 A O".

Muíño de Quintáns. Planta cadrada, en granito, teitume a dúas augas con tella do país. Conserva a canle de abastecemento que desemboca na presa do río, con servidumes de paso lousadas aos predios lindeiros.

Muíño de Reborido de Abaixo. Planta cadrada, en granito, e teitume a unha vertente en mal estado. Non accesible.

Muíño de Reborido de Arriba. Planta cadrada en granito, destacando a cantería da porta. Teitume a unha vertente, en mal estado. Sen a maquinaria.

Muíño de Roxos. Planta cadrada en granito. Teitume a unha vertente, en mal estado. Conserva moas e rodicio, e a canle de abastecemento. Restos dun lavadoiro contra o río.

Hórreos.

Conta esta parroquia rural con arredor de 100 hórreos, vinculados case sempre a vivendas. Dada a súa cantidade e a súa tipoloxía bastante uniforme, serán obxecto dunha revisión conxunta, destacando aqueles hórreos que posúan algunha particularidade.

A súa forma é sempre rectangular e, aínda que existe algún exemplo illado construído na súa totalidade en pedra, a maioría correspóndese co tipo mixto: base, listeis, columnas e penais de pedra, con claros (entre 2 e 4) pechados con doelas verticais e bastidores de madeira. A base aparece ás veces pechada a modo de celeiro, con pedra, madeira ou mesmo ladrillo. A presenza de materiais modernos como ladrillo ou o cemento substituíndo as partes de madeira non é infrecuente. Son peculiares dous hórreos que teñen a entrada nun dos laterais, en lugar de atoparse na cabeceira baixo a cruz, e un hórreo de Reborido feito ao completo en madeira.

6. Patrimonio protoindustrial e industrial.

A fábrica do Pego. Esta fábrica de papel foi descrita por D. Gonzalo Gayoso Carreira no seu libro *La fabricación del papel en Galicia del siglo XVIII a nuestros días* como a fábrica de Roxos ou de Villestro. Traballaban diariamente 16 persoas e era capaz de producir 1.000 resmas de papel ao ano. O ano de construción é incerto podendo comprenderse entre 1806 e 1827. A catalogación do PXOM inclúe o conxunto edificatorio, os muros de peche e o conxunto de arboredo autóctono existente (nogueiras, castiñeiros, carballos etc). Os elementos estruturais básicos están en bo estado, os muros dos cerramentos están dereitos. A cantería está en bo estado. Mantense claramente o sistema de funcionamento dos muíños. Esta situada na unión do río Sar e o río Roxos. A zona posúe unha gran beleza xa que se atopa nun alto e pódese contemplar o meandro do río Sar e unha pequena cascada do río Roxos.

7. Personaxes ilustres.

Manuel Fraga Iribarne (Vilalba, 1922-Madrid, 2012). - Viviu en Roxos (Villestro), entre 1990-2002, durante a maioría do seu mandato como presidente da Xunta de Galicia. Foi un político, diplomático e profesor de Dereito.

A súa traxectoria política desenvolveuse dende os anos cincuenta do século XX, ocupando cargos de relevancia política e institucional. Entre outros, foi ministro de Información e Turismo (1962-69), vicepresidente do Goberno e ministro da Gobernación (1975-76) e presidente da Xunta de Galicia (1990-2005). Ademais de deputado e senador durante moitos anos, foi un dos pais da actual Constitución española de 1978; fundador do partido Reforma Democrática, embrión de Alianza Popular e, á súa vez, do actual Partido Popular de España; e candidato á presidencia do Goberno de España entre 1977 e 1986.

Suso Noya. Pintor de Villestro. A súa carreira comezou en Londres, onde chega como inmigrante na década dos 60. Iniciouse na corrente realista, amosando ao detalle a realidade que o rodea. A insatisfacción lévao a distanciarse do realismo pictórico e introducirse no mundo das sensacións e da esencia. Empregando a técnica do pastel, a súa obra destaca pola súa redución aos trazos imprescindibles e polo uso da cor, o que resulta en importantes "contrastes de luz e moita forza". Expuxo, entre outros lugares, na Universidade de Faro (Algarve) con motivo do Día das Letras Galegas, ou no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.

8. Festas e romarías.

Relixiosas.

San Miguel en Roxos. Celébrase a mediados de maio na capela de San Miguel, con misa solemne en honra ao santo e verbena.

Virxe do Carme. O domingo mais próximo ao 16 de xullo celébrase na igrexa parroquial con misa, ofrenda floral á Virxe e a procesión que remata co tradicional canto de Salve Mariñeira.

Festas patronais. Estas festas celébranse durante catro días no mes de agosto cun programa extenso cheo de actos culturais, relixiosos e deportivos.

Outras festas de interese.

Romaría do deporte. Celébrase a finais de maio ou primeiros de xuño. A Romaría nace no ano 1995 co afán de agradecer aos xogadores e pais do club SD Villestro o esforzo realizado durante toda a tempada, defendendo e animando ao equipo. Para a realización da Romaría do Deporte é necesaria unha ampla infraestrutura humana e de medios, polo que se involucrou na organización da mesma aos distintos organismos da parroquia: Asociación Veciñal A Unión de Villestro, CEIP de Roxos, Asociación Xuvenil GUXUVI, ANPA do CEIP de Roxos, e Club de Veteranos de Villestro. A Sociedade Deportiva Villestro, dende o seu nacemento en marzo do 1983, pasou por diversas facetas deportivas na súa historia e hoxe en día é un club consolidado e punteiro no fútbol base no Concello de Santiago. Neste momento o club conta con 24 equipos, masculinos e femininos, en diferentes categorías.

Festa da Gaita. No ano 2014 celebrouse a I Festa da Gaita, evento organizado pola Asociación Cultural Gharatuxa, en colaboración coa Asociación Veciñal A Unión de Villestro.

Recursos naturais.

1. Áreas recreativas.

Área Recreativa de Ponte Brea: Espazo á beira do Río Roxos, rodeado de vexetación riparia, equipado con mesas e bancos de madeira xunto con papeleiras para o uso libre. Existe equipamento para a elaboración de alimentos á grella. Pola ponte transcorre o Camiño de Fisterra.

Carballeira do Centro Sociocultural: Grupo de carballos ao carón do edificio do Centro Sociocultural de Villestro que conta cun espazo infantil.

2. Patrimonio natural.

Sistema hidrográfico.

As redes fluviais do municipio presentan grandes valores naturais coa presenza de poboacións sensibles nos ríos e vales, polo que constitúen espazos de interese ecolóxico. Os ecosistemas fluviais presentan diferentes especies de flora e fauna raras ou ameazadas, e as súas características físicas e biolóxicas son soporte de diversos hábitats naturais e especies cuxa conservación ten interese na comunidade. Acollen numerosas especies endémicas do noroeste, tanto de flora como de fauna, singularmente invertebrados, anfibios e réptiles.

Villestro:

Río de Roxos, río Sar, rego de Porto Marelo, rego Portela.

Río Sar: Cuns 29 km de lonxitude, o río Sar é un dos afluentes principais do río Ulla, que percorre a provincia da Coruña de norte a sur. O seu caudal non é moi elevado na parte máis alta e nel desaugan, pola súa marxe dereita, multitude de pequenos regatos, destacando o río Sarela, que circunda a capital polo oeste, e o rego de Roxos. Nace na parroquia de San Lázaro, no concello de Santiago de Compostela, por onde descorre durante uns 15,5 km e abandónao na parroquia de Villestro. Despois de atravesar os concellos de Ames, Brión e Rois desemboca no río Ulla no concello de Padrón. Ten como afluentes principais no concello o río Sarela, co que conflúe na parroquia de Vidán e o rego de Roxos que o fai na de Villestro. Destacamos tamén o rego do Vilar e da Cova pola súa incidencia en algúns episodios de inundacións.

Río Roxos: Son moitos os regatos e as fontes que atopamos en Villestro pero é o río Roxos o que leva a sona, xa non só por ser o máis caudaloso senón porque nace e morre nesta parroquia. Comeza no lugar de Reborido para acabar uníndose ao Sar fronte ao castro de Mirás e ás ruínas da antiga fábrica de papel do Pego no seu tramo final, lugar para non esquecer… Un bosque onde as pequenas fervenzas e os rápidos do río nos fan transportarnos a un recuncho encantado, onde se nos fai cómplice deste contorno privilexiado. Unha paraxe única a un paso do centro da cidade. O tramo non é excesivamente longo, sobre uns 600 m, pero as pozas están rodeadas de carballeiras mesturadas con loureiros

e bosques riparios como freixos ou ameneiros que, coa auga que escava os sucos, crean esta atmosfera máxica.

Val de Roxos.

Na zona occidental do concello de Santiago de Compostela atópase este val alongado e estreito que se caracteriza por una chaira na zona de veiga bastante ampla onde se concentran a maior parte das entidades de poboación. A súa altura máxima atópase no alto da Uceira, de 352 m. Destaca tamén o monte de San Miguel, cunha altura máxima de 304 m (Chao do Penedo Branco), dende onde se pode contemplar unha fermosa vista tanto do val da Amaía como do val de Roxos. A composición granítica do solo propiciou a acción antrópica intensiva en forma de canteiras ou gravados prehistóricos na pedra.

Pódese dividir o val en diferentes zonas con distintos usos. Así, nos outeiros o uso é principalmente forestal mentres que nas veigas que rodean o val é basicamente agrario. No treito inferior atópanse as terras de labor da concentración parcelaria e as zonas urbanas que se foron desenvolvendo ao carón da estrada de Santiago a Noia (CC-543).

A vexetación dos montes é nunha porcentaxe moi elevada de eucaliptos, especies alóctonas e pirófitas que provocan moitos danos no solo. A "Galicia dos mil ríos" vese ameazada pola rápida e considerable dispersión desta especie no seu territorio, especialmente na área rural de Santiago de Compostela. Afortunadamente, aínda se poden atopar piñeirais na zona de Vilastrexe e bosques riparios no contorno do río Roxos que resaltan o valor paisaxístico da zona, ademais dalgunha enxebre carballeira que nos permite rememorar a paisaxe galega de antano.

Flora:

Árbores autóctonas: bosque caducifolio dominado polo carballo (quercus robur). A súa maior representación atópase nas ribeiras dos ríos. Nalgúns lugares do territorio, entre as carballeiras e os eucaliptais das zonas medias e altas, desenvólvense piñeirais, dando lugar ao bosque mixto.

Bosque mixto: formacións definidas por unha mestura de especies: carballos (quercus robur), piñeiros (pinus pinaster, pinus insignis, pinus pinea) e eucaliptos (eucaliptus globulus), que se dispoñen polo territorio, sendo cada vez máis importante a presenza do eucalipto polo seu aproveitamento forestal.

Ripisilva: Son os bosques que se atopan nas ribeiras dos ríos e dos regatos nos que abundan os ameneiros (alnus glutinosa), abeleiras (Corylus avellana), salgueiros (Salix babylonica) e o bieiteiro ou sabugueiro (Sambucus nigra).

Matogueiras: son formacións que se atopan nas abas dos montes, rodeando o bosque autóctono e as áreas de cultivo. As especies máis representativas son os toxos, xestas e a erica. Esta última goza dun gran número de nomes que varían segundo o lugar do territorio no que se estea a falar: carpaza, carrasca, queirota, foupa, queiruga ou carroucha. Esta última denominación é a máis usual na contorna de Santiago de Compostela, en concreto

na parroquia de Villestro, onde os seus habitantes eran antigamente coñecidos como "carroucheiros" xa que se dedicaban á recollida deste arbusto para o gando.

Fauna:
Na área rural de Santiago existe unha gran diversidade de fauna entre a que atopamos anfibios, réptiles, aves e mamíferos que habitan neste territorio. Esta variedade de especies animais é a consecuencia dos múltiples biótopos que atopamos nunha zona relativamente pequena e fortemente humanizada.

Avaliación, xerarquización e posta en valor dos recursos.

Para xerarquizar os recursos, procedemos á súa avaliación e á conseguinte cualificación dependendo do seu poder de atracción. Non debemos esquecer que os recursos da parroquia terán que englobar toda unha oferta turística cos recursos do destino Santiago de Compostela e da área de Santiago.

■ Recursos culturais.

É de valor obrigado en todo territorio que se analicen e se promovan desde o punto de vista turístico e social, pois dan fe da súa historia e da súa riqueza arquitectónica e artística. A parroquia de Santa María de Villestro responde ben ante esta proba e faino desde múltiples perspectivas de valoración.

1. Recursos arqueolóxicos.

Son numerosos e variados os recursos que responden a esta tipoloxía, como detallamos anteriormente, que se corresponden con diferentes momentos da prehistoria e de historia recente galega. Ademais do seu interese no ámbito do coñecemento científico histórico, a súa capacidade de atracción turística está sobradamente probada en todo o territorio galego.

En conxunto, a problemática que presentan os recursos arqueolóxicos de Villestro é a mesma que a da globalidade do patrimonio arqueolóxico galego: as alteracións debidas ao paso do tempo e ás accións antrópicas agresivas. Entre os aspectos que cómpre mellorar, hai que destacar a propia catalogación dos recursos por parte da administración. A partir de aí, poderanse levar a cabo outros traballos imprescindibles para a súa posta en valor. En especial, o castro de Trasigrexa debidamente escavado e estudado, e o conxunto de gravados prehistóricos do monte de San Miguel presentan unha alta potencialidade para a súa explotación turística.

2. Arquitectura relixiosa.

Villestro non destaca pola relevancia artística e arquitectónica do seu patrimonio relixioso, especialmente considerando a proximidade do conxunto monumental de Santiago de Compostela. Pese a isto, queremos poñer de relevo a capela do Carme (Fraís) polas lendas asociadas a ela. Igualmente, a igrexa parroquial de Santa María de Villestro posúe no seu interior pezas de certo valor artístico e histórico: unha talla da Virxe do Rosario feita polo escultor neoclásico Vicente Portela, ou as tallas de San Xosé e San Xoán Bautista, ambas as dúas do 1803, por Bartolomé Fernández, así como unha lámpada agasallada polos emigrantes de Villestro en América.

No que se refire aos ***cruceiros*** e a súa posible explotación turística, estudouse a ***posibilidade dunha ruta*** que os unise ata Santiago de Compostela, baseándonos por unha banda en informacións extraídas da poboación local e por outra banda na existencia de varios cruceiros que parecían indicar a presenza dun camiño procesional. Xuntamos o informe do traballo de campo realizado, no que se conclúe que o estabelecemento desta ruta non é posible. Non obstante, é oportuna a rápida recomposición e rehabilitación do cruceiro de Maceiras xa que contribuiría, xunto co cruceiro de Paraveche, a fonte da Nosa Señora, a casa reitoral e antiga escola pública de Villestro, a elevar o valor do conxunto parroquial e a súa contorna máis próxima.

A ***Pedra da Legua*** é unha elemento de grande interese, suxeito actualmente a discusión académica acerca da súa orixe e simbolismo. Semella evidente que a denominación do lugar se refire ao marco que delimita o territorio incluído no medieval Xiro da Cidade, que abrangue tres leguas a partir da catedral. Pola contra, a polémica xira arredor da identificación do dito marco coa cruz e a rocha gravada. O seu aproveitamento turístico queda suxeito a unha investigación máis profunda.

3. Arquitectura civil.

No ámbito urbanístico e de conxuntos arquitectónicos tradicionais, existen varios núcleos que resultan atractivos polo seu valor arquitectónico e etnográfico, dignos de térense en conta en posibles rutas temáticas. Destacamos o conxunto de Fraís, exemplo de aldea de val galega, e o conxunto de edificacións propias dunha casa labrega do século XIX na Silvouta.

Por outra banda, a ***Ponte de Brea***, pese a non destacar polas súas características arquitectónicas, é de grande importancia para a poboación local e a súa situación no Camiño a Fisterra-Muxía achega un valor engadido a esta área que pode ser explotada como espazo recreativo, área de descanso ou área de acampada libre. Para que isto sexa posible sería imprescindible reacondicionar o merendeiro que se atopa a carón do río. Ademais do valor deste espazo natural, dados a súa sona e recoñecemento no territorio, proporciona unha alternativa de punto de encontro para posibles rutas.

4. Camiño de Fisterra-Muxía.

Neste momento, o Camiño Fisterra-Muxía é o único recurso que achega visitantes a Villestro dada a súa relación directa cunha cidade Patrimonio da Humanidade e co Primeiro Itinerario Cultural Europeo que atrae cada ano milleiros de turistas. Arredor do 10% dos peregrinos que chegan a Santiago optan por continuar a súa viaxe ata a "fin da terra". Por esta capacidade de atracción, pola paisaxe, polos elementos culturais e etnográficos deste camiño, o seu aproveitamento turístico pode ser enormemente mellorado. A poboación de Villestro vive na súa maior parte allea ao Camiño e a súa oferta turística é insuficiente e pouco visible ou atractiva para os peregrinos. Así mesmo, detectouse a carencia dun espazo no que os peregrinos que deciden pasar a noite en Villestro teñan a posibilidade de repousar ou asearse. Por todo isto, considérase de primeira necesidade levar a cabo unha serie de actuacións que revaloricen este traxecto ao seu paso pola parroquia.

5. Patrimonio etnográfico.

A riqueza do patrimonio etnográfico é grande e numerosa debido ao carácter rural tradicional da parroquia. Non obstante, o estado de conservación da maior parte dos elementos non é o desexable. Fontes e lavadoiros son de titularidade pública e transmiten a importancia da auga na vida cotiá dunha aldea galega, pero as intervencións realizadas para a súa conservación foron agresivas e non respectaron adecuadamente a súa morfoloxía e aspecto orixinais.

En canto aos muíños, o abandono do tradicional modo de vida labrego tivo como consecuencia o desinterese e abandono do seu equipamento e das súas infraestruturas. A pesar desta circunstancia, existen posibilidades de recuperación e valorización destes recursos asociados á rede hidrolóxica da parroquia, de maneira que formen parte de posibles propostas turísticas e culturais.

Os hórreos forman parte da paisaxe cultural tradicional de Galicia, sendo posible incluso diferenciar o territorio segundo a súa morfoloxía. É tal a súa importancia que son en si mesmos un relato da intrahistoria das casas do campo galego. Por isto non sorprende o gran número de hórreos en Villestro, todos de titularidade privada, respondendo case todos á mesma tipoloxía. De novo, poden ser aproveitados desde o punto de vista turístico mediante propostas que acheguen ao visitante á vida dos nosos devanceiros.

6. Patrimonio protoindustrial e industrial.

A situación actual da fábrica do Pego é de ruínas. Ademais, a contorna paisaxística na que se sitúa atópase nun estado de contaminación preocupante debido ás verteduras do EDAR da Silvouta ao río Sar. Non obstante, trátase dun enclave paisaxístico único na parroquia, tanto pola variedade de fauna e flora como pola fermosura das fervenzas na confluencia dos ríos

Roxos e Sar. Por outra banda, a fábrica do Pego é testemuña histórica da relevancia económica que acadou a industria papeleira na comarca.

Por todo isto, a restauración e o acondicionamento xeral do lugar resulta de grande interese dada a potencialidade para o turismo protoindustrial do que Santiago carece.

7. Personaxes ilustres.

Villestro non destaca pola sona de personaxes recoñecidas. A veciñanza resalta de forma especial a colaboración de Manuel Fraga no desenvolvemento da parroquia no tempo que residiu nela.

Pola súa parte, o pintor de traxectoria internacional Suso Noya, nacido en Villestro, pode contribuír coa súa obra á promoción deste territorio en diferentes ámbitos da vida cultural galega.

8. Festas e romarías.

As festas relixiosas de Santa María de Villestro abranguen as festas patronais e a celebración de San Miguel no mes de maio e a festa do Carme. Ademais, conta con outras festas locais de carácter fundamentalmente cultural: son a Romaría do Deporte e a Festa da Gaita, que coa axeitada promoción poden acadar unha maior atracción de visitantes.

■ Recursos naturais.

1. Áreas recreativas.

A área de Ponte Brea atópase nun fermoso enclave natural a carón do río Roxos co típico bosque de ribeira. É susceptible de ser aproveitada en relación con múltiples recursos: río, natureza, Camiño a Fisterra-Muxía, ou como punto estratéxico na realización de posibles rutas culturais ou de sendeirismo. Precisa dunha intervención que reacondicione o espazo natural e o mobiliario e equipamento xa existentes.

A carballeira do Centro Sociocultural está actualmente en uso no marco das actividades levadas a cabo pola asociación veciñal. Esta asociación propón o aproveitamento de calquera destas dúas área recreativas para a localización dunha zona de acampada libre para os peregrinos, xa que na actualidade vense obrigados a buscar refuxio arredor das instalacións do campo de fútbol.

2. Patrimonio natural.

Sen dúbida, os recursos físicos son o complemento ideal que posúe o conxunto patrimonial da comarca. Os montes, o val e os ríos aseguran una rede de potencialidades en todo o te-

rritorio que permiten desenvolver proxectos diversificadores da oferta cultural e do turismo tradicional.

Os ríos e regatos do territorio acollen aínda redutos de bosque autóctono como son, por exemplo, os bosques riparios da contorna do río Roxos onde a fauna e a vexetación presentan características destacables para todo aquel amante do medio menos humanizado. Este curso fluvial podería ser estudado para o desenvolvemento de deportes acuáticos ou de aventura, ou para a instalación dunha área de baño ou recreativa, tal e como demandan algúns veciños.

Ademais, este territorio é rico en valores patrimoniais, entre os que destacan o conxunto numeroso de petróglifos, que xunto cos recursos naturais establecen un marco axeitado para o desenvolvemento de rutas de sendeirismo e outras actividades como rutas interpretadas ou rutas BTT.

Froito do relevo do val atopamos diferentes unidades paisaxísticas interpretables que dan a coñecer a morfoloxía do territorio. Pódese diversificar a oferta coa visita aos outeiros do monte de San Miguel e do Penedo Branco, as elevacións máis significativas da zona. Aínda que contan cunhas notables vistas panorámicas sobre o val de Roxos, a accesibilidade a estes puntos xeográficos é moi deficiente dado o estado de abandono do monte. É imprescindible solucionar estas deficiencias como primeiro paso para a creación dunha rede de miradoiros.

Conclusións.
Xerarquización e propostas para a posta en valor.

Camiño de Fisterra-Muxía.

- ***Acondicionamento do camiño e da súa área de protección*** mediante diversas accións que inclúen a mellora da sinaléctica e a proposta urxente dunha sinalización bidireccional, a continua limpeza do monte e a plantación de especies autóctonas substituíndo a flora foránea.
- ***Toma de conciencia*** tanto por parte da oferta turística como por parte da poboación de Villestro en xeral da alta potencialidade económica, cultural e social que posúe este itinerario cultural.
- ***Creación dunha ruta interpretativa*** que dea a coñecer a historia e a cultura ligadas ao Camiño e que contribúa a sensibilizar a visitantes, peregrinos e incluso á poboación local acerca dos seus valores culturais e naturais e que permita unha concienciación ambiental.
- ***Creación dun espazo interpretativo propio*** que divulgue información práctica para o turista e que axude ao achegamento da poboación á historia do Camiño mediante diversas actividades.

Petróglifos.

- ***A catalogación e estudo científico do conxunto dos petróglifos*** atopados no territorio son condición indispensable para proceder a calquera tipo de proposta de posta en valor.
- ***Acondicionamento e protección adecuada das laxes*** e da súa contorna inmediata, co mantemento axeitado do sotobosque e o desvío de camiños tradicionais de monte que transcorren sobre algún deles.
- ***Posta en valor coa mellora do acceso*** mediante a instalación de pasarelas sostibles que permiten a súa visualización sen invadir os gravados e mediante a colocación de paneis informativos e interpretativos dos motivos.
- Creación de diversas actividades, como ***rutas interpretadas, obradoiros, teatralizacións.***

Recursos do medio físico.

É importante establecer prioridades entre os recursos debido ás moitas posibilidades que ofrece o medio.

- Na contorna natural da fábrica do Pego é indispensable establecer con urxencia unha serie de ***medidas correctoras que solucionen o altísimo nivel de contaminación*** existente que está a penalizar o enorme potencial atractivo no conxunto da parroquia. Estas medidas comezan pola ampliación da EDAR da Silvouta e a súa capacidade e efectividade de depuración.
- En xeral, o medio físico precisa do mantemento correcto por parte dos seus propietarios e por parte da administración. Deberíase ***fomentar a repoboación con especies autóctonas*** para limitar así a presenza de especies prexudiciais para o terreo, coma o eucalipto. É necesario a eliminación inmediata de vertedoiros ilegais en zonas naturais.
- ***Acondicionamento integral da rede hidrográfica e a súa contorna***, con eliminación de construcións ilegais, limpeza das ribeiras,
- ***Creación dun paseo fluvial ao longo do río Roxos,*** habilitación dunha zona de baño
- ***Recuperación das canles dos muíños*** e sensibilización da importancia cultural e natural da auga para este territorio.
- ***Creación de sendeiros ecoturísticos pola zona do Pego e polos montes de San Miguel e de Fraís,*** que permitan ao visitante coñecer a fauna e flora da redonda, e así mesmo integren os miradoiros de Penedo Branco e San Miguel, con vistas panorámicas cara ao val do río Roxos e o val da Amaía. Como opcións que se poden desenvolver, poden estabelecerse rutas mixtas, é dicir, con posibilidade de realizalas en vehículo ou a pé, ou rutas de curto, medio ou largo recorrido.
- ***Creación dun centro BTT*** que centralice e integre de maneira oficial o gran número de itinerarios creados por distintos clubs de ciclismo en Villestro e arredores, zona moi comprometida con este deporte.

Capítulo 3

Análise da situación actual do turismo na parroquia Santa María de Villestro

Con esta parte da análise completamos o proceso de captación de información para o diagnóstico da situación actual do turismo neste espazo. Para realizar as análises pertinentes é imprescindible contar coa intervención directa dos principais axentes sociais e económicos, tanto públicos como privados, do sector e tamén coa participación da poboación local como elemento clave dentro de todo este proceso. A planificación participativa proporciónalle a poboación local a posibilidade de elixir o seu propio modelo de desenvolvemento turístico desde unha perspectiva de desenvolvemento local e sostible, que sexa compatible cos seus intereses, por iso os resultados das enquisas permiten identificar a realidade turística do territorio e avaliar o grao de madurez do desenvolvemento turístico acadado.

A continuación detallaranse nun primeiro momento os resultados obtidos do procesamento das enquisas aplicadas aos entes privados.

Aínda que foi deseñado un cuestionario tipo non foi aplicado á poboación local por razóns de tempo. Malia isto, interactuouse cos veciños para explicarlles o proxecto e escoitar as súas opinións e expectativas ao respecto e tamén se realizaron entrevistas na busca de información etnográfica.

Para analizar a situación da oferta turística no territorio aplicamos enquisas a unha mostra representativa da oferta. Os resultados das ditas enquisas tamén foron plasmados neste capítulo.

No caso da demanda, recolléronse as estatísticas xeradas pola Enquisa de destino da Axencia Galega do Turismo para o perfil do visitante á comunidade.

O perfil do visitante á cidade Santiago de Compostela recóllese no informe proporcionado por Turismo de Santiago.

A Oficina do Peregrino proporcionou as estatísticas referido ao perfil dos peregrinos na cidade de Santiago de Compostela.

Utilizamos ademais os resultados das enquisas aplicadas aos participantes na ruta cultural ecoturística "O noso Camiño", oferta turística deseñada e testada durante a realización do obradoiro.

Resultados das entrevistas aos actores dinámicos do territorio.

A presentación dos resultados das entrevistas en profundidade aplicadas aos actores sociais e económicos implicados co desenvolvemento neste territorio estruturouse en varios epígrafes que agrupan un conxunto de variables extraídas directamente das entrevistas.

As peculiaridades deste estudo, a súa importancia, escala e finalidade, foi transmitida nun primeiro momento facendo énfase na necesidade da cooperación para poder alcanzar os obxectivos propostos:

Entes contactados:

- Executiva da asociación veciñal de Villestro A Unión.
- Presidente da Sociedade Deportiva de Villestro.
- Integrantes da asociación cultural Colectivo a Rula.
- Párroco da igrexa de Santa María de Villestro.
- Directora do colexio CEIP Roxos Villestro
- Presidente do club de ciclismo de Villestro Os Andadios.
- Sociedade de caza Paraveche (Villestro- Figueras- Laraño- Vidán)

É destacable nesta fase o alto nivel de colaboración por parte dos entes implicados no proxecto. Isto propiciou que o 100% da mostra deseñada fose realizada con éxito.

Na figura seguinte resumimos o contido da entrevista aplicada.

Resumo do contido das entrevistas aplicadas aos entes privados.

1. Valorar a potenciación de produtos turísticos na súa parroquia
2. Enumerar os principais recursos turísticos da parroquia.
3. Enumerar os elementos que cómpre potenciar.
4. Enumerar o que cren que máis valoran os turistas do destino.
5. Enumerar o principal problema que ten o destino.
6. Enumerar a principal potencialidade do destino.
7. Suxerir accións para dinamizar e potenciar o turismo no territorio.
8. Valorar sobre os principais elementos do sistema turístico.
9. Describir a política turística feita ata o momento polo Concello.
10. Describir os plans futuros das entidades en materia turística.

Valoración sobre recursos e produtos turísticos.

Tipos de produtos turísticos que se deben potenciar

Os actores propoñen para a súa parroquia un modelo multiproduto onde manteñen a máis alta prioridade para o turismo activo vinculado á natureza -sendeirismo, rutas, BTT…- e a aposta polo turismo cultural equilibrado -Camiño de Santiago a Fisterra e patrimonio arqueolóxico- e na mesma liña o turismo fluvial -recuperación da zona de baños como praia fluvial en Roxos.

Principais recursos turísticos do territorio

Culturais

Camiño de Santiago a Fisterra é o recurso por excelencia do patrimonio cultural desta parroquia, o que motiva maior fluxo de visitantes, aínda que recoñecen moitas carencias internas para beneficiarse deste recurso.

Dous castros, un asentamento ao aire libre, unha mámoa e seis petróglifos catalogados pero en condicións non visitables, mais a existencia de cuantioso patrimonio arqueolóxico aínda sen catalogar nin poñer en valor.

Os muíños na ribeira do río Roxos, susceptibles de recuperar e xerar unha ruta.

Paisaxísticos

Río Roxos, actualmente con necesidades de recuperar a súa vexetación de ribeira, e as fermosas paraxes naturais da zona do Pego, onde conflúen co río Sar. Pódese gozar de fragas con vexetación autóctona (carballos, castaños, bidueiros), máis existen conflitos coa depuradora da Silvouta pola contaminación visual e olfactiva.

Posibilidade de sendeiros e miradoiros no Monte San Miguel, onde o club ciclista da parroquia xa habilitou sendeiros BTT. A desvantaxe neste caso é o retraso da aprobación da parcelaria e os problemas cos cotos de caza.

A hospitalidade da xente foi citada como recurso cultural intanxible.

A Romaría do Deporte e a recente ***Festa da Gaita***.

Elementos pouco valorados que deben ser potenciados turisticamente.

As infraestruturas

Entre as carencias infraestruturais, as máis nomeadas son as que poden posibilitar as actividades itinerantes no territorio. A ***falta de rutas e sendeiros*** resultaron os elementos máis citados, tanto as rutas a pé como as ecuestres, rutas para bicicletas e as rutas guiadas. Na mesma liña de análise citan a ***falta de sinalización e de homologacións das rutas,*** os problemas no trazado e a falta de rutas que superen os termos parroquiais. Así mesmo, consideran axeitado a ***instalación dun albergue de peregrinos ou unha zona de acampada no territorio.***

Outra carencia que mencionan é a ***falta de oferta complementaria (turismo activo)*** para gozar da natureza.

A posibilidade de ***recuperación da soberanía alimentaria***. O val de Roxos foi un val moi froiteiro (kiwis, laranxas, etc)

Os elementos que cren máis valorados polos visitantes da parroquia.

Para facilitar a sistematización dos resultados foron agrupadas en tres grandes categorías que se detallan a continuación:

A riqueza natural e patrimonial: a paisaxe do val, a conservación do patrimonio e o clima.

Atributos intanxibles do destino: a tranquilidade, a seguridade e a hospitalidade.
A calidade dos servizos: relación calidade prezo, gastronomía e a atención e profesionalidade do sector.

Liñas de actuación para dinamizar e potenciar o turismo na parroquia.

Para a análise desta pregunta foron habilitados oito apartados para tabular os resultados. A seguir detallamos as principais accións propostas xerarquizadas pola porcentaxe de respostas alcanzadas.

1. Habilitación de produtos:

- ***Accións encamiñadas a desestacionalizar e prolongar a estadía media***, converter os excursionistas en turistas.
- ***Creación de ofertas de paquetes turísticos*** onde se inclúan rutas ecuestres e actividades de ocio.
- ***Creación de rutas guiadas*** polos distintos lugares de interese turístico.
- ***Creación dunha praia fluvial*** con área recreativa no río Roxos.
- ***Miradoiros.***
- Impulsar ***deportes de natureza e aventuras***.
- Avaliación para ***creación de hortas ecolóxicas*** orientadas á restauración e oferta gastronómica da comarca

2. Apoio á iniciativa privada:

- Medidas de fomento a fondo perdido para ***crear empresas de turismo activo***.
- Subvencións para ampliar e ***mellorar a calidade da oferta hostaleira***, por exemplo turismo rural e hoteis con encanto.
- Concursos para ***premiar ideas empresariais***.
- Asumir os gastos de auditoría para incentivar ao sector, que certifique a calidade dos seus produtos coa ***Q de calidade*** ou outras certificacións.

3. Promoción e marketing:

- Crear ***puntos de captación de clientes***.
- Aproveitar máis as ***novas tecnoloxías*** para a promoción do destino conxuntamente con toda a oferta.
- Deseñar e desenvolver un ***plan de "venda" turística da parroquia*** e promocionala na páxina web de Turismo de Santiago.

4. Actuacións administrativas de carácter non turístico:

- Melloras das infraestruturas turísticas.
- Creación de zonas de aparcamento.
- Campañas de sensibilización á poboación local para o embelecemento das vivendas e o coidado da contorna. Actuacións transversais seguindo criterios de **sostibilidade para mellorar a calidade dos establecementos.**

5. Concertación público-privada.

- A concertación público-privada como un requisito imprescindible para realizar calquera estratexia ou acción no turismo.

6. Actividades de formación:

- Actividades formativas como accións para dinamizar o turismo.

7. Conservación do patrimonio.

- Accións para rehabilitar e conservar patrimonio natural e cultural.

Análise da demanda turística.

Neste apartado caracterizaranse os principais trazos do perfil da demanda turística en Galicia, no ámbito rexional, local e parroquial:

- A demanda real do destino Galicia como rexión (ano 2011 – 2013)
- A demanda de Santiago de Compostela como cidade cultural e de peregrinación (2013 – 2014).
- A demanda potencial da parroquia Santa María de Villestro.

A demanda real do destino Galicia como rexión (anos 2011 – 2013)

Os últimos estudos sobre o perfil da demanda turística de Galicia na Enquisa de turismo do destino (2011 - 2013) xerados pola Axencia Galega de Turismo marcan un proceso de crecemento turístico importante nos últimos anos cunha evolución positiva da demanda turística que visita Galicia. Os principais trazos de comportamento desta demanda son:

- Segundo a procedencia dos turistas, Galicia recibe un turismo eminentemente doméstico. O 87% dos que elixen Galicia como destino son españois; deles o 48% proceden do resto de España e o 38,8% son galegos. Só o 13,7% dos visitantes son estranxeiros.
- Segundo o seu peso económico, os mercados emisores estranxeiros, representan o 25,6% do gasto turístico fronte ao 21% do gasto que realizan os galegos que fan turismo dentro da súa comunidade. En canto ao resto de España representan o 53,4% deste gasto. A tendencia amosa o aumento significativo do peso do mercado estranxeiro que no ano 2011 era de 22% e xa no ano 2013 subiu a 28%.
- Os principais mercados nacionais emisores para Galicia son: Madrid cun 23,5%, Castela e León 13,7%, Cataluña 12,5% e Asturias cun 10,5%. Se nos referimos ao estranxeiro, Portugal é o principal emisor para Galicia cun avultado 22,8% do total. É seguido por Francia, Alemaña e Italia, cun 9,7%, 8,7% e 8,2% respectivamente. En canto á visita a Galicia, case un 70% (o 67,7%) repite e un 18% volve máis dunha vez ao ano.
- As vacacións e o ocio son a motivación principal para vir a Galicia, o que representa un 68% dos visitantes. Case un 20% veñen para visitar a familiares e amigos. Neste sentido cómpre destacar que só un 4% dos visitantes a Galicia ten como motivo principal da viaxe

facer o Camiño de Santiago. Se observamos en cambio o comportamento dos estranxeiros, para o 12% deles a peregrinación é a motivación principal da súa viaxe a Galicia.

- No momento de escoller o destino, as razóns de máis peso son: o patrimonio natural e paisaxístico cun 50,8%, razóns familiares e amizade (turismo de raíces) o 29,2%, a gastronomía o 28%, o descanso e a tranquilidade o 25,2% e a calidade de vida e a hospitalidade cun 21,9%. Como pode observarse a maioría delas son valores intanxibles, o que permite inferir que Galicia é percibido como un destino experencial e de calidade.
- Galicia é un destino para gozar en parella, polo menos así o fixo o 40,7% que nos visitou nestes anos, un 25% viu coa familia e un 18% fixo a súa viaxe só. Un 13,5% faino con amigos/as.
- Os aloxamentos elixidos son casas de familiares e amigos/as cun 38,6% fronte a un 26% que o fai en hoteis. O resto utiliza outros aloxamentos turísticos para a súa estadía como pensións, aloxamentos turísticos, albergues, balnearios...
- En canto ás actividades realizadas, destaca un 70,2% que visita sitios de interese turístico. Outro tipo de actividades realizadas son, por esta orde de preferencia: descansar, visitar museos e monumentos, gozar das praias e do litoral, ocio nocturno e compras.

Demanda do Camiño de Santiago en Galicia

Galicia no ano 2014 (xaneiro-novembro) acada o máximo histórico de peregrinos nun ano non Xacobeo. As principais características do comportamento deste mercado son:

- Consolidación da recuperación do volume de peregrinos españois logo dos descensos rexistrados en 2011 e 2012.
- Continuidade da dinámica de crecemento do mercado internacional que alcanza neste 2014 máximos históricos tanto de volume como de peso sobre o global. Ata novembro representan o 52% do total.
- Os motivos para facer o Camiño non son só relixiosos. As razóns culturais, espirituais e outros motivos acadan porcentaxes similares que as motivacións relixiosas.
- 56,8% dos peregrinos que visitan Galicia ten estudos superiores e o 57,6% deles traballa.
- Con respecto á valoración do Camiño, o 84,4 % considérao como elemento singular, atractivo e de interese, o 93,2% recomendaría a experiencia e o 79,8% repetiríana.

A demanda de Santiago de Compostela como destino cultural e de peregrinación (2013 – 2014).

Santiago de Compostela é a cidade máis turística e internacional de Galicia, que se consolidou como un dos destinos turísticos culturais máis importante de España e Europa. O seu posicionamento como cidade Patrimonio da Humanidade e meta da peregrinación da cristiandade convértena nunha cita obrigada para a demanda cultural.

É por iso que consideramos importante destacar o perfil e comportamento de consumo da demanda cultural e da peregrinación a Santiago de Compostela.

A estrutura do mercado turístico en Santiago de Compostela

- Segundo a Enquisa de ocupación hoteleira do INE no 2014, en Santiago de Compostela producíronse 1.164,673 pernoctacións, das cales o 41,1% correspondeu ao turismo internacional. Consolídase o ascenso continuo dos mercados estranxeiros que cada vez adquiren maior peso no destino. En 2005 a relación entre o turismo doméstico e o internacional era de 69,8% fronte a 30,2%. Nestes últimos 10 anos, o turismo internacional subiu 10 puntos porcentuais.
- Cuantitativamente, os dous principais mercados internacionais da cidade son Alemaña e Italia, que desde hai varios anos suman máis de 50.000 pernoctacións.
- A demanda do Camiño de Santiago corrobora os mercados prioritarios da cidade. A evolución dos 20 primeiros países con máis peregrinos nos nove primeiros meses de 2012 é:

Figura 9: Evolución pernoctaciones da demanda do Camiño de Santiago na cidade (2004 -2010)

Mercados	2012*	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004
Alemaña	13.324	16.596	14.503	14.789	15.746	13.837	8.097	7.155	6.816
Italia	11.446	12.183	14.222	10.341	10.707	10.275	10.013	7.430	7.670
Portugal	9.073	8.649	7.786	4.854	4.341	4.001	3.365	2.574	3.252
Francia	6.923	8.166	9.140	7.459	6.681	6.982	6.791	5.909	6.567
EUA	5.546	3.726	3.334	2.540	2.214	2.229	1.909	2.047	2.028
Irlanda	3.540	2.677	2.296	1.722	1.535	1.090	849	622	563
Reino Unido	3.171	2.389	2.031	1.700	1.559	1.696	1.541	1.512	1.432
Holanda	2.665	2.398	2.063	1.916	1.864	1.655	1.636	1.610	1.399
Canadá	2.119	2.362	1.877	2.194	1.933	1.850	1.546	1.420	1.090
Polonia	2.070	1.820	2.040	1.321	1.102	867	600	422	357
Corea	1.873	1.740	1.455	1.079	915	449	84	24	18
Brasil	1.826	1.983	2.121	1.248	1.365	1.395	1.172	1.163	1.439
Bélxica	1.694	1.685	1.507	1.410	1.291	1.332	1.443	1.283	1.279
Austria	1.556	1.921	1.734	1.995	1.847	1.686	1.422	1.470	1.203
Dinamarca	1.432	1.644	980	1.061	986	835	801	698	415
Australia	1.364	1.352	1.191	1.015	1.022	785	730	666	480
Suíza	1.081	1.226	1.128	1.208	1.246	1.136	780	726	699
Suecia	1.063	1.262	1.264	1.039	929	588	411	340	322
México	864	1.189	1.444	638	653	514	484	473	1.001
Noruega	798	899	609	647	718	628	373	278	262

(* ata o mes de stembro) Fonte: CETUR

Figura 10: Principais mercados turísticos emisores a Santiago de Compostela

Mercados emisores	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Italia	35703	53623	51204	52103	59565	53261	51190	73799	50398	55374	57372
Alemania	39141	39801	37024	42064	47303	51497	51539	56437	54618	48510	52757
EEUU	25500	18310	25160	22598	23042	21259	20640	25031	26000	33730	42380
Francia	24109	25150	23606	21836	23360	21211	26162	30237	27977	29416	32348
Portugal	44172	42508	47746	40295	50881	37661	35098	45839	37747	29258	31975
Reino Unido	20713	24177	30491	30337	45084	39244	23945	18381	17914	24125	32557
Holanda	6056	8677	6285	5105	6186	7557	7839	8234	7988	10891	10690
Bélgica	7178	9653	5104	5490	6434	5756	6850	9316	6111	9518	6318
Japón					4678	4036	4485	6408	5473	6605	6431
Outros mercados	71723	93628	111956	107117	126200	125123	128611	139604	147675	176423	178187

Principais conclusións sobre o segmento de demanda cultural a Santiago de Compostela. (CETUR 2009)

A complexidade da segmentación dos turistas culturais e a notable incidencia de factores diversos, tales como a motivación previa á experiencia, o xénero, o nivel cultural, a procedencia xeográfica etc, dificulta especialmente a identificación das tipoloxías de roles turísticos, especialmente porque a demanda de turismo cultural é variada e ademais variable.

De acordo cos resultados obtidos neste traballo, púidose corroborar que a Santiago de Compostela como destino cultural ben definido chegan:

- Visitantes culturais reais pero tamén consumidores lúdicos de patrimonio cultural (turismo de masas) independentemente da motivación principal da viaxe.
- Perfil medio do visitante cultural de Santiago de Compostela reflicte o do visitante cultural real; individuo sen distinción de sexo, con alto nivel de estudos e situación profesional consolidada, por ende, altos ingresos.
- Os factores cognitivos pesan máis á hora de decidir o destino que a visita á cidade por motivos de vacacións e ocio.
- Fraccionan as visitas aproveitando short-breaks e viaxes de low cost.
- Vive a súa experiencia positivamente, intentando consumir todo o produto cultural que lle permita o seu tempo.
- Alcanza un grao de satisfacción alto e ten intencións de repetir a visita así como recomendar o destino a terceiras persoas.

Perfil da demanda turística potencial da Parroquia Santa María de Villestro

O estudo da demanda da parroquia fíxose a través das enquisas de satisfacción aplicadas aos participantes no produto cultural: Ruta ecoturística-cultural "O Noso Camiño"e Ruta Pequegrin@s no Camiño", deseñada e testada durante a realización deste obradoiro nas datas de outubro a decembro de 2014. Hai que matizar que os resultados obtidos por este estudo desde o punto de vista estatístico non son representativos dado o tamaño pouco significativo da mostra testada. Serviu en termos didácticos para mostrar o proceso de investigación de mercado e para identificar un diagnóstico global sobre o posible portafolio de produtos/mercados do territorio obxecto de estudo.

Deseño do produto: Ruta cultural ecoturística "O noso Camiño"

Aproveitáronse os sete primeiros quilómetros do Camiño de Santiago a Fisterra dende a Praza do Obradoiro ata a parroquia de Santa María de Villestro para coñecer mellor o territorio, como forma de enriquecemento cultural, de favorecer o amor á terra, ao propio, a través do Camiño de Santiago a Fisterra como fío condutor tanxible e intanxible. Interpretar a peregrinación e o patrimonio cultural de todo ese espazo e ao mesmo tempo xerar fluxos de visitantes ao territorio obxecto de estudo, permitiunos identificar o interese que pode suscitar este tipo de "peregrinación" e o territorio obxecto de estudo.

Públicos obxectivos

- Público mozo (estudantes universitarios en programa Erasmus)
- Público infantil: escolares de nivel infantil. Deseño de produto adaptado
- Público terceira idade (club de xubilados)
- Público especializado (expertos de turismo; axentes de viaxes, consultores etc.)
- Visitantes a cidade con curiosidade para experimentar o fenómeno da peregrinación.
- Poboación local de Santiago e da súa área.

Os trazos principais do perfil sociodemográfico dos segmentos de demanda que participaron no test de produto descríbense na figura seguinte:

Figura 11: Perfil sociodemográfico do publico obxectivo da parroquia de Santa María de Villestro

Segmento	Número de participantes	Rango Idade	Procedencia	Ocupación
Xove	24	20 - 28 anos	Alemania, Austria, Italia, Brasil, España	Estudantes
Infantil	60	10 - 11 anos	Santiago de Compostela	Escolares Primaria
Xubilado	10	60 - 75 anos	Santiago de Compostela	Xubilados
Público xeral	15	24 - 60 anos	Galicia	Traballo por conta allea
Especializado Sector Turístico	10	30 - 50 anos	Galicia, Brasil, Ecuador	Autónomos, conta allea

Fonte: Elaboración propia

Resumo do contido das enquisas aplicadas

1. Principais motivacións para realizar a visita
2. Expectativas que pensaba cubrir.
3. Valoración da actividade.
4. Nivel de satisfacción alcanzado.
5. Accións para mellorar a experiencia turística.

Principais motivos para asistir a esta ruta (resposta múltiple):

- Gusto por actividades culturais e ao aire libre, curiosidade/ interese por coñecer o Camiño de Santiago e o goce da natureza foron as principais motivacións da mostra testada.
- Interese en coñecer a contorna rural da cidade, o pracer de camiñar de forma diferente foron as seguintes motivacións referidas, por orde de importancia.

Expectativas que pensaba cubrir

- Contacto e deleite coa natureza.
- Pasar un anaco divertido e de lecer cos amigos.
- Expectación, curiosidade polos contidos da actividade.
- Descubrir o pracer de camiñar, sentíndose peregrino/a por unhas horas.

Valoración da ruta en relación coa satisfacción alcanzada

- A cualificación global media da actividade é alta. O nivel de satisfacción desta experiencia cultural foi en aumento a medida que se foi construíndo un discurso interpretativo coa peregrinación como fío condutor.
- A fórmula de camiño interpretado logrou espertar o interese por peregrinar. Interpretar una experiencia que é concibida como unha viaxe de busca e introspección suscítanos dúbidas sobre a aceptación desta proposta.
- Nivel de dificultade da ruta resultou axeitado. Percorrido fácil con algunha pequena dificultade interesante para que a xente aprecie o que é facer o Camiño. O público mozo suxire que a ruta complete o primeiro tramo do Camiño a Fisterra.
- A duración (3 horas) foi considerada adecuada. Suxeriuse comezar antes das 09:45.
- A conservación e o atractivo do patrimonio natural do espazo interpretado non é moi alta (presenza de especies alóctonas e invasoras, principalmente de eucalipto). Para algúns a paisaxe do recorrido está mais degradada do que agardaban.
- A conservación e o atractivo do patrimonio cultural é alto.
- Porta de entrada ao coñecemento do "rural" galego para a xente de fóra de Galicia. Para público local, o que se narre debe estar vinculado a feitos anecdóticos, curiosidades, destacando diferenzas con outros territorios.
- O público mozo (universitarios estranxeiros) mostra maior interese na interpretación do patrimonio histórico cultural da cidade e na historia da peregrinación, de feito botan en falta información máis detallada sobre o que comían os peregrinos, se usaban coiro para vestirse, se camiñaban de noite polo bosque, como transportaban a auga, se eses mesmos camiños servían para traer a Santiago o coiro, peixe etc.
- Para os colectivos de xubilados, amas de casas etc., os discursos teñen que ser claros e concretos. Non precisan moita información porque a maioría de xente se distrae e perde o interese no fío discursivo.
- Aperitivo e regreso en bus, moi atractivo.
- Case a totalidade dos participantes mostran intencións de repetir a visita así como de recomendala a terceiras persoas.

Accións para mellorar a experiencia turística.

- Teatralizar ***a ruta*** ou partes dela (paradas puntuais): recrear a época medieval, a Santa Compaña, a lenda da raíña Lupa etc. É máis interesante que as explicacións rigorosamente históricas.
- Achegar un ***material gráfico*** de maior calidade e de soporte máis ríxido. Por exemplo, buscar fotos antigas nas que se vexa ata onde chegaban as terras cultivadas hai 40 ou 50 anos.
- Mostrar, identificar, ***relacionar a flora*** in situ co material gráfico mostrado.
- Realizar esta interpretación da ruta noutros formatos, por exemplo ***audioguías***.

- Ofrecer ao visitante unha ***guía informativa sobre o Camiño de Santiago*** a Fisterra-Muxía en español e inglés.
- Vincular a ruta coa ***arte rupestre da parroquia***. Non se deben xerar expectativas sobre o patrimonio arqueolóxico da zona, a menos que se visiten ao chegar ao territorio.
- Alto interese pola ***interpretación da arte rupestre***.
- Interesante poder contar cos ***veciños para que reciban os visitantes***. Poderían contar anécdotas ou historias da parroquia. Sería unha fórmula eficaz para involucrar a poboación local co contido da visita, e proporcionaría o carácter experiencial e vivencial que se pretende transmitir con este produto. De ser posible, ir rotando aos veciños para que todos teñan a súa cota de popularidade.
- O refrixerio é un reclamo interesante. Débese incidir en que se ofrecen ***produtos gastronómicos da zona*** (empanada, torta de Santiago, viño da casa etc.)

A ruta para o público infantil "Pequegrinos no Camiño" foi valorada moi positivamente polo equipo docente do CEIP Roxos Villestro. Tanto a unidade didáctica que se preparou na escola cos grupos de 5º e 6º grao como a saída cos escolares resultaron altamente satisfactorias. Os nenos e nenas tiveron a oportunidade de achegarse á peregrinación e á historia da cidade dunha forma amena e didáctica.

Ambas as dúas rutas son anexadas nas estratexias e accións propostas neste proxecto.

Análise da infraestrutura turística.

Polo tanto, consideraremos **infraestrutura turística** o conxunto de equipamentos e instalacións que fan posible a permanencia do visitante nunha localidade. Neste concepto inclúese tanto a oferta básica (aloxamento) como a complementaria (restauración).

Oferta turística básica

- Aloxamento regrado (hoteis, hostais, pensións, apartamentos turísticos, casas de hospedes, casas de turismo rural, cámping, etc.).
- Aloxamento non regrado ou oferta extrahoteleira (segunda residencia, hospedaxe en casa de familiares e amigos, casas ou habitacións de particulares en aluguer).

Oferta turística complementaria

A oferta complementaria subdivídese a súa vez en:

- ***Oferta complementaria primaria:*** Composta fundamentalmente por restaurantes, cafeterías, axencias de viaxe, central de reservas, oficinas de información turística.
- ***Oferta turística complementaria específica:*** Este termo fai referencia ás diferentes instalacións, equipamentos, infraestruturas, edificacións, etc., que resultan indispensables para o desenvolvemento dos distintos segmentos do mercado turístico e propios de cada un dos produtos turísticos, como por exemplo animación sociocultural (cines, teatros, museos, etc.), turismo activo, turismo náutico, turismo cultural, de congresos etc.

Metodoloxía para o análise da oferta básica e complementaria

Para profundizar na análise da oferta turística deste territorio realizamos unha recollida exhaustiva de información a través da "enquisa de avaliación da oferta turística", e ademais foron procesados os datos estatísticos do REAT da Axencia de Turismo de Galicia.

Figura 12: Oferta turística básica aloxamento

Nome	Enderezo	Tlf.	Categ.	Ano	Pl.	Hab.	park.	Rea
Casa do Albardonedo	Rúa Muros, 112	981815967	**	2009	14	10	Si	Si
O Desvío	Rúa Muros, 81	981815994	***			20	Si	Si
Junior's Silvouta	Silvouta s/n	981537306	Colexio			120	Si	Si

Fonte: Datos extraídos do REA e das páxinas webs propias dos establecementos

Figura 13: Oferta turística complementaria (primaria)

Nombre restaurante	Direccion	T.F:	Tene-dores	Mesas	Comensa-les	Park	Rea
Meson Vega II	Ponte de Roxos, s/n	981537100	**	20	100	SI	SI
Asador de Roxos	Muros, 112	981815973				SI	SI
Julio Vázquez Montero	Rúa de Muros	981537759					
Restaurante O Desvio	Rúa de Muros, 81	981815994					
As Mimosas	Roxos	981537597	*		50		SI
Os Arcos	Quintáns, 58	669194455			60	SI	

Fonte. Datos extraídos deo REA e das páxinas web propias dos establecementos.

Oferta turística complementaria (secundaria)

Non se atopou ningunha actividade secundaria

A figura seguinte expresa os principais datos da ficha técnica da citada enquisa:

Figura 14: Técnica das enquisas a infraestrutura turística da parroquia de Santa María de Villestro

Universo	Oferta hoteleira e restauración da parroquia Santa María de Villestro
Ámbito xeográfico	Concello Santiago de Compostela
Datas de realización	Agosto – decembro 2014
Tamaño poboación	Tecnicamente infinito
Tamaño da mostra	Deseñada. 6 enquisas Realizada: 5 enquisas
Traballo de campo	Mediante entrevista persoal co director/a - xerente do establecemento
Erro da mostra	Para un nivel de confianza de 95% e p=q, o erro estimado é do 5%.

Fonte: Elaboración propia

A poboación albo da enquisa está conformada case polo 100% dos establecementos de aloxamento e restauración localizados na parroquia segundo o REAT.

A continuación preséntase unha táboa resumo co número e tipoloxía e as enquisas realizadas.

Figura 15: Tipoloxía e número de enquisas

Tipoloxía	Cantidade	Enquisas realizadas
Restauración	6	6
Aloxamento	3	2

Fonte: Elaboración propia

O deseño da enquisa realizouse en función de dous criterios:

a) Tipoloxía do establecemento, antigüidade, actividade, capacidade, servizos…
b) Preguntas en consonancia cos obxectivos do proxecto

O estudo elaborouse en varias etapas:

1ª etapa: Unha primeira toma de contacto e exploración do territorio.

2ª etapa: Fase de entrevistas piloto para poder testemuñar a efectividade do deseño da enquisa.

3ª etapa: Despois de introducir os cambios oportunos e co modelo definitivo finalizado realizouse o traballo de campo que durou 3 días.

4ª etapa: Completáronse enquisas inacabadas e enquisas que presentaban algún tipo de incidencia.

5ª etapa: Tras a recompilación avaliouse o éxito de participación por parte de todos os establecementos.

Principais resultados

Tras incorporar a información recompilada a unha base de datos procedeuse ao seu estudo. A continuación inclúese unha descrición dos resultados e establécense comparacións con fontes secundarias de información.

Características principais dos establecementos e perfil da oferta de servizos.

Decidiuse centrar o estudo en establecementos de aloxamento e restauración. Deste xeito, o tipo de establecementos identificados enmárcanse no sector servizos, concretamente, vinculados a actividades de hostalería e turismo.

Na súa totalidade son establecementos de titularidade privada dedicados á súa explotación económica, financiados a través de capital privado. Ningún deles afirmou recibir alguna subvención nos últimos anos.

Analizouse, así mesmo, a antigüidade e investimentos en restauración ou rehabilitación, co obxectivo de entender se o crecente volume de peregrinación da ruta que pasa pola parroquia tivo algún impacto na dinamización da oferta de servizos.

Segundo os resultados, gran parte dos establecementos son de nova creación, e a metade realizaron investimentos en restauración e rehabilitación tanto en actuacións estruturais como en mellora dos edificios ou adquisición de equipamentos.

Impacto na creación de emprego na parroquia

Tras observar que a peregrinación é un factor determinante para a creación e mellora de establecementos, podemos deducir como resultado unha leve dinamización na oferta, na súa creación e mellora. Esta conclusión está en consonancia cos resultados dos Instituto de Estudos Turísticos de Galicia sobre a oferta de aloxamento no Camiño a Fisterra.

Analizáronse así mesmo o número e perfil das persoas que traballan nestes establecementos e os datos de creación de emprego.

Observamos que os establecementos son de tamaño pequeno, cunha media de dúas ou tres persoas traballando de maneira indefinida, como propietarios/as ou empregados/as.

Os propietarios soen ser un ou dous asociados e na súa maioría son familiares. Na temporada alta non contratan a ningunha persoa.

Polo tanto son microempresas que ofrecen servizos de hotelería e restauración para a subsistencia familiar, feito que explica a non creación de emprego na parroquia.

Impacto do consumo turístico

Existe un pequeno impacto positivo na facturación dos establecementos relacionado co incremento da peregrinación na zona. Así, dedúcese que só un 15% dos establecementos están dirixidos á demanda de servizos que provén da peregrinación. O resto dos casos a facturación é debida a público local.

Así mesmo, existe un impacto directo nos principais provedores, vinculando deste xeito á comunidade local e áreas xeográficas máis próximas. Pero este dato só é significativo nos establecementos que están dirixidos ás demandas dos/as peregrinos/as, demandas indirectas que xeran un volume de actividade e recursos da zona, que deberían terse en conta.

Perfil do cliente da oferta turística en Villestro

Analizamos neste punto as respostas das enquisas relacionadas co perfil dos principais clientes. Segundo os resultados só o 15 % establece como principais clientes os/as peregrinos/as. Os restantes establecen a poboación local como principais consumidores dos seus servizos.

Así mesmo, analizouse a estacionalidade que se establece principalmente no período estival, de maio a agosto principalmente.

Servizos que se ofrecen

En canto a servizos de aloxamento cabe destacar que todos están dirixidos a diferentes tipos de clientes, pero en ningún caso a súa maior ocupación é debida á demanda de peregrinos/as.

A oferta de servizos de aloxamento está diversificada, é dicir, dirixida a diferentes tipos de clientes, tal e como indican as enquisas realizadas.

A diferenza da oferta de restauración que está dirixida nun 70% a cliente local e un 20% ao peregrino/a e turista.

Conclusións a teor dos resultados

O impacto socioeconómico que a peregrinación está xerando nas comunidades locais é analizado a través da oferta de servizos e os seus principais usuarios.

- Os resultados das enquisas evidencian escasa dinamización que a peregrinación supón na actividade da comunidade local a pesar de que case a totalidade dos enquisados/as coinciden en que a principal potencialidade turística para este territorio é o Camiño a Fisterra e o seu patrimonio natural.
- Non existe unha clara relación entre o incremento da peregrinación no Camiño de Santiago–Fisterra e a dinamización social e económica na parroquia de Villestro.
- Territorio presenta unha gran debilidade na escasa oferta de servizos turísticos básicos e complementarios, a falta de establecementos coa marca Q de calidade ou o compromiso de calidade turística, a escasa cooperación intersectorial e xeración de sinerxías entre comercio e hostalería, e turismo e ocio, gastronomía e cultura na zona.
- A falta de estratexia a curto e longo prazo por parte das administracións para inserir as parroquias rurais na oferta integral do destino penaliza a dinamización turística do territorio.
- Detéctase como oportunidade o significativo aumento da peregrinación a Fisterra durante os últimos anos. O Camiño a Fisterra foi declarado como o segundo camiño máis importante despois do Francés en canto ao volume de peregrinación, case un 30% dos/das peregrinos/as que chegan a Compostela afirman ter a intención de continuar ata Fisterra e/ou Muxía. A teor das estatísticas, o aumento do volume da peregrinación é progresivo. Obsérvase que moitas máis persoas realizan o Camiño a Santiago anualmente que aquelas que fan o Camiño a Fisterra. A variación absoluta das Compostelas é de 92.000 credenciais máis que no 2004; mentres que a variación absoluta das "Fisterrás" é de case 9.000 para o mesmo período. Porén, en termos relativos, a diferenza relativa entre valores observados, o crecemento é maior no caso das "Fisterrás" xa que supón un aumento do 94%, mentres que as Compostelas un 51.2%. (datos entre 2004- 2010).

Capítulo 4

O diagnóstico e o deseño das estratexias e accións turísticas para a parroquia de Santa María de Villestro.

Análise DAFO do sistema turístico na parroquia de Santa María de Villestro.

Unha vez analizados e valorados os compoñentes do sistema turístico desta unidade, pasaremos a aplicar a análise DAFO a cada un dos compoñentes

Figura 16: Diagnóstico: os recursos turísticos

Aspectos desfavorables	Aspectos favorables
Degradación progresiva de numerosos espazos de potencialidade turística baixo iniciativas de ordenación territorial pouco racionais co medio.	Calidade e prestixio do destino Santiago de Compostela e o seu Camiño.
Insuficiente dotación infraestrutural. (Accesos, sinalización e acondicionamento)	Complementariedade con outros recursos do ámbito.
A competencia directa de Santiago e a súa área, con maior madureza na xestión dos recursos.	Recursos diferenciadores e con gran capacidade de explotación turística.
A non realización de estudos de capacidade de carga arrisca a sostibilidade.	Novas tendencias do mercado turístico (slow turismo).
Importante patrimonio arqueolóxico sen protección, catalogación nin posta en valor.	Axentes do territorio implicados na valorización do patrimonio arqueolóxico.
Escaso aproveitamento turístico do Camiño de Fisterra.	Iniciativa privada para dinamizar as rutas BTT.
Escasa ou nula oferta de turismo activo.	
Escasa iniciativa veciñal para revalorizar o patrimonio natural e cultural degradado (ribeira do río e muíños).	
Escasa sensibilización e concienciación veciñal da importancia do patrimonio arqueolóxico.	

Figura 17: Diagnóstico: infraestrutura xeral

Aspectos desfavorables	Aspectos favorables
Aumento dos impactos negativos no medio pola instalación de sistemas de gas.	Rápido acceso a autovía, autoestrada, aeroporto e estación do tren.
Contaminación visual do ámbito pola construción de elementos alleos ao plan de ordenación municipal.	Boa comunicación por estrada con Santiago de Compostela.
Mal estado do sistema de depuración de augas e do ámbito dos ríos.	Recursos de patrimonio con indubidable interese.
Mal acceso por unha das entradas ao val.	Situación moi próxima a un dos principais destinos de peregrinación do mundo.
Protección inadecuada do patrimonio existente.	Non acusa problemas de saturación.
Desigualdade de acceso a transporte entre os núcleos.	Diversidade paisaxística e riqueza ambiental.
Presenza nula de zonas de aparcadoiro públicas.	O Camiño a Fisterra- Muxía atravesa o territorio.
Despreocupación por parte da poboación local en limpeza e conservación dos seus montes.	Capacidade de explotación hidrolóxica.
Baixa sensibilización pola eliminación das barreiras arquitectónicas.	Existencia de equipamentos deportivos, terapéuticos e educativos.
Escasa sinalización do territorio.	Acceso a praias a poucos quilómetros.
Pouca información sobre os recursos da zona no conxunto do destino.	Interese no Patrimonio por parte de concellos lindantes.
Concentración dos servizos turísticos na parte sur do territorio.	Posibilidade do aproveitamento de terreo para explotación agrícola e gandeira.
Necesidade de desprazamento da poboación local para servizos básicos (supermercados, correos, sanidade etc).	Incremento da concienciación polo turismo sostible.
	Oportunidade de negocios en servizos básicos e complementarios.

Figura 18: Diagnóstico: infraestrutura turística

Aspectos desfavorables	Aspectos favorables
Falta de aloxamentos con encanto.	Crecemento da oferta de aloxamento no medio rural.
Escasa profesionalidade no sector.	Certa experiencia no sector servizos nos últimos 10 anos.
Alta estacionalidade turística.	Aparición das novas sociedades da información.
Alta atomización.	Axudas públicas ao investimento privado.
Ausencia de central de reservas	Axudas para certificar a calidade dos establecementos.
Falta de asociacionismo.	Privilexiado co itinerario cultural Camiño de Santiago a Fisterra.
Falta de planificación provoca falta de clima de confianza para que o sector privado "arrisque" e invista.	Proximidade á Cidade Patrimonio con gran fluxo de visitantes.
Políticas de subvencións que coarta a iniciativa privada.	Proximidade a infraestruturas de comunicación e transportes viarias e aéreas.
Descoñecemento das potencialidades turísticas do territorio.	Riqueza gastronómica e enolóxica na bisbarra.
Ausencia de oferta turística desestacionalizadora.	Nivel de prezos alcanzables.
Ausencia de oferta complementaria para o excursionista.	Conciencia colectiva de mellora.
Ausencia de canles de comercialización axeitadas ao mercado.	Hospitalidade e tranquilidade.
Baixa profesionalización na comercialización dos produtos turísticos.	Destino próximo á cidade e a prezos alcanzables .
Deficiente formación profesional do sector.	Ámbito excepcional para o turismo cultural- arqueolóxico e de natureza.
Reducida cooperación entre empresas do sector.	Revalorización do patrimonio arqueolóxico, histórico e ambiental.
Escaso aproveitamento dos fluxos de peregrinos para xerar oferta turística.	Fomento do turismo dirixido a determinados colectivos (3ª idade, infancia...) para aliviar a estacionalidade.
Indefinición no posicionamento como destino turístico do rural de Santiago de Compostela.	Turismo como elemento de diversificación produtivo e xerador de emprego.
Incapacidade para atraer a poboación local da área de influencia con oferta turística daytrip.	Promoción a través de mercados turísticos maduros.
Deficiencias no sistema de información turística.	Aumento da demanda do turismo de natureza.
Carencia en servizos públicos.	
Forte competencia do mercado turístico (Santiago de Compostela).	

Figura 19: Diagnóstico: a oferta complementaria

Aspectos desfavorables	Aspectos favorables
Baixa categorización na oferta de restauración actual.	Gran potencial natural para realizar actividades na natureza: sendeirismo, cicloturismo, coutos de caza e pesca, etc.
Gastronomía autóctona infrautilizada.	Oportunidades para o medio fluvial.
Escasa oferta de empresas de turismo activo.	Sensibilización cara á natureza e o medio.
Escasa oferta de actividades indoor.	Implicación da Administración na posta en valor do patrimonio arqueolóxico.
Inexistencia de guías turísticos e animadores socio - culturais que impulsen actividades de ocio.	

Figura 20: Diagnóstico: os recursos humanos

Aspectos desfavorables	Aspectos favorables
Escasa profesionalidade do empresariado.	A bisbarra e o concello Santiago de Compostela dispoñen dunha abundante e cualificada man de obra.
Falta de formación no persoal.	Apoio institucional para a formación do persoal con cursos a cargo da Administración.
Falta de persoal especializado.	
Alta porcentaxe de mulleres e mozos non integrados no mercado laboral.	
Falta de asociacionismo e espírito emprendedor.	
Perdas de oficios e tradicións.	
Erosión cultural da poboación.	
Elevado grao de localismo (escasa colaboración e coordinación intramunicipal).	
Situación de crise económica.	

Deseño das estratexias e propostas na creación de produtos.

Obxectivos xerais

Á hora de formularmos calquera estratexia de desenvolvemento para un territorio en cuestión debemos ter presente que toda estratexia integral de desenvolvemento turístico debe ter en conta unha serie de obxectivos. Debe perseguir un equilibrio territorial, medioambiental e socioeconómico, ou o que é o mesmo, una estratexia de desenvolvemento sostible, que busque mellorar a rendibilidade social, económica e medioambiental da comarca a través do sector turístico.

O obxectivo fundamental deste traballo para a parroquia de Santa María de Villestro é realizar propostas co fin de conseguir un desenvolvemento integral do turismo neste territorio.

Na diagnose realizada, recalcábase a gran riqueza de recursos naturais e o variado e importante patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico dos que dispón a zona de actuación, o que axudará a fomentar a creación de novos produtos turísticos, que sendo coherentes cun desenvolvemento sostible e integrado serán capaces de achegar innovación e orixinalidade ao territorio. Entre os retos máis importantes que hai que afrontar para lograr estes obxectivos temos:

Creación de novos produtos turísticos e potenciación dos actuais, transformando os recursos existentes.

Fomento e potenciación da oferta hoteleira con encanto.
Creación de oferta básica específica para os peregrinos.
Fomento e potenciación da oferta complementaria.
Difusión e comercialización da oferta na comarca.
Facilitar o acceso ás novas tecnoloxías da información aos axentes implicados no sector.

As estratexias

As estratexias estarán orientadas a minimizar os problemas que se detectaron na diagnose, como por exemplo:

- Posta en valor dos recursos
- Formación e fomento da cultura emprendedora
- Infraestrutura turística
- Accesibilidade e infraestruturas
- Promoción e comunicación

Posta en valor dos recursos

Neste territorio foron atopados variados recursos patrimoniais sobre os que traballar para convertelos en recursos competitivos de atracción turística. Para que isto sexa posible é necesario:

- Completar a catalogación dos recursos existentes.
- Traballar no acondicionamento e na conservación destes recursos.
- Mellorar a accesibilidade aos recursos.
- Eliminación dos vertedoiros ilegais presentes na área natural.
- Mellora do sistema de depuración de augas residuais de Santiago de Compostela.
- Coordinar as actuacións da Administración pública coas demandas e necesidades da poboación local.
- Creación de rutas diúrnas e nocturnas pola contorna.
- Creación dun Centro de Interpretación da Arte Rupestre.
- Creación dun centro BTT.
- Promocionar e comercializar o produto turístico e os seus recursos.

Formación e fomento da cultura emprendedora

- Estimular a asistencia a cursos de formación, que serán valorados á hora de obter certificacións de calidade.
- Formación de guías especializados nos produtos e características do destino.
- Promover a oferta de cursos de reciclaxe para sectores en crise co obxecto de favorecer a súa incorporación no sistema turístico rexional.
- Estimular a formación para a calidade e responsabilidade medioambiental.
- Favorecer a creación de empresas de servizos turísticos.
- Fomentar a sensibilización cultural e ambiental da rede empresarial.
- Fomentar o emprendemento en servizos básicos.
- Estimular a recuperación dos sistemas agrarios tradicionais e revalorizar a actividade do sector primario entre a poboación local desta parroquia para a inclusión na iniciativa Cinturón Verde de creación dunha cooperativa agraria en Santiago de Compostela.

Infraestrutura turística

- Cualificar a oferta de aloxamento.
- Favorecer o aloxamento hoteleiro fronte ao de segundas residencias.
- Incentivar a creación de hoteis con encanto e estabelecementos de turismo rural.
- Promover o vínculo entre SEGITUR (Sociedad Estatal de Gestión de la Información Turística) e as empresas turísticas da zona, favorecendo a súa incorporación no uso das TIC (tecnoloxías da comunicación e da información).
- Promover a oferta de turismo activo.
- Incentivar a creación de oferta complementaria orientada a un turismo familiar.

- Favorecer a creación dun centro de referencia vinculado á hípica que promova actuacións relacionadas coa formación, coidado dos animais, competición, recreo (rutas de sendeirismo), saúde (hipoterapia) etc.

Accesibilidade e infraestruturas

Un dos elementos clave para o desenvolvemento turístico dunha rexión é contar cunha accesibilidade idónea, cuestión que neste caso deberase afrontar se o obxectivo é converter a zona nun destino turístico competitivo. Para isto fai falta:

- Promover a sinalización na autovía Santiago - Noia e desde outros accesos a este territorio.
- Mellorar a accesibilidade aos recursos.
- Aumentar a frecuencia e as conexións do transporte público igualando o acceso a todos os núcleos de poboación de Villestro.
- Aumentar as prazas de aparcamento público.
- Estimular a posta en marcha dun autobús turístico que, cunha frecuencia regular, realice paradas nos principais puntos de interese favorecendo a mobilidade dos fluxos e promovendo a imaxe conxunta do destino.
- Eliminar as barreiras arquitectónicas.

Promoción e comunicación

- Crear una marca asociada a una imaxe conxunta.
- Establecer un Centro de Interpretación e Información do territorio situado preferentemente nun punto que sexa accesible e que permita a distribución dos fluxos.
- Integrarse na rede de Oficinas de Información Turística cuns criterios homoxéneos de imaxe, calidade no servizo, horarios, información facilitada etc.
- Crear unha web promocional acorde á marca do destino que sexa eficaz na busca de información para concretar a viaxe ou a visita individual organizada e que permita a contratación e reserva dos servizos. Esta canle debería tamén estimular a comunicación coa poboación e as entidades implicadas do destino turístico.
- Crear folletos, publicacións e outro material promocional de calidade que conteña unha mensaxe acorde a marca e que estea segmentado en función dos produtos ofertados e dos mercados obxectivos.
- Realizar actuacións no campo do marketing directo e das relacións públicas.
- Uso das TIC na promoción.
- Traballar en rede con destinos de similares características e tamén cos veciños.

Estratexias por produtos

Prioridade alta

Aqueles produtos nos que se debe concentrar o máximo dos esforzos e actuacións e onde o destino deberá posicionarse claro respecto dos seus públicos obxectivos e competidores.

Produtos para soster e equilibrar	Turismo cultural: Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía
Produtos para desenvolver	Turismo cultural: turismo arqueolóxico
Produtos para potenciar	Turismo de natureza

Prioridade media

Produtos cun potencial competitivo menor e que se ben non constitúen o groso da actividade turística, dada a complementariedade cos produtos prioritarios e as sinerxias positivas que xera, deben ser obxecto de potenciación dentro da política turística do destino

Produtos para potenciar ou desenvolver	Turismo gastronómico
	Festas e romarías

Produtos prioritarios

Turismo cultural

Para que o destino poida atraer a este tipo de turismo deberanse ter en conta factores moi importantes que afectan a súa xestión como son: a flexibilidade horaria das visitas aos lugares de interese, que os accesos sexan doados e a sinalización clara, que exista unha boa rede de servizos complementarios e que exista un equipamento hoteleiro acorde coa demanda. Esta oferta de aloxamento podería estar vinculada co patrimonio existente, sendo recomendable que se trate sempre dun aloxamento de baixa densidade.

Vinculado a este segmento e, considerando o rico patrimonio da zona, poden desenvolverse produtos específicos vinculados á arqueoloxía, ao patrimonio intanxible, etc.

Os mercados obxectivo para este tipo de turismo son: poboación local e visitantes (turistas e excursionistas) que se acheguen a Santiago de Compostela.

Camiño a Fisterra-Muxía.

Centro de interpretación de Villestro.

Este espazo multifuncional planearíase como una porta de entrada ao territorio e tería varios espazos diferenciados pola amplitude do territorio a interpretar e pola diversidade dos recursos interpretables identificados que merecen ser tidos en conta. Estes espazos para a interpretación do patrimonio terán, por unha parte, a función de orientar as visitas do público interesado en coñecer a oferta turística da contorna de Santiago e, por outra, provocar o interese por coñecer o patrimonio a través dunha formulación expositiva.

Espazo interpretativo sobre o Camiño de Santiago

Crear un espazo expositivo na antiga Escola Unitaria de Feáns, en Villestro, do Camiño de Santiago a Fisterra - Muxía. A través do fondo documental existente reconstruirase a historia deste Camiño. Con esta pequena exposición pretenderase dar a coñecer a todos os usuarios os puntos de interese actuais que poidan atopar, así como referencias históricas a feitos ou lugares que tiveron algún tipo de sona ou recoñecemento no percorrido do Camiño.

Obradoiros.

Obradoiro de reciclaxe. Actividade de confección da vestimenta típica do peregrino a partir da reciclaxe de materiais usados.

Obradoiro de mitoloxía galega. A partir da lenda do apóstolo Santiago e a súa relación coa raíña Lupa, pódense realizar obradoiro sobre a mitoloxía galega, na que se trate o tema das mouras e dos mouros. Teranse en conta aspectos do mito relacionado cos fenómenos da natureza, así como a resposta humana en forma de lendas e saberes que expresan ese mito a través das crenzas populares.

Teatro. Desenvolveranse xogos de *role play* e/ou teatralizacións tomando como base as lendas xeradas arredor do Camiño de Santiago: a lenda da raíña Lupa, o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago, a Virxe da Barca.

Charlas divulgativas.

Regularmente, serán invitados expertos en temas relacionados co ámbito da peregrinación en xeral, e co Camiño de Santiago en particular, co obxectivo de achegar ao público interesado información sobre este fenómeno de carácter mundial.

Xornadas científicas.

Puntualmente, estudarase a posibilidade de organizar xornadas temáticas que reúnan a investigadores co fin de profundar no coñecemento científico.

Exposicións temporais.

Estabelecerase un espazo reservado para profundar en aspectos relacionados coa peregrinación como complemento á exposición permanente.

Rutas interpretativas do Camiño de Fisterra-Muxía

Aproveitarase que o trazado do Camiño de Fisterra-Muxía atravesa a parroquia de Villestro para elaborar varias propostas con diversos niveis de dificultade e duración, nas que se dea a coñecer a historia, a paisaxe e o significado deste itinerario cultural milenario.

Xúntase a ruta cultural-ecoturística "O noso Camiño", deseñada e testada durante o Obradoiro Ecotur Santiago (anexo).

Xúntase a unidade didáctica "Pequegrinos/as no Camiño", deseñada e testada durante o Obradoiro Ecotur Santiago (anexo).

Creación do Bosque do Peregrino

A paisaxe tradicional que rodea o Camiño de Santiago viuse alterada en gran medida pola introdución de especies foráneas, como o eucalipto ou as mimosas. Con esta proposta preténdese recuperar a paisaxe propia, polo menos no que atinxe á área de protección do Camiño de Fisterra-Muxía. O traxecto de monte de eucalipto situado entre o núcleo do Carballal e o núcleo de Quintáns considérase o lugar máis oportuno para levar a cabo esta iniciativa de repoboamento con especies autóctonas. Os propios peregrinos que fagan este camiño serían os encargados de plantar e coidar as árbores propostas: autóctonas e de crecemento lento como o carballo ou o castiñeiro. Cada árbore terá unha identificación que facilite o seu seguimento a través do emprego das TIC.

Turismo arqueolóxico.

Centro de Interpretación de Villestro
Espazo de Interpretación de Arte Rupestre

Preténdese espertar o interese e curiosidade sobre o noso pasado, de maneira que se facilite a comprensión da prehistoria. Neste senso, traballarase co obxecto de dar a coñecer as formas de vida e a tecnoloxía dos humanos na prehistoria. Como resultado destas accións, conseguirase unha mellor valoración da riqueza do noso patrimonio histórico e fomentar o seu respecto.

A recreación dun pequeno poboado, integrado por varias cabanas, pretende achegar o visitante á vida cotiá durante a Idade de Bronce. Trata de ilustrar ao espectador sobre aqueles aspectos que a investigación arqueolóxica vai descubrindo e que permite que este poida retrotraerse ao pasado e observar, de maneira directa, aspectos como a organización funcional do poboado, o sistema construtivo e a forma das cabanas, ou as especies que cultivaban e os animais que coidaban os seus habitantes.

Obradoiros

O Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre debería ofrecer a seus visitantes a posibilidade de achegarse á vida cotiá no tempo dos petróglifos, de maneira didáctica, lúdica e participativa, a través de diferentes obradoiros adaptados a todos os públicos.

Traballando con arxila. Modelar con arxila recipientes como os da Idade de Bronce, e ir descubrindo tanto os materiais que empregaban como as técnicas de manufactura, as decoracións e os usos que lles daban aos distintos recipientes.

Descubrindo os tesouros das pedras. Facer calcos dos petróglifos e recompilar toda a información que nos poidan fornecer.

Crea as túa propias xoias prehistóricas. Deseño e creación con arxila polimérica de figuras, abelorios e xoias, con motivos extraídos da arte rupestre.

Nacemento da escritura. A partir da interpretación dos petróglifos como antecedentes da escritura, este obradoiro fai fincapé no nacemento dos sistemas gráficos de comunicación e a súa evolución ata chegar ao noso actual alfabeto.

Obradoiro de debuxo. Realizaranse xogos educativos de pintura, sobre o conxunto da arte rupestre e a prehistoria.

Exposicións temporais.

Obradoiros. Os obxectos resultado dos obradoiros realizados no centro, poderán ser obxecto de exposición temporal.

Outras exposicións. Estabelecerase un espazo reservado para profundar en aspectos relacionados coa arte rupestre como complemento á exposición permanente.

Charlas divulgativas.

Regularmente, serán invitados expertos en temas relacionados coa prehistoria galega co obxectivo de achegar ao público interesado información actualizada.

Xornadas científicas.

Puntualmente, estudarase a posibilidade de organizar xornadas temáticas que reúnan a investigadores co fin de dar a coñecer os últimos avances neste campo científico.

Rutas interpretativas da Arte Rupestre

En colaboración coas entidades que rodean a Villestro (parroquias de Figueiras e de Conxo, concello de Ames) é moi factible elaborar diferentes propostas con diversos niveis de dificultade e duración, nas que se dea a coñecer este rico patrimonio prehistórico.

Xúntase a Ruta circular-diúrna "Os petróglifos do val de Roxos" deseñada e testada durante o Obradoiro Ecotur Santiago (anexo).

Formación de guías e intérpretes da Arte Rupestre

Incluímos unha unidade didáctica para a formación específica de guías neste tipo de recurso turístico.

Turismo de natureza.

Este produto turístico vive nos últimos anos un importante crecemento por parte da demanda que busca un turismo diferente en destinos auténticos e valora dunha maneira especial a contorna e o medio ambiente.

Os mercados obxectivo para este tipo de turismo son a poboación local e os visitantes (turistas e excursionistas) que se acheguen a Santiago de Compostela.

Proposta de actuacións

- Creación de unha rede de miradoiros de grande interese turístico.
- Creación dunha rede de sendeiros tanto de curto como de longo percorrido.
- Fomento do sendeirismo.
- Creación dun centro BTT.
- Creación de rutas de bicicleta.
- Organizar unha oferta formativa especializada na educación ambiental.
- Creación dunha zona no río Roxos habilitada para o baño.
- Mellora do paseo fluvial ao longo do río Roxos (sinais, pasarelas, paneis informativos).
- Implicación da poboación local no proxecto Bosque do Peregrino.
- Fomento de empresas dedicadas aos deportes acuáticos e de aventura.

Creación dun espazo botánico

Creación dun espazo capaz de ir xerando en fases sucesivas un xardín botánico con especies autóctonas de plantas e flores (reconstrución dos ecosistemas naturais do val de Roxos). Un espazo botánico que desenvolva por outra parte a capacidade de organizar eventos de dinamización, ofrecendo servizos de consultaría de xardinería e agricultura ao público en xeral, desenvolvendo unha actividade pedagóxica destinada a satisfacer a demanda de diferentes colectivos con especial atención ao público escolar.

Obradoiros

Experimenta coa auga. Realizarase unha depuración de auga con elementos naturais, a proba dos vasos comunicantes, descubrirase como se forma a néboa etc., e observaranse co microscopio diferentes tipo de auga con diversos seres vivos.

Experimenta coa terra. Realizaranse probas de texturas con diferentes tipos de terra, a erosión de distintos tipos de rocha, e coñeceranse os minerais más rechamantes, etc.

Experimenta coa flora. Realizaranse experimentos da clorofila das plantas, de xerminación de sementes etc., e observaranse co microscopio distintas plantas, as súas flores, follas, sementes e as esporas dos feitos.

Experimenta coa fauna. Busca no espazo exterior do centro algún animal para a súa observación e estudio de comportamento por exemplo: formigas, caracois, vermes etc. Tamén se poderá observar co microscopio estes animais, ademais de ver rastros y pegadas.

Espertar das sensacións. ***Percepción táctil dos olores:*** Realizando unha pequena ruta adaptada ás necesidades do colectivo, iremos apañando elementos de materia inerte como paus e cascas de árbores, pedras, terra, papeis, coiro o plásticos para apreciar mediante o tacto as diferentes texturas. Ao mesmo tempo percibiremos o olor que xorde en cada un deles, apreciando as diferenzas co fin de identificalos mellor. Pasaremos despois a fixarnos nos vexetais como plantas, herbas, polas de arbustos e árbores..., co mesmo obxectivo de diferencialos polo tacto e cheiro descubrindo cómo algúns nos atraen pola suavidade da súa textura e outros, en cambio, prodúcenos incomodidade pola aspereza ou cheiro desagradable. Poderemos finalizar co ***xogo da identificación:*** tapando os ollos ao participante. Terá que descubrir polo nome o tipo de planta que ten nas súas mans.

Produtos secundarios

Festas e romarías.

A parroquia de Villestro, ademais das habituais festas patronais, conta con dous acontecementos que particularizan a este territorio: a Romaría do Deporte e a Festa da Gaita. Non contan cunha traxectoria moi ampla, pero a veciñanza está moi implicada no seu desenvolvemento.

Público obxectivo: poboación da parroquia e da poboación local de Santiago e arredores.

Proposta de actuacións

- Elaboración dun calendario de festas anual para promover conxuntamente a variedade e cantidade de celebracións da comarca.
- Promoción da Romaría do Deporte entre os clubs de fútbol da comarca.
- Ampliación da presenza doutros deportes nas actividades desenvoltas na Romaría do Deporte, e conseguinte implicación doutros clubs deportivos.
- Promoción da Romaría do Deporte nos centros educativos e centros socioculturais.
- Participación dos centros educativos presentes na parroquia a través dunha xornada de convivencia deportiva en datas próximas á Romaría do Deporte (venres previo ou luns seguinte).
- Asegurar a continuidade tras a I Festa da Gaita logrando a implicación da asociación veciñal.
- Fomentar a participación doutras asociacións musicais da comarca.

- Recuperación do obradoiro artesanal de creación de gaitas en Fraís e fomento desta actividade tradicional.

Turismo gastronómico.

O turismo gastronómico, cun enorme potencial en toda a comunidade galega, é outro complemento fundamental do turismo cultural que se recomenda potenciar na rexión.

O val de Roxos conta cunha tradición agraria que fornece unhas excelentes materias primas grazas ao seu clima apracible que permite diferenciarse doutras zonas do concello de Santiago de Compostela.

Proposta de actuacións

- Apoiar o emprendemento no marco do proxecto Cinturón Verde de cooperativas agrarias, que recuperen a paisaxe agraria da bisbarra, favorecendo a profesionalización do sector.
- Ofrecer formación para unha maior profesionalidade dos traballadores no sector.
- Apoiar e fomentar o emprendemento na oferta turística básica.
- Fomentar unha gastronomía que empregue materias primas do territorio.
- Crear e promocionar a cooperación entre entidades da oferta básica e da oferta complementaria para a creación de paquetes turísticos atractivos para o turista.
- Estabelecer un itinerario gastronómico no conxunto da área rural de Compostela, con pasaporte que acredite o consumo nos locais participantes, para realizar un sorteo final no que se premie ao gañador.
- Crear produtos para os peregrinos: menús, pan especial (unha "bola do peregrino"), pícnic.

Conclusións

Presentamos este proxecto como un modelo metodolóxico didáctico aplicable aos obradoiros de emprego sobre promoción turística local e atención ao visitante. É un exercicio de reflexión que permite aproximarse de forma práctica aos principais compoñentes do sistema turístico que interveñen en todo proceso de desenvolvemento e dinamización turística. Á súa vez, facilita a coordinación e aplicación dos contidos teóricos que se esixen no certificado de profesionalidade, cunha intervención coherente e eficaz no espazo turístico obxecto de dinamización.

Este deseño global de aproximación á planificación turística dunha parroquia pode serlle útil ademais aos actores do territorio e aos responsables da xestión turística do destino como folla de ruta inicial para continuar un proceso que non ignoramos é complexo e de longo percorrido. Un dos aspectos que máis valoramos é a alta participación social. Aínda mesmo recoñecendo o carácter testemuñal e selectivo desta participación, parécenos moi importante que se puidese contar coa implicación e colaboración dos principais axentes económicos e sociais involucrados no turismo no territorio, tanto para o diagnóstico da situación coma para o deseño das accións e das estratexias.

Este proxecto elaborouse cunha visión a longo prazo, o que implica que as análises e diagnósticos realizados, que xeraron as estratexias e accións deseñadas, nos sitúan no lugar no que estamos e nos indican por que e a onde queremos ir. Pero falta concretar o que debemos facer e como facelo para ser competitivos e para captar os máximos segmentos de mercado obxectivo, é dicir continuar investigando tanto o produto como a demanda turística que obriga a aplicar estratexias de comercialización e mercadotecnia máis complexas. Por outra parte, intentouse que as liñas estratéxicas de actuación sexan claras, doadamente comprensibles e que tamén faciliten o máximo de sinerxías posibles.

Insistimos, a principal achega deste traballo radica na súa aplicación práctica xa que máis alá dos obxectivos académicos, as estudantes puideron poñer en práctica os coñecementos adquiridos.

Por outra banda, unha das principais conclusións que podemos derivar deste estudo é a prioridade de seguir potenciando as infraestruturas, a diversificación e creación de produtos baseados en recursos culturais e do medio físico que tanto abundan nesta zona, así como o aproveitamento do patrimonio arqueolóxico cuxo legado pode ser o elemento diferenciador que fundamente e estruture o modelo turístico que desexamos. Este modelo conformarase implantando novas fórmulas de xestión empresarial, reforzando e afrontando estratexias diversas de promoción e diferenciación, propiciando novas alianzas entre todos os subsectores, así como estimulando a innovación continua que asegure a captación, desenvolvemento e fidelización do mellor capital humano. É fundamental definir os escenarios de futuro desexados en torno a unha visión estratéxica público-privada de longo prazo, o máis converxente e consensuada posible e amparada á súa vez nunha maior colaboración e valoración da poboación cara ao turismo.

O obxectivo deste estudo é definir unha estratexia para o desenvolvemento económico e social do val de Roxos-Villestro. Non debemos esquecer que a elaboración de estratexias territoriais, baixo diversas denominacións, está consolidado como o principal instrumento de

planificación para facilitar o desenvolvemento económico e social e axustar os seus impactos territoriais e ambientais. Os plans estratéxicos nacen nas últimas décadas para facer fronte ás novas esixencias de desenvolvemento económico e social e as consecuencias territoriais e ambientais deste.

Aínda que este proxecto non pode ser clasificado como un plan, baséase na participación de diferentes axentes económicos e tecido asociativo da parroquia de Villestro e traza un proceso de planificación estratéxica a medio e longo prazo favorecendo a consecución básica dun proceso de desenvolvemento sostible do territorio mediante:

- A participación activa da veciñanza e dos axentes económicos e sociais da parroquia, garantindo así que conte con suficiente respaldo.
- Unha adecuada ordenación da participación para conquerir que esta sexa efectiva.
- A identificación de iniciativas que permitan dinamizar socioeconómicamente a parroquia mediante a atracción de plans de emprego e asentamento da poboación local.

Anexos

Anexo 1

■ Proposta de ruta cultural - ecoturística:

Nome: O noso Camiño. A arte de peregrinar a través do tempo

Resumo: Varios son os camiños que chegan a Compostela, pero só hai un que sae da cidade cara a fin da terra. **O Camiño de Fisterra** é o epílogo e prolongación da experiencia xacobea. Achégate a un tramo deste camiño milenario, explora outras formas de coñecer, apreciar e querer a nosa terra... o presente e pasado da contorna de Santiago, a súa riqueza arqueolóxica, o seu patrimonio, a historia da súa xente, aldeas e paisaxes...

Convidamosche a vivir a peregrinación, como unha experiencia viaxeira auténtica, con un ritmo diferente, máis pausado**.** A capacidade do Camiño para potenciar o intercambio cultural, a solidaridade e hospitalidade...sorprenderante.

Inicio: 09.00h. Praza do Obradoiro.

Fin: Centro de Interpretación de Villestro CIVI

Distancia: 7,9 km

Duración: 3 horas

Dificultade: Media-baixa.

Recomendacións: Calzado axeitado, roupa cómoda e auga.

Itinerario:

1ª parada. Centro da Praza do Obradoiro. Presentación. O fenómeno da peregrinación a Santiago. O camiño de Fisterra. Unha das prazas máis emblemáticas e simbólicas de España. Meta de todos os Camiños, condensa a historia milenaria da cidade.

2ª parada. Balcón do Pazo de Raxoi. Introducción de Santiago como "Cidade de peregrnos". O Hospital e o Cemiterio de Peregrinos. A extinta muralla e Santiago extras muros. Saída pola otrora porta de Finisterre ou Porta da Trindade. O Camiño a Fisterra descendendo pola rúa das Hortas. Pausa no nº 37, na casa onde naceu Isaac Díaz Pardo.

3ª parada. Pombal-Poza de Bar. O papel da muller na peregrinación. Achegámonos á historia destes barrios. O clero, o comercio, a prostitución.

4ª parada. Carballeira de San Lourenzo. Os caminos a Finisterre: trazados, calzadas, miliarios...Carballeira centenaria que Rosalía de Castro inmortalizou no seu libro *Follas Novas*. Detrás atópase o convento de San Lourenzo de Trasouto, de importante valor artístico e botánico.

5ª parada. Río Sarela. A importancia histórica dos canles fluviais na articulación do territorio e na peregrinación. Pontes, regos, muíños, fábricas de curtidos...

6ª parada. Sarela de Abaixo. As Codeseiras: Breve alusión ao *translatio* do Apóstol. A lenda da raiña Lupa. Últimas vistas do "peregrino" sobre a cidade, a catedral, o Pico Sacro. Tempo para facer fotos.

Pausa. Sarela de Abaixo Invitación ao silencio, apreciación da peregrinación como experiencia instrospectiva, de reflexión, busca interior, observación...

Ao final dese tramo intercambio de experiencias e sensacións.

7ª parada. Lugar do Carballal. Porta de entrada á parroquia de Villestro. Cambios na fisionomía do entorno rural do Camiño a través do tempo.

Aldea típica galega; casas de labranza con hórreos, eira, etc. Un dos núcleos mellor conservados e restaurados da parroquia.

8ª Parada. A transformación da paisaxe xacobea: o eucalipto e o seu impacto no monte galego.

Pausa de bifurcación do camiño. Entrada ao Val de Roxos (castro e petróglifo) polo núcleo de Trasigrexa.

9ª Parada. Cruceiro do conxunto parroquial Santa Maria de Villestro. A importancia dos cruceiros e dos camiños procesionais.

Testemuñas dos veciños da parroquia de Villestro sobre os cambios no trazado orixinal do Camiño.

10ª Parada. Atrio do conxunto da igrexa de Santa María de Villestro:

Introducción etnográfica do Val de Roxos, o río Roxos e os seus muiños. Os núcleos da parroquia, as canteiras proveedoras de pedras ao Santiago medieval. Fotos antigas do val.

11ª Centro de Interpretación de Villestro CIVI. Introdución aos petróglifos e ao arte rupestre.

Introdución aos petróglifos, á arte rupestre e ao proxecto de recuperación do patrimonio arqueolóxico do Val de Roxos. Posibilidades e / oferta de visitas / rutas aos gravados prehistóricos. Se vos apetece repoñer forzas, podedes optar por algún dos establecementos de restauración da parroquia. ***www.centrointerpretacionvillestro.org.*** Ocasión única para gozar dun ambiente distendido e amigable, coa xente do lugar.

Textos e audioguía wikiloc e **www.centrointerpretacionvillestro.org**

Anexo 2

■ Proposta de Unidade Didáctica dirixida aos CEIPs de Galicia e oferentes de actividades didácticas e lecer infantil.

Nome da actividade: Ruta "PEQUEGRINOS E PEQUEGRINAS NO CAMIÑO SANTIAGO A FISTERRA".

Contido: Santiago de Compostela era unha pequena cidade que medraba na volta da catedral, estaba protexida por uhna muralla que a rodeaba. Xentes de todo o mundo viña a visitar o sepulcro do Apóstol Santiago e tamén a vender e intercambiar produtos do rural e de toda Galicia.

Esta actividade consiste en percorrer os primeiros kilómetros do Camiño a Fisterra sin sair do Concello de Santiago de Compostela. Propoñemos que sexades peregrinos e peregrinas por unhas horas, iredes descubrindo como era a vida cotiá no Santiago medieval e a vida do seu entorno rural. Acercarédesvos a cultura e a historia de forma próxima, entretida e adaptada aos/as nenos e nenas. Aprender a valorar a historia dunha forma accesible e poñer en valor o noso rural e o turismo sostible é un dos obxetivos desta actividade.

É un percorrido de nivel moi suave ideal para idades entre os 6 e os 12 anos acompañados por un/a mestre/a.

Tipo de actividade: Ruta exterior a pé.

Duración: 3.7 km e 2h aproximadamente.

Dificultade: baixa.

Punto de saída: Praza do Obradorio.

Punto final: Moas de Abaixo.

Paradas recomendadas para actividades: Praza do Obradoiro, Carballeira de San Lourenzo, Ponte Sarela, Sarela de Abaixo.

Actividades recomendadas: Confección de indumentaria típica do peregrino e da peregrina (cabaza, cuncha…), actividades de sentidos, realización de quebracabezas, búsqueda do tesouro, collages, cancións…

A ruta será máis divertida e didáctica si o/a mestre/a prepara o percorrido. Para elo dámosvos unha serie de pautas:

As saídas teñen un específico valor educativo, didáctico e social. Son actividades escolares; polo tanto, deberán estar relacionadas claramente cos obxetivos sociais, pedagóxicos ou didácticos da ensinanza e ser preparadas e aproveitadas nas actividades da clase.

Antes: preparación da saída

1 Visita previa do mestre/a, para s aber qué tipo de actividades poden realizarse e en canto tempo.
2. Recopilar información do lugar de estudio para poder planificar mellor as actividades e saber contestar as preguntas que formulen o alumnado.
3. Programación da saída: fixaremos obxetivos, contidos e actividades a realizar na saída.
4 Coñecer o que os alumnos/as saben sobre o tema, mediante actividades de coñecementos previos .
5 Motivar aos alumnos/as é fundamental, imos acercar ao alumno/a ao tema e a provocar o interese dos alumnos pola realidade que teñen que aprender.
6. Informarlles do que van a facer. poden tomar decisións sobre o que desexan facer e sobre cómo agruparse, podemos formar equipos, e preparar para o día da saída unha tarxeta de identificación para cada neno e nena: en cartulina de diferentes cores para cada equipo.
7. Explicarlles o que deben levar: roup a axeitada, calzado deportivo, comida, auga,etc.

Trala actividade:

O aproveitamento da saída non remata, como aínda creen algúns profesores/as, coa volta ao centro. Durante o día ou días seguintes pódense crear situacións de comunicación e intercambio do visto e do material recollido (follas, froitos, fotografías, materiais ofrecidos polas persoas do lugar...), así como levar aos nenos e as nenas a que o expresen mediante a linguaxe plástica, a expresión corporal, a música, etc.

1. Unha posta en común.
2. Realizar diferentes actividades conectadas coa saída.
3. Facer actividades complementarias.
4. Facer unha evaluación posterior todos xuntos, profesores/as e alumnos/as, para reafirmarse no procedemento seguido ou buscar otro mellor. Aquí entramos nós e para elo realizamos un caderno de viaxe que podedes descargar en formato pdf, (web CIVI) e completarlo ao ritmo que queirades na clase, pode orientarvos a preparar a saída e organizar a información e actividades que se van a realizar.

Tamén dispoñedes dun enlace con xogos interactivos relacionados coa peregrinación e o entorno paisaxístico- natural autóctono.**www.centrointerpretacionvillestro.org**

*Esta actividade está dirixida a centros educativos principalmente de primaria e guías e animadores socioculturais que desexen incluila na súa oferta didáctica e de ocio infantil .

Mapa do percorrido, itinerario proposto:
http://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=875066

Anexo 3

Proposta de unidade didáctica:
Curso de Guías Interpretación Patrimonio Arqueolóxico

1. Introdución

A Interpretación do Patrimonio Arqueolóxico é unha disciplina excepcionalmente útil para os profesionais que traballan ou desexan traballar en lugares con interese patrimonial arqueolóxico, xa que esta ferramenta facilita a comunicación e a xestión do lugar respecto aos visitantes e á poboación local.

Todos sabemos que é fundamental manterse ó día e seguir formándose tanto no campo no que xa realizamos a nosa labor profesional como nos momentos nos que estamos a buscar emprego ou se decidimos emprender unha nova vía laboral.

Este curso ofrece una ampla formación en Interpretación do Patrimonio Arqueolóxico incluíndo contidos significativos e actuais e conseguindo así lograr un perfil profesional de intérprete de Patrimonio Arqueolóxico.

O primeiro texto no que aparece a expresión "Patrimonio Arqueolóxico" é a Recomendación da UNESCO de 1956, que define os Principios Internacionais que deberán aplicarse ás Escavacións Arqueolóxicas.

É de interese mencionar aquí como J. M. de Barandiaran en 1947 escribía no desterro, na revista Ituska, que alí fundou, estas palabras: "Es preciso que los organismos oficiales se interesen por la protección y conservación de los monumentos prehistóricos, preciosos archivos, que guardan las reliquias de un pueblo, únicos restos que nos transmiten los ecos de una cultura hace tiempo desaparecida. Y a este respecto - continúa Barandiaran - son monumentos todos los yacimientos, que encierran vestigios prehistóricos. Hay que asegurar la protección de tales monumentos, reglamentar el acceso a ellos y velar por su metódica exploración y por el destino de sus productos". Esta chamada de fai 67 años non pode ser máis moderna.

2. Obxectivos da formación

Na acción formativa que propoñemos no Curso de Guías de Interpretación de Patrimonio Arqueolóxico, perseguimos os seguintes obxectivos:

- Proporcionar a información básica a través da adquisición dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para empregar a Interpretación do Patrimonio Arqueolóxico como ferramenta de comunicación co fin de achegar una información temática, organizada, relevante e amena ao público que visita os espazos con valor patrimonial arqueolóxico no seu ocio e que fomente neles o desenvolvemento de actitudes de aprecio e custodia polo patrimonio presentado.
- Coñecer a orixe e o sentido da Interpretación do Patrimonio Arqueolóxico como disciplina e como base para o desenvolvemento da profesión.

- Valorar os fundamentos teóricos da Interpretación do Patrimonio Arqueolóxico como instrumento de comunicación.
- Apreciar a interpretación do Patrimonio Arqueolóxico como ferramenta eficaz para a conservación do mesmo.
- Desenvolver intervencións con guións temáticos que xeren una atracción e manteñan a atención da audiencia.
- Crear conexións intelectuais e emocionais entre a audiencia e o recurso.
- Crear mensaxes que poidan xerar actitudes de respecto cara ao recurso.

3. Público obxectivo

A formación vai dirixida a todas as persoas que desexen ampliar a súa formación no ámbito de turismo ou iniciarse no coñecemento e no uso efectivo da disciplina da Interpretación de Patrimonio Arqueolóxico:

- Xestores de uso público de espazos con interese patrimonial arqueolóxico
- Persoas pertencentes ao ámbito do turismo
- Guías intérpretes
- Educadores ambientais
- Informadores turísticos
- Educadores en xeral (educación formal e non formal)
- Axentes de dinamización do territorio

En definitiva, este curso está dirixido a aquelas persoas que desexen coñecer e empregar de xeito eficaz a valiosa ferramenta de comunicación e de xestión que é a Interpretación de Patrimonio Arqueolóxico.

4. Programa da acción formativa

Primeira sesión

Evolución do patrimonio arqueolóxico ao longo dos tempos

1 Introdución; que é a arqueoloxía?
2 Evolución do concepto de patrimonio arqueolóxico
3 O patrimonio arqueolóxico español
4 O patrimonio arqueolóxico galego

Duración estimada: 3 horas

Segunda sesión

Os museos como espazos de observación e aprendizaxe

1 Introdución á visita do Centro Arqueolóxico de O Barbanza
2 Visita ao Centro Arqueolóxico de O Barbanza

Duración estimada: 4 horas

Terceira sesión

Interpretación do patrimonio arqueolóxico

1 Aproximación ao concepto de interpretación
2 Concepto actual da interpretación
3 A planificación na interpretación de patrimonio

Duración estimada: 3 horas

Cuarta sesión

Interpretación do patrimonio arqueolóxico

1 Amplo achegamento á interpretación de patrimonio arqueolóxico
2 Ferramentas e técnicas de comunicación interpretativas
3 Medios e soportes interpretativos

Duración estimada: 3 hora

Quinta sesión

Deseño de textos interpretativos e itinerarios

1 Tipos de público
2 Deseño de textos interpretativos de patrimonio arqueolóxico
2 Deseño de posíbeis itinerarios de interpretación de patrimonio arqueolóxico

Duración estimada: 5 horas

Sexta sesión

Visita ao Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro en Pontevedra

1 Investigación previa e análise do Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro a través da súa páxina web
2 Visita ao Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro

Duración estimada: 5 horas

Sétima sesión

Visita nocturna aos petróglifos de Villestro

1 Previa investigación dos petróglifos da zona
2 Visita nocturna aos petróglifos de Villestro

Duración estimada: 4 horas

Oitava sesión

Casos prácticos na aula

1 Creación de textos interpretativos sobre un itinerario de patrimonio arqueolóxico a escoller ou crear polo alumno para un determinado tipo de público

Duración estimada: 3 horas

Novena sesión

Actividade final

1 Exposición do discurso na aula (apoio visual) para o resto do alumnado ("público")
2 Críticas construtivas das exposicións para mellora da aprendizaxe

Duración estimada: 5 horas

Anexo 4

■ Proposta de ruta cultural

NOME: Ruta Circular diúrna Petróglifos do Val de Roxos (Monte San Miguel)

RESUMO: No monte de San Miguel, entre os lugares de Fraíz e Portela, na zona coñecida como Devesa da Rula, en honor á asociación que redescubriu dita estación, concéntrase máis de vinte laxes con gravados prehistóricos. A tipoloxía común dos gravados consta de combinacións circulares, labirintos, espirais, coviñas, esvásticas, cuadrángulos, antropomorfos, zoomorfos. Distínguense dous grupos de temas: os motivos simplemente xeométricos, e os motivos naturais, non fieis nin exactos, pero polo menos poden ser identificados como cuadrúpedes ou figuras humanas. No Val de Roxos o deseño e temática dos petróglifos, é de carácter xeométrica non figurativa, na súa inmensa maioría. Representan a maior concentración de gravados na rocha da comarca de Compostela, tendo sido obxecto dos primeiros achados e referencias de petróglifos da comarca plasmados nos magníficos debuxos de don Enrique Campo Sobrino en 1909.

Salvo o petróglifo do Rexio, que xa esta catalogado por patrimonio, os nomes, datación e demais características dos gravados do resto de laxes foron propostos polo Colectivo A Rula, asociación cultural que ven facendo unha encomiable labor de divulgación e posta en valor da arte rupestre neste territorio.

Inicio e fin do percorrido circular: A Ponte Brea na Portela Villestro.

Distancia: 2,6 km

Duración: 1:30 horas

Dificultade: Media-baixa

Aparcadoiro: Campo de Fútbol Villestro

Recomendacións:

Calzado axeitado, roupa cómoda e auga.

Visitar Centro Interpretación Villestro CIVI

Enlace Ruta wikiloc ecotursantiago

Shttp://es.wikiloc.com/wikiloc/spatialArtifacts.do?event=setCurrentSpatialArtifact&id=8651533

Parada 1. Petróglifo San Miguel

Compre sinalar a excepcionalidade desta laxe por ser irregular con grande cantidade de coviñas. O deseño dos gravados encádrase dentro do grupo de motivos xeométricos. Obsérvase unha alineación de coviñas, e unha cruz bastante visible nun costado do laxe. Ten 46 coviñas

Cronoloxía: prehistoria

Parada 2. Petróglifos Devesa da Rula I e II

Devesa da Rula I: Laxe bastante perceptible de dia e moi interesante con luz nocturna. Motivos xeométricos. Dobre aliñamento de coviñas, combinacións circulares, motivos circulares, coviñas exentas.

Devesa da Rula II: Laxe bastante perceptible de dia e moi interesante con luz nocturna. Emociona pola riqueza dos gravados. Motivos xeométricos. Combinacións circulares, posible antropomorfo, motivos rectangulares, coviñas exentas. Cronoloxía: prehistoria.

Parada 3. Petróglifos Devesa da Rula IV e VI

Devesa da Rula IV: Aconséllase a visita nocturna. Gravado erosionado pola acción do tempo, e pola acción dos incendios forestais Clasifícase como grupo xeométrico. Catro coviñas agrupadas formando un cadrado, combinacións circulares, formas rectangulares divididas en dous cadrados, algún con coviña central, forma rectangular con esquinas redondeadas e coviña central. Cronoloxía: prehistoria

Devesa da Rula VI**:** Clasifícase como grupo xeométrico Cronoloxía: prehistoria. Primeiro reticulado de 5 por 2 cadrados, cun semicírculo no extremo inferior esquerdo. Segundo reticulado en forma de L, parte superior doce cadrados, parte inferior un cadrado. Ambos reticulados unidos por un suco.

Parada 4. Petróglifo Os Cortellos I

Conxunto de cinco coviñas na zona superior e outras cinco na zona inferior. Combinación circular con tres coviñas centrais e conxunto de sete coviñas agrupadas.

Parada 5. Petróglifo Os Cortellos II

Laxe con círculo sinxelo con coviña central.

Parada 6. Miradoiro de San Miguel Os Cortellos

Dende este miradoiro podemos contemplar una ampla vista panorámica de todo o Val de Roxos, ao Pico Sacro e á cidade de Santiago. Un momento para descansar, para deixar a mente libre e viaxar no tempo. En noites despexadas a visión do ceo é espectacular contemplando astros e estrelas imaxinándonos como sería a visión dos nosos antepasados no Val de Roxos e o seu legado no tempo a través dos gravados nas rochas.

Parada 7. Observación de aves

Dende o miradoiro de San Miguel baixamos polo camiño vello de Fraíz a Portela entre carballeiras e outras árbores autóctonas de Galicia. Atopándonos no camiño con rochas de seixo branco de gran beleza. Á metade de camiño atopamos un piñeiro con niños de peto no que aniñan, escóitase e vese a variedade de aves da contorna. Temos a posibilidade de facer fotos artísticas. Seguimos a baixada cara a seguinte parada e para elo temos que coller dúas bifurcacións; a primeira á esquerda e a segunda á dereita camiño do Agro do Campo.

Parada 8. Petróglifo Agro do Campo I-II

Clasifícase como grupo xeométrico Cronoloxía: prehistórica e histórica**.** Unha das laxes ten dúas coviñas e un cruciforme e a outra cinco coviñas. Laxe bastante modificada pola acción do tempo, traballos agrícolas, paso de rutas de bicicletas.

Parada 9. Petróglifo O Rexio (GA15078007)

É o único petróglifo catalogado da estación de petróglifos de Monte San Miguel situado a menos de douscentos metros dos novos xacementos ao pé do Camiño de Santiago. As gravados atópanse sobre dous afloramentos contiguos. Na situada máis ao S hai unha combinación circular de dous círculos concéntricos e dous apéndices radiais con cazoleta central. Entre o primeiro e o segundo circulo hai 5 cazoletas. No estremo S deste afloramento existe unha combinación circular cun so círculo incompleto e cazoleta central. Sobre o resto da superficie localízanse un mínimo de 29 cazoletas.

Parada 10. Petróglifo Manuel Romero. A zona Os Valados

Rematamos a ruta nun dos achádeos máis recentes da estación. Leva o nome en honor a Manuel Romero, veciño da parroquia comprometido coa labor do coidado e divulgación do patrimonio arqueolóxico, realizou varios achádegos de laxes en toda a parroquia de Villestro. Gravado situado sobre unha laxe irregular de gran tamaño, a unha altura media por debaixo da normalidade dos petróglifos da estación. De temática xeométrica, destacan polos círculos concéntricos.

A ter en conta:

Recomendamos que a mellor hora para observar e contemplar os gravados rupestres ao aire libre é ao final do dia cando os raios de sol caen oblicuamente nas rochas de granito. A visión nocturna é a máis completa acompañada de luz artificial tenue e rasante sobre a rocha.

Temos que ter en conta cando nos achegamos á observacións dos petróglifos ao aire libre que se sitúan nun espazo que sufriu diversas transformacións agrícolas e forestais ao longo do tempo, engadindo a erosión, a escorrenta das augas e a acción dos incendios forestais que inflúen grandemente ao seu deterioro.

Informar así mesmo de que nesta parroquia existen outros petróglifos catalogados, seis en total, e outros non catalogados en diversos puntos da zona, contribuíndo cuantitativamente á riqueza arqueolóxica da zona. Máis información **www.centrointerpretacionvillestro.org**

Bibliografía

Abal Silva, Xulio e Ariazaga Castro R. (2007): ***Petróglifos e outras prehistorias***. Cadernos de arqueoloxía marinense (1). Concello de Marín.

Alonso Romero, Fernando (1993): *O camiño de Fisterra*, Vigo, Edicións Xerais.

(1995): "A peregrinaxe xacobea ata Fisterra", en A. Fraguas Fraguas, X.A. Fidalgo Santamariña e X.M. González Reboredo (coords.), *Romarías e peregrinacións. Actas do Simposio de Antropoloxía*, ***Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.***

Aparicio Casado, Buenaventura (1999): *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*, Edicións do Castro, Sada.

Aparicio Casado, Buenaventura, Fernando Carrera Ramírez y A de la Peña Santos (2013): ***Arte rupestre en Galicia***, Pontevedra, Edicións do Cumio.

Área de Arqueología e Prehistoria del Departamento de Historia, 1 Universidade de Santiago (1987): ***Catalogación de Yacimientos Prerromanos del ayuntamiento de Santiago***, Santiago de Compsotela, Xunta de Galicia Consellería de cultura e Benestar Social e do Patrimonio Histórico-Artístico. Servizo de Arqueoloxía.

Ares Vázquez, Nicandro (2011): *Estudos de toponimia galega, I y II*, A Coruña, RAG.

Balboa Salgado, Antonio (2004): *A raíña Lupa: as orixes pagás de Santiago*, Santiago de Compostela, Lóstrego.

Cabeza Quiles, Fernando (2000): *Os nomes da terra. Topónimos Galegos*, Toxosoutos, Noia.

(2008): *Toponimia de Galicia, Guías AZ*, Galaxia, Vigo.

Carmona Badía, Xoán e Mª Teresa Fernández Vázquez (2003): *A Compostela industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*, Consorcio de Santiago de Compostela.

Carreras y Candi, Francisco (1929), *Geografía general de Galicia, VI*, Barcelona, Alberto Martín.

Concello de Santiago de Compostela (2008): *Plan Xeral de Ordenación Municipal*.

Cordero del Campillo, Miguel (2008): "Enfermedades en el camino de Santiago" en Diego Conde Gómez, José M. Vázquez Varela (coords.), *Os animais domésticos na historia de Galicia*, tresCtres, Santa Comba, p. [123]-121.

Cousillas Rodríguez, Manuel (2007): "Rasgos célticos en la mitología y el folclore de la Costa da Morte" en ***Pasado y presente de los estudios celtas***., Ortigueira Fundación Ortegalia, Instituto de Estudios Celtas, p. 745-707.

Cre de la ONCE (2013): ***Unidade didáctica. Los Petroglifos.Parque Arqueológico de arte Rupestre en Campo Lameiro***, en http://educacion.once.es/appdocumentos/educa/prod/CREP%20Recursos%20Los%20Petroglifos.pdf.

dehistoria. Historia. Cultura. Patrimonio, s.l.l. (2013): "Fichas de síntesis y documentación: el entorno", en http://rochaforte.info/proxecto/arquivo-tecnico/.

Engroba Cabana, Sonia (2013): "Do rural ao urbano: a Rúa das Hortas de Santiago de Compostela", en *Boletín auriense*, n. 43, p. 183-200.

Ferro Couselo, Xesús (1952): ***Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia***, Ourense, Talleres gráficos de Miguel López Elizalde.

García Alén, Alfredo e Antonio de la Peña Santos (1980): *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*, ***A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.***

Garea Traba, Alicia Eva (coord.): Proxecto de investigación: os petróglifos de Ames.

Gayoso Carrera, Gonzalo (1965): "La fabricación de papel en Galicia del siglo XVIII a nuestros días", en http://www.ahhp.es/documentacion/publicaciones/GONZALO%20GAYOSO%20CARREIRA/n4%20abril%201965%20pp.193-223%20La%20Fabricaci%C3%B3n%20del%20papel%20en%20Galicia.pdf.

(1975): "Notas complementarias a la Historia del papel en España", julio 1975.

González Reboredo (1995): *Lendas galegas de tradición oral*, Galaxia, Vigo.

(1997): *Guía de festas populares de Galicia*, Galaxia, Vigo.

(2003): *Galicia para soñar, 8. Galicia de lenda*, Hércules de Ediciones, A Coruña.

(2005): *Galicia para soñar, 15. Galicia de conto,* Hércules de Ediciones, A Coruña.

González Pérez, Clodio (2001): *Villestro: "Montes y deesas en común" (1752)*, Villestro.

"Carroucheiras e carroucheiros", en *Irimia*, ano XX, número 593 (25 de decembro de 2000 a 7 de xaneiro de 2001), pp. 10-11.

"Villestro, Santa María", *Gran Enciclopedia Galega*, XXX, 1987.

"Coñece-la historia de Fonte Nova e a Ponte Abrea de Villestro", *El Correo Gallego*, 12/7/1998.

"Villestro: o auténtico parque natural do Pego", *El Correo Gallego*, 20/9/1998.

"Unha 'acusación' ou testamento do entroido de Mondoñedo de mediados do século XIX", en *Adra*, nº 5. 2010.

Grupo IDEGA-Universidade de Santiago de Compostela: "Propiedad comunal y desarrollo rural: los montes de vecinos en Galicia", V Simposio sobre Cooperativismo y Desarrollo Rural, novembro 2010, en http://www.researchgate.net/publication/267332503_Propiedad_comunal_y_desarrollo_rural_los_montes_de_vecinos_en_Galicia.

Iglesias Ortega, Arturo (2010): *El cabildo catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica*. USC, memoria para optar ao grado de doutor.

Izquierdo Zamora, Áurea, Mª Angeles Lancharro, José María Pérez Iglesia e, Piedad Villanuena Ortiz: ***Los petroglifos Gallegos,*** Licenciatura en Historia- Universidad de Alcalá de Henares, en http://www.academia.edu/4379591/Los_Petroglifos_Gallegos_estado_de_la_cuesti%C3%B3n.

Laredo Cordonié, José (2003): "Os cruceiros ó pé do Camiño: a ruta de peregrinaxe de Santiago a Fisterra e Muxía", en *Libredón*, nº 10, pp. 30-33.

Lema, Juan e Alberto Vilariño (2009): *Concello de Conxo (1836-1925). Unha historia esquecida*, Asociación Amigos de Conxo.

Llinares García, Mar (1990): *Os mouros no imaxinario popular galego*, Universidade, Santiago de Compostela.

López Alsina, Fernando (2013): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago e USC.

(1999): "Parroquias y diócesis: el Obispado de Santiago de Compostela", en J.A. García de Cortázar (ed.), *Del Cantábrico al Duero: trece estudios sobre la organización social des espacio en los siglos VIII a XIII,* ***Santander, Universidad de Cantabria, pp. 263-312.***

López Carreira, Anselmo (2013): ***Historia de Galicia***, Vigo, Edicións Xerais.

López Díaz, Xosé (2013): *Códice Calixtino: O Liber Sancti Iacobi en galego*, ***Xunta de Galicia: S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Santiago de Compostela.***

Núñez Sobrino, Ángel (2006): "Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza (1915-1959): el trayecto vocacional de un arqueólogo", en ***Pontevedra***, 21, p. 11-34.

Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación (2009): *Santiago de Compostela. A cerca da cidade*, Concellaría da Cidade Histórica e Rehabilitación de Santiago de Compostela.

Pallares Méndez, Mª del Carmen (1993): ***A vida das mulleres na Galicia Medieval (1100-1500)***, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións da Universidade.

Peña Santos, Antonio de la (1979): "Notas para una revisión de los grabados rupestres de O Castriño en Conxo, Santiago de Compostela", en *Museo de Pontevedra*, T. 35, p. 71-100.

(1983-1984): "La investigación del arte rupestre en Galicia: estado actual e perpectivas de futuro", en *Portugalia-Nova Série, IV-V*, Porto, Instituto de Arqueologia da Facultade de Lêtras, p. 83-88.

(1999): ***Os petroglifos galegos***, Vigo, A Nosa Terra.

Peña Santos, Antonio de la e J.M. Vázquez Varela (1992): ***Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres Prehistóricos al Aire libre en Galicia***, Sada, Edicións do Castro.

Peña Santos, Antonio de la, F. J. Costas Goberna e J. M. Rey García (1994): "El arte rupestre en Campo Lameiro", Pontevedra, Xunta de Galicia.

Pernas Oroza, Herminia (2002): "A outra cara da moeda: a prostitución como medio de vida" en ***Esquecidas pola historia: as mulleres compostelás entre finais do século XIX e o primeiro tercio do XX,*** Santiago de Compostela, Concello e Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Pombo Rodríguez, Antón (1999): *Camino de Fisterra-Muxía*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.

(coord.) (2001): *V Congreso Internacional de Asociacións Xacobeas: Cee (Fisterra), 9-12 de outubro de 1999*, ***A Coruña, Deputación Provincial.***

(2003): *Prolongación xacobea a Fisterra e Muxía: guía práctica do peregrino*, Asociación Galega Amigos do Camiño de Santiago.

Pombo Rodríguez, Antón, Xan Fernández Carrera e Xosé Manuel Yánez (2000): *O camiño dos peregrinos á fin do mundo: a prolongación xacobea a Fisterra e Muxía*, A Coruña, Deputación Provincial.

Portela Silva, Ermelindo (ed.) (2003): *Historia de la ciudad de Santiago de Compostela*, Consorcio de Santiago e Universidade de Santiago de Compostela.

Rey Castelao, Ofelia (2012): La lucha por el agua en el país de la lluvia (Galicia, siglos XVI-XIX), en ***Vínculos de Historia***, n. 1, pp. 45-72.

Rey García, José Manuel, Alberto Redondo Porto, Auxiliadora Suárez López: "El Parque Arqueolóxico del Arte Rupestre (campo lameiro, Pontevedra): desarrollo conceptual y museológico" en ***Actas do IV Congreso Internacional sobre Musealización de Xacementos Arqueolóxicos***.

Rodríguez, Manuel (2006): ***Camino de Fisterra-Muxía***, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Turismo, S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Santos Estévez, Manuel (2008): ***Petroglifos y paisaje social en la prehistoria reciente del noroeste de la Península Ibérica***. TAPA, 38, Santiago de Compostela, Laboratorio de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, Xunta de Galicia.

Sobrino Buhigas, Ramón (1935): ***Corpus petroglyphorum Gallaecia***, Santiago de Compostela, Seminario de Estudios Galegos.

Sobrino Lorenzo, Ramón (1947): "El petroglifo de Oca en Ames [Coruña]" en *Boletín da Real Academia Galega* nº 294-296

Sociedad Hijos de Villestro y Laraño (1914): *Reglamento de la Sociedad Hijos de Villestro y Laraño: Sociedad de Instrucción*, La Habana, Imp. El Score.

Teira Brión, Andres (2003): "Os traballos agrarios e as ferramentas empregadas na cultura Castrexa" en ***Gallaecia*** 22, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago, p. 157-192.

Vázquez Varela, J.M (1990), ***Petroglifos de Galicia***, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.

Vicente López, Simón e Julio Prado Seijas (2010): *Compostela, una historia entretenida. Atlas histórico ilustrado de la ciudad de Santiago*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

Vilar Álvarez, Manuel (2010): ""Melloras" no Camiño de Fisterra e Muxía, ou de camiño á pista", en *Libredón: boletín da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago*, nº 23/24, pp. 40-42.

(2010): *El camino al fin de la tierra*, Asociación Cámaras Oficiales de Comercio, Industria. Navegación de los Caminos Jacobeos

RECURSOS WEB
https://twitter.com/petroglifosorg
http://botons.eu/category/actualidade/
http://onosopatrimonio.blogspot.com.es/2011/07/petroglifos-de-galiza-ii.html
http://www.galiciaconfidencial.com/nova/.html, *Vinte novos petróglifos descubertos en Santiago de Compostela*.
http://intrahistoria.com/los-petroglifos-galaicos/
http://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2012/08/24/guias-turisticas-ignoran-doce-petroglifos-compostela/0003_201208S24C2991.htm
http://historicodigital.com/los-sistemas-de-datacion-en-arqueologia.html
http://es.wikiloc.com/wikiloc/user.do?id=830337
http://gentalha.org/?s=PETROGLIFOS
https://colectivoarula.wordpress.com/
http://anosahistoria.blogspot.com.es/2010/02/dende-ultima-glaciacion-de-wurm-90.html
https://www.youtube.com/watch?v=Ck2V9NgCBV0. El camino de Santiago, el primitivo
http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/03reinas-santas_resize_2200.jpg Exposición, Elas Fixeron Camiño. Xacobeo 2010.Xunta de Galicia
ARCHIVO
Archivo Histórico *Diocesano* en Santiago de Compostela



Obradoiro de Emprego
ECOTUR SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO